



Concello de Vigo

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 22 de setembro de 2023 (1546/1102)**

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D^a Elena Espinosa Mangana
D. Carlos López Font
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D. Angel Rivas González
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a M^a José Caride Estévez

Na Casa do Concello de Vigo, ás horas do día vinte e dous de setembro de dous mil vinte e tres e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Calviño, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Goberno Local, Sra. Gallardo Fariña, e o interventor xeral, Sr. Escariz Couso.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(785).- APROBACIÓN ACTAS. Apróbase a acta da sesión ordinaria do 15 de setembro de 2023 . Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2(786).- DECLARAR DESERTO O PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE "ADECUACIÓN DO PROXECTO DE REFORMA DO MERCADO DE TEIS Á LIÑA DE AXUDA NO MARCO DO PRTR" (PLAN DE RECUPERACIÓN TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA –FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA– NEXT GENERATIONEU). EXPTE. 1709/441.

Dáse conta da proposta da Mesa de Contratación realizada o 14/09/2023, que di o seguinte:

b) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Adecuación do proxecto de reforma do mercado de Teis á liña de axuda no marco do PRTR" (Plan

de Recuperación Transformación e resiliencia -financiado pola unión europea- NEXT GENERATIONEU) (1709-441)

A secretaria comunica que segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral non se presentou ningunha proposición a esta licitación dentro do prazo de presentación que remataba o 12 de setembro.

En base ao anterior, a Mesa acorda, por unanimidade, formular a seguinte proposta ao órgano de contratación:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares do procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Adecuación do proxecto de reforma do mercado de Teis á liña de axuda no marco do PRTR" (Plan de Recuperación Transformación e resiliencia -financiado pola unión europea- NEXT GENERATIONEU) (1709-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 4 de agosto de 2023 a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente para a contratación, por procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Adecuación do proxecto de reforma do mercado de Teis á liña de axuda no marco do PRTR" (Plan de Recuperación Transformación e resiliencia -financiado pola unión europea- NEXT GENERATIONEU) (1709-441).

Segundo.- A licitación foi obxecto de publicación no perfil de contratante o 17 de agosto de 2023, rematando o prazo de presentación de ofertas o 12 de setembro.

Terceiro.- Segundo consta no listado de licitadores da Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral de data 13 de setembro de 2023, non se presentou ningunha proposición para esta licitación.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A Mesa de Contratación é competente para propoñer deserta a licitación, ao abeiro do previsto no artigo 22.1g do Real Decreto 817/2009, no que se regulan as funcións das Mesas de Contratación.



Concello de Vigo

Dado que non se presentou ningunha proposición neste procedemento, tal e como consta no listado de licitadores da Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral de data 13 de setembro de 2023, cómpre declarar deserta esta licitación.

Á vista do exposto, propónse a Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional segunda da LCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Declarar deserto o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Adecuación do proxecto de reforma do mercado de Teis á liña de axuda no marco do PRTR" (Plan de Recuperación Transformación e resiliencia -financiado pola unión europea- NEXT GENERATIONEU) (1709-441) por non terse presentado ningunha proposición”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida na precedente proposta.

3(787).- DECLARAR DESERTO O LOTE 6 DO PROCEDEMENTO PARA CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE EQUIPAMENTOS DEPORTIVOS PARA AS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS. EXPTE. 22853/333.

Dáse conta da proposta da Mesa de Contratación realizada o 14/09/2023, que di o seguinte:

a) Procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de equipamentos deportivos para as instalacións deportivas municipais (22853-333)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta ás membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con eles. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación procédese, en acto público, á descrición dos documentos que compoñen o sobre B (documentación persoal e proposición avaliable mediante fórmula) co seguinte resultado:

LOTE 1

	Licitador	Prezo ofertado (sen IVE)	Incremento prazo de garantía
1	CINETRONICA, S.L.	20.529,27 €	0 meses
2	MEDULIO SERVICIOS Y OBRAS, S.L.	20.461,16 €	12 meses
3	PUNTODEPORTE ASESORES, S.L.	19.500,00 €	36 meses

LOTE 2

	Licitador	Prezo ofertado (sen IVE)	Incremento prazo de garantía
1	PUNTODEPORTE ASESORES, S.L.	11.921,63 €	96 meses

LOTE 3

	Licitador	Prezo ofertado (sen IVE)	Incremento prazo de garantía
1	PUNTODEPORTE ASESORES, S.L.	7.500,00 €	96 meses

LOTE 4

	Licitador	Prezo ofertado (sen IVE)	Incremento prazo de garantía
1	MOYPE SPORT, S.A.	753,30 €	6 meses
2	PUNTODEPORTE ASESORES, S.L.	1.025,00 €	6 meses

LOTE 5

	Licitador	Prezo ofertado (sen IVE)	Incremento prazo de garantía
1	MOYPE SPORT, S.A.	12.382,28 €	6 meses
2	PUNTODEPORTE ASESORES, S.L.	13.599,00 €	36 meses

Asiste á apertura:

1.- D. Raúl Xosé Sánchez Pujalte, en representación de MEDULIO SERVICIOS Y OBRAS, S.L.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", e acórdase, por unanimidade admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:

1. CINETRONICA, S.L. (Lote 1)
2. Medulio Servicios y Obras, S.L. (Lote 1)
3. MOYPE SPORT, S.A. (Lotes 4 e 5)
4. PUNTODEPORTE ASESORES, S.L. (Lotes 1, 2, 3, 4 e 5)



Concello de Vigo

A Mesa acorda, por unanimidade, solicitar informe ao servizo xestor de valoración da proposición avaliable mediante fórmula.

A continuación, a secretaria comunica que segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral non se presentou ningunha proposición a esta licitación para o Lote 6 dentro do prazo de presentación que remataba o 8 de setembro.

En base ao anterior, a Mesa acorda, por unanimidade, formular a seguinte proposta ao órgano de contratación:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares do procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de equipamentos deportivos para as instalacións deportivas municipais (22853-333)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 11 de agosto de 2023 a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente para a contratación, por procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de equipamentos deportivos para as instalacións deportivas municipais (22853-333).

Segundo.- A licitación foi obxecto de publicación no perfil de contratante o 18 de agosto de 2023, rematando o prazo de presentación de ofertas o 8 de setembro.

Terceiro.- A Mesa de contratación, na sesión que tivo lugar o 14 de setembro de 2023, comprobou que non hai licitadores presentados a este procedemento para o Lote 6 "Altofalantes subacuáticos e equipos de son autónomos", segundo consta no listado de licitadores da Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral de data 12 de setembro de 2023.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A Mesa de Contratación é competente para propoñer deserta a licitación, ao abeiro do previsto no artigo 22.1g do Real Decreto 817/2009, no que se regulan as funcións das Mesas de Contratación.

Dado que non se presentou ningunha proposición neste procedemento para o Lote 6 “Altofalantes subacuáticos e equipos de son autónomos”, cómpre declarar deserto o mesmo.

Á vista do exposto, propónse a Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional segunda da LCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Declarar deserto o Lote 6 “Altofalantes subacuáticos e equipos de son autónomos” do procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de equipamentos deportivos para as instalacións deportivas municipais (22853-333) por non terse presentado ningunha proposición, tal e como consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(788).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE SEGURIDADE E VIXILANCIA EN CEDRO E CMSS (CENTROS MUNICIPAIS DE SERVIZOS SOCIAIS). EXPTE. 2926/315.

Visto o informe de fiscalización de data 19/09/2023, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación realizada o 14/09/2023, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

b) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de seguridade e vixilancia en CEDRO e CMSS (2926-315)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011



Concello de Vigo

- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación dos servizos de seguridade e vixilancia en CEDRO e CMSS (2926-315)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 3 de marzo de 2023 a Xunta de Goberno local, acordou:

“PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación, por procedemento aberto, relativo ó «CONTRATO DE SERVICIOS DE SEGURIDADE E VIXILANCIA EN CEDRO E NOS CENTROS MUNICIPAIS DE SERVICIOS SOCIAIS (CMSS) DE BENESTAR SOCIAL», que inclúe a xustificación da necesidade do contrato, as Memorias xustificativa e económica (trámites núms. 91 e 48), o Prego de Prescricións Técnicas (trámite n.º 39), o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, do 17.02.2023 (trámite n.º 95, os documentos económicos emitidos polo Servizo de Contabilidade (trámites núms. 32 e 34) e a demais documentación esixida pola normativa de contratos do sector público.

SEGUNDO.- Aprobar o gasto derivado deste contrato (316.289,16 €, IVE incl.), que se imputará á aplicación orzamentaria nº 3112.227.01.00 - “Contratación servizo seguridade” e a súa bolsa de vinculación, coa seguinte distribución por anualidades:

- 2023: 43.929,05 €.
- 2024: 105.429,72 €.
- 2025: 105.429,72 €.
- 2026: 61.500,67 €.

TERCEIRO.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación na forma legalmente prevista.”

Segundo.- En data 19 de xuño de 2023, Javier Zamora Barrios, en nome e representación de EULEN SEGURIDAD, S.A. (documento nº 230170370), interpón recurso especial en materia de contratación ante o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL) contra o acordo de exclusión e de declaración de deserta desta contratación.

Terceiro.- En data 29 de xuño de 2023, D. Horacio Juan Reyes Crespo, actuando en nome e representación de SEGURSYSTEM EUROPA, S.L.U. (en adiante, SEGURSYSTEM ou o recorrente) interpón recurso especial en materia de contratación ante o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL) contra o acordo de exclusión e de declaración de deserta desta contratación.

Cuarto.- A Xunta de Goberno local, na sesión do 11 de agosto de 2023, adoptou os seguintes acordos en relación aos recursos presentados por EULEN SEGURIDAD, S.A. e SEGURSYSTEM EUROPA, S.L.U.:

Por un lado,

"1º.- Tomar razón da Resolución nº 135/2023 Do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL), recaída no recurso nº 121/2023, interposto por EULEN SEGURIDAD SA contra os acordos de exclusión e de declaración de deserta da contratación dos servizos de vixilancia e seguridade nas instalacións de CEDRO e nos CMSS de Benestar Social de Coia, Rivera Atienza, Teis e Casco Vello. No caso de CEDRO, inclúe tamén o mantemento do sistema de seguridade antiintrusión e antiincendios, expediente 2926-315 do Concello de Vigo. Na mesma o TACGAL estima o recurso.

Faise constar que a Xunta de Goberno, na sesión do 30 de xuño de 2023, acordou aprobar o informe asinado pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos e a concelleira delegada no que se propoñía no fundamento xurídico V "Á vista do exposto polo recorrente, procede allanarse a súa pretensión, e solicitar que o Tribunal acorde a retroacción do procedemento para deixar sen efecto o acordo de exclusión do licitador e a declaración de deserto do procedemento".

A exclusión do recorrente debeuse á inscrición no ROLECE dunha prohibición de contratar que foi recorrida e solicitada mediada cautelar de suspensión ante a Sala de lo Contencioso de la Audiencia Nacional. Por Decreto de 10 de maio de 2023 da Sección Sétima da Sala de lo Contencioso-Administrativo de la Audiencia Nacional (P.O. 639/2023), admitiuse a trámite o recurso e se ordenou a constitución de peza separada para acordar a medida cautelar solicitada. Esta medida cautelar foi deixada sen efecto por Auto da Sección 7 da Audiencia Nacional, de 8 de xuño de 2023.

Transcríbese a continuación o acordo:

- 1. Estimar o recurso interposto por EULEN SEGURIDAD SA contra os acordos de exclusión e de declaración de deserta a contratación dos servizos de vixilancia e seguridade nas instalacións de CEDRO e nos CMSS de Benestar Social de Coia, RiveraAtienza, Teis e Casco Vello. No caso de CEDRO, inclúe tamén o mantemento do sistema de seguridade antiintrusión e antiincendios, expediente 2926-315 do Concello de Vigo.*
- 2. Levantar a suspensión acordada no seu día.*
- 3. Ao abeiro do artigo 57.4 LCSP, o órgano de contratación deberá dar coñecemento a este Tribunal das actuacións adoptadas para lle dar cumprimento a esta resolución.*

2º.- Dar traslado do expediente ás Áreas de Benestar Social e Contratación aos efectos da anulación da exclusión do recorrente, que deberá ser reintegrado ao procedemento de licitación, e asemade, da anulación do acordo que declarou deserta a dita contratación, tendo en conta a resolución 135/2023 Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia."



Concello de Vigo

Por outro lado,

“1º.- Tomar razón da Resolución nº 136/2023 Do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL), recaída no recurso nº 124/2023, interposto por SEGURSYSTEM EUROPA SLU contra os acordos de exclusión e de declaración de deserta da contratación dos servizos de vixilancia e seguridade nas instalacións de CEDRO e nos CMSS de Benestar Social de Coia, Rivera Atienza, Teis e Casco Vello. No caso de CEDRO, inclúe tamén o mantemento do sistema de seguridade antiintrusión e antiincendios, expediente 2926-315 do Concello de Vigo. Na mesma o TACGAL estima o recurso.

A exclusión foi acordada na sesión da Mesa de Contratación do 1 de xuño de 2023 “por entender que o licitador recoñece que a súa oferta adoece dun erro que a fai inviable (suposto recollido no artigo 84 do RXLCAP e na cláusula 14.2c) do PCAP”.

O TACGAL entende que “semella claro que cabería deducir da oferta presentada que o importe recollido na oferta viña referido a unha anualidade, e así se confirmou polo propio licitador en escrito posterior presentado ante a mesa de contratación. Sendo así, cabe entender que nos atopamos ante un mero erro que non impide o correcto coñecemento da vontade do licitador, polo que sería admisible a súa aclaración, sen que esta determinase a súa exclusión”.

Transcríbese a continuación o acordo:

1. Estimar o recurso interposto por SEGURSYSTEM EUROPA SLU contra os acordos de exclusión e de declaración de deserta a contratación dos servizos de vixilancia e seguridade nas instalacións de CEDRO e nos CMSS de Benestar Social de Coia, RiveraAtienza, Teis e Casco Vello. No caso de CEDRO, inclúe tamén o mantemento do sistema de seguridade antiintrusión e antiincendios, expediente 2926-315 do Concello de Vigo.

2. Ao abeiro do artigo 57.4 LCSP, o órgano de contratación deberá dar coñecemento a este Tribunal das actuacións adoptadas para lle dar cumprimento a esta resolución.

2º.- Dar traslado do expediente ás Áreas de Benestar Social e Contratación aos efectos da anulación da exclusión do recorrente e do acordo de declaración de deserta da licitación, tendo en conta a resolución 136/2023 Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia.”

Quinto.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), o 24 de agosto de 2023 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adjudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos de seguridade e vixilancia en CEDRO e CMSS (2.926-315) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitador	Puntuación total
1	SEGURSYSTEM EUROPA, S.L.U.	75,75 puntos
2	EULEN SEGURIDAD, S.A.	54,74 puntos

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, SEGURSYSTEM EUROPA, S.L.U. (B-36.562.429), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que deberán acreditar a habilitación profesional esixida no apartado 5G do Anexo I -FEC- do PCAP.
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Sexto.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, SEGURSYSTEM EUROPA, S.L.U., o día 25 de agosto de 2023, que presenta a documentación requirida o 30 de agosto de 2023, dentro do prazo concedido.

A Mesa de Contratación na sesión do 1 de setembro de 2023 acordou conceder un prazo de 3 días ao devandito licitador para que puidesen emendar a documentación presentada e, este, durante o prazo concedido a documentación en data 8 de setembro de 2023.

Sétimo.- A Mesa de Contratación na sesión do 14 de setembro de 2023 revisou a documentación presentada por SEGURSYSTEM EUROPA, S.L.U. Na mesma consta xustificación suficiente e adecuada á normativa existente (Ley 5/2014, de 4 de abril, de Seguridad Privada) en relación á certificación e autorización requiridos polo que, en vista do anterior, a Mesa acorda, por unanimidade das membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar SEGURSYSTEM EUROPA, S.L.U., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.



Concello de Vigo

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por SEGURSYSTEM EUROPA, S.L.U., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 21 de abril de 2023 e 17 de agosto de 2023, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

Adxudicar a SEGURSYSTEM EUROPA, S.L.U. o procedemento aberto para a contratación dos servizos de seguridade e vixilancia en CEDRO e CMSS (2926-315) coas seguintes condicións:

- a) *O prezo total do contrato é de 86.301,34 euros anuais (258.904,02 € para os tres (3) anos do contrato), sendo a cota correspondente ao IVE de 14.977,92 euros (44.933,76 € para os tres (3) anos do contrato).*
- b) *Comprométese a incrementar o horario anual en 150 horas sobre o horario establecido no PPTP. Estas horas serán de libre disposición para o Concello e poderán ser utilizadas para atender as necesidades puntuais da Concellería de Política de Benestar Social e respostar ás situacións imprevistas que poidan xurdir nestes servizos de seguridade e vixilancia durante o prazo de execución do contrato.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(789).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO PROGRAMA COEDUCATIVO DIRIXIDO A PROMOVER A CULTURA DA IGUALDADE E FOMENTAR A PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO NO ALUMNADO DE EDUCACIÓN INFANTIL E DE EDUCACIÓN PRIMARIA “CAMIÑA CON NÓS POLA IGUALDADE” . EXPTE. 12131/224.

Visto o informe de fiscalización de data 19/09/2023, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación realizada o 14/09/2023, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

c) Procedemento aberto para a contratación do Programa coeducativo dirixido a promover a cultura da igualdade e fomentar a prevención da violencia de xénero no alumnado de educación infantil e de educación primaria “Camiña con nós pola igualdade” (12131-224)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do Programa coeducativo dirixido a promover a cultura da igualdade e fomentar a prevención da violencia de xénero no alumnado de educación infantil e de educación primaria “Camiña con nós pola igualdade” (12131-224)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 8 de xuño de 2023 a Xunta de Goberno local, acordou:

“Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación, a través do procedemento aberto e tramitación ordinaria con múltiples criterios de valoración, para a xestión do “Programa coeducativo dirixido a promover a cultura da igualdade e fomentar a prevención da violencia de xénero no alumnado de educación infantil e de educación primaria. Camiña con nós pola igualdade”.

Segundo.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares asinado pola técnica de Administración Xeral e pola xefa do Servizo de Contratación o 24 de maio de 2023.

Terceiro.- Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares asinado pola axente de igualdade de oportunidades e pola xefa do Servizo de Igualdade o 29 de marzo de 2023, e conformado na mesma data pola concelleira delegada de Igualdade.



Concello de Vigo

Cuarto.- Autorizar o gasto por importe total de 39.000 € para facer fronte á contratación da xestión do “Programa coeducativo dirixido a promover a cultura da igualdade e fomentar a prevención da violencia de xénero no alumnado de educación infantil e de educación primaria. Camiña con nós pola igualdade”, que se imputará con cargo á aplicación orzamentaria “Plan municipal de Igualdade” 2311 2279906 do orzamento aprobado para o exercicio 2023 da Concellería de Igualdade e do orzamento futuro do exercicio 2024 condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente, desglosado do seguinte xeito: 13.000 € imputaranse ao orzamento do exercicio 2023, e 26.000 € imputarase ao orzamento futuro do exercicio 2024.

Quinto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección da contratista na forma prevista na lexislación vixente.”

Segundo.- O concelleiro delegado da Área de Goberno de Fomento e Servizos (resolución da Alcaldía do 11 de agosto de 2023 e acordo de delegación da Xunta de Goberno local do 22.06.2023), o 24 de agosto de 2023 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Dar conta ao órgano de contratación dos seguintes acordos da Mesa de Contratación:

- Sesión do 13 de xullo de 2023: acórdase non admitir neste procedemento a ASE PSIKÉ, S.L. por non ter emendado en prazo a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos.*
- Sesión do 28 de xullo de 2023: acórdase excluír a NORFORMACIÓN, S.L. por ter presentado a súa proposición do sobre C descifrada antes do momento da súa apertura (motivo de exclusión recollido na cláusula 14.1 do PCAP “A presentación de documentos non encriptados dos que puidese coñecerse o seu contido antes do correspondente acto de apertura dará lugar á non admisión do licitador”).*

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do Programa coeducativo dirixido a promover a cultura da igualdade e fomentar a prevención da violencia de xénero no alumnado de educación infantil e de educación primaria “Camiña con nós pola igualdade” (12.131-224) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitadores	Puntuación total
1	RETNOVA PROXECTIA CONSULTING, S.L.	69,58
2	BEPROJECT CONSULTORIA DE FORMACIÓN Y EMPLEO, S.L.	61,5

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, RETNOVA PROXECTIA CONSULTING, S.L. (B-70.470.737), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*

2. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
3. *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, RETNOVA PROXECTIA CONSULTING, S.L., o día 25 de agosto de 2023, que presenta a documentación requirida o 6 de setembro de 2023, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 14 de setembro de 2023 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar RETNOVA PROXECTIA CONSULTING, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por RETNOVA PROXECTIA CONSULTING, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 2 de agosto de 2023 e 17 de agosto de 2023, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:



Concello de Vigo

1. *“Tomar razón das exclusións dos seguintes acordos da Mesa de Contratación:*
 - *Sesión do 13 de xullo de 2023: acórdase non admitir neste procedemento a ASE PSIKÉ, S.L. por non ter emendado en prazo a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos.*
 - *Sesión do 28 de xullo de 2023: acórdase excluír a NORFORMACIÓN, S.L. por ter presentado a súa proposición do sobre C descifrada antes do momento da súa apertura (motivo de exclusión recollido na cláusula 14.1 do PCAP “A presentación de documentos non encriptados dos que puidese coñecerse o seu contido antes do correspondente acto de apertura dará lugar á non admisión do licitador”).*

2. *Adxudicar a RETNOVA PROXECTIA CONSULTING, S.L. o procedemento aberto para a contratación do Programa coeducativo dirixido a promover a cultura da igualdade e fomentar a prevención da violencia de xénero no alumnado de educación infantil e de educación primaria “Camiña con nós pola igualdade” (12131-224) coas seguintes condicións:*
 - a) *O prezo total do contrato é de 39.000 euros, IVE exento.*
 - b) *A porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario previsto no apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP é do 7,69 %.*
 - c) *Incrementa a experiencia laboral dos medios persoais a adscribir ao contrato, a maiores da esixida no apartado 5F do Anexo I -FEC- do PCAP, en:*
 - *Profesional 1: 250 horas*
 - *Profesional 2: 101 horas*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(790).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DO “PROGRAMA DE SENSIBILIZACIÓN, FORMACIÓN E PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO NA MOCIDADE. ENLAZAVIGO CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO”. EXPTE. 12302/224.

Visto o informe de fiscalización de data 19/09/2023, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación realizada o 14/09/2023, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

g) Procedemento aberto para a contratación dos servizos do “Programa de sensibilización, formación e prevención da violencia de xénero na mocidade. Enlazavigo contra a violencia de xénero (12302-224)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación dos servizos do “Programa de sensibilización, formación e prevención da violencia de xénero na mocidade. Enlazavigo contra a violencia de xénero (12302-224)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 14 de xullo de 2023 a Xunta de Goberno local, acordou:

“Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación, a través do procedemento aberto e tramitación ordinaria con múltiples criterios de valoración, para a xestión do “Programa de sensibilización, formación e prevención da violencia de xénero entre a mocidade. EnlazaVigo contra a violencia de xénero”.

Segundo.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares asinado pola técnica de Administración Xeral e pola xefa do Servizo de Contratación o 22 de xuño de 2023.

Terceiro.- Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares asinado pola axente de igualdade de oportunidades e pola xefa do Servizo de Igualdade o 19 de maio de 2023, e conformado na mesma data pola concelleira delegada de Igualdade.

Cuarto.- Autorizar o gasto por importe total de 28.794,02 € para facer fronte á contratación da xestión do “Programa de sensibilización, formación e prevención da violencia de xénero entre a mocidade. EnlazaVigo contra a violencia de xénero”, que se imputará con cargo á aplicación orzamentaria “Plan municipal de



Concello de Vigo

Igualdade" 2311 2279906 e bolsa de vinculación xurídica do orzamento aprobado para o exercicio 2023 da Concellería de Igualdade.

Quinto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección da contratista na forma prevista na lexislación vixente."

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), o 1 de setembro de 2023 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Tomar razón das exclusións acordadas pola Mesa de Contratación na sesión do 1 de setembro de 2023:

- **FORGAL FORMACIÓN Y CONSULTORÍA, S.L.:** por non acadar o limiar mínimo de puntuación esixido no apartado 7A do Anexo I -FEC- do PCAP ("De conformidade co disposto no artigo 145 da LCSP, establécese un limiar mínimo do 50% para a puntuación que se debe obter (22,5 puntos mínimos), respecto á máxima posible (45 puntos), no criterio "proxecto técnico de actividades", de tal xeito que unha puntuación inferior ao 50% resultará excluínte da licitación").
- **PRISCILA TAMARA RETAMOZO RAMOS (PRISMA IGUALDAD):** polo motivo previsto na cláusula 14.2B do PCAP ("A incorporación a este sobre de información relativa aos criterios que poidan valorarse mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través da aplicación de fórmulas previstas no apartado 7.B da FEC").

Terceiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos do "Programa de sensibilización, formación e prevención da violencia de xénero na mocidade. Enlazavigo contra a violencia de xénero" (12.302-224) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	XERMOLO DINAMIZACIÓN SOCIO-CULTURAL, S.L.	98,75 puntos

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, XERMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L. (B-27.762.681), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares".

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, XERMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L., o día 5 de setembro de 2023, que presenta a documentación requirida o 11 de setembro de 2023, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 14 de setembro de 2023 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar XÉRMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por XÉRMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 29 de agosto de 2023 e acordo adoptado pola Mesa de contratación en sesión de data 1 de setembro de 2023, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. *“Tomar razón das exclusións acordadas pola Mesa de Contratación na sesión do 1 de setembro de 2023:*
 - a) *FORGAL FORMACIÓN Y CONSULTORÍA, S.L.: por non acadar o limiar mínimo de puntuación esixido no apartado 7A do Anexo I -FEC- do PCAP (“De conformidade co disposto no artigo 145 da LCSP, establécese un limiar mínimo do 50% para a puntuación que se debe obter (22,5 puntos mínimos), respecto á máxima posible (45 puntos), no criterio “proxecto técnico de actividades”, de tal xeito que unha puntuación inferior ao 50% resultará excluínte da licitación”).*
 - b) *PRISCILA TAMARA RETAMOZO RAMOS (PRISMA IGUALDAD): polo motivo previsto na cláusula 14.2B do PCAP (“A incorporación a este sobre de información relativa aos criterios que poidan valorarse*



Concello de Vigo

mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través da aplicación de fórmulas previstas no apartado 7.B da FEC”).

2. Adxudicar a XÉRMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L. o procedemento aberto para a contratación dos servizos do “Programa de sensibilización, formación e prevención da violencia de xénero na mocidade. Enlazavigo contra a violencia de xénero (12302-224) coas seguintes condicións:

a) O prezo total do contrato é de 27.987,95 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 4.180,55 euros, e cunha porcentaxe única de desconto a aplicar aos prezos unitarios recollidos no apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP relativo á impartición dos obradoiros formativos dirixidos ao alumnado (parte variable) do 6,86 %:

	Importe C/IVE	IVE
Parte fixa	24.087,95 €	4.180,55 €
Parte variable	3.900,00 €	Exenta
Total	27.987,95 €	4.180,55 €

b) Incrementa a experiencia laboral acreditada da persoa dinamizadora en 3 meses (a maiores dos 3 meses mínimos esixidos), en proxectos de dinamización de grupos xuvenís.

c) Incrementa a experiencia laboral acreditada da persoa formadora en 25 horas (a maiores das 25 horas mínimas esixidas) na impartición á poboación xove de obradoiros/charlas/cursos de promoción da igualdade de xénero e/ou a prevención da violencia de xénero.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(791).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DUN SERVIZO DE PREVENCIÓN ALLEO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE REALIZACIÓN E ACTUALIZACIÓN DE AVALIACIÓNS DE RISCOS PSICOSOCIAIS DO CONCELLO DE VIGO . EXPTE. 40661/220.

Visto o informe de fiscalización de data 19/09/2023, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación realizada o 14/09/2023, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

d) Procedemento aberto para a contratación dun servizo de prevención alleo para a prestación do servizo de realización e actualización de avaliacións de riscos psicosociais do Concello de Vigo (40661-220)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación dun servizo de prevención alleo para a prestación do servizo de realización e actualización de avaliacións de riscos psicosociais do Concello de Vigo (40661-220)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 14 de xullo de 2023 a Xunta de Goberno local, acordou:

"Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación da prestación do servizo de realización e actualización de avaliacións de riscos psicosociais do Concello de Vigo por parte dun Servizo de Prevención Alleo (expediente 40661/220).

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato, elaborado polo Servizo de Contratación con data de sinatura electrónica de 25/05/2023.

Terceiro.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas, elaborado polo Servizo Propio de Prevención de Riscos Laborais - Área de RRHH e Formación, con data de sinatura electrónica de 19/05/2023 e 22/05/2023.

Cuarto.- Autorizar o gasto por un importe de 30.000 euros (exento de IVE) de acordo ás seguintes anualidades:

Ano 2023: 7.500 €

Ano 2024: 15.000 €

Ano 2025: 7.500 €

Para o seu financiamento aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo contemplados na aplicación 920.1.2270601 "Estudo de Plans de avaliación de riscos laborais" do orzamento de gastos do Concello de Vigo.

Quinto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente."

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), o 28 de agosto de 2023 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dun servizo de prevención alleo para a prestación do servizo de realización e actualización de avaliacións de riscos psicosociais do Concello de Vigo (40.661-220) na seguinte orde descendente:



Concello de Vigo

	Licitador	Puntuación total
1	QUIRÓN PREVENCIÓN S.L.U.	100 puntos

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, QUIRÓN PREVENCIÓN S.L.U. (B-64.076.482), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que deberá acreditar a habilitación profesional esixida no apartado 5G do Anexo I -FEC- ("estar acreditado pola administración laboral como Servizos de Prevención Alleo").
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares".

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, QUIRÓN PREVENCIÓN S.L.U., o día 28 de agosto de 2023, que presenta a documentación requirida o 11 de setembro de 2022, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 14 de setembro de 2023 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar QUIRÓN PREVENCIÓN S.L.U., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por QUIRÓN PREVENCIÓN S.L.U., de conformidade co acordo da Mesa de Contratación do 25 de agosto de 2023 polo que se acorda outorgar a este licitador a máxima puntuación ao abeiro do previsto na cláusula 16.3 do PCAP. .

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a QUIRÓN PREVENCIÓN S.L.U. o procedemento aberto para a contratación dun servizo de prevención alleo para a prestación do servizo de realización e actualización de avaliacións de riscos psicosociais do Concello de Vigo (40661-220) coas seguintes condicións:

- a) *O prezo total do contrato é de 30.000,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 5.206,61 euros.*
- b) *A porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario recollido no apartado 3G do Anexo I -FEC do PCAP é do 23,60 %.*
- c) *Incrementa a formación do/a técnico/a para adscribir ao contrato a maiores do esixido no apartado 5F do Anexo I -FEC do PCAP:*
- d) *Posúe titulación universitaria en Psicoloxía*
- e) *Posúe máster en psicoloxía do traballo e das organizacións cunha duración mínima de 60 créditos (600 horas)*
- f) *Ten unha formación complementaria en psicopsicología aplicada e/ou psicoloxía do traballo e das organizacións de 525 horas.*
 - *Postgrado en Estadística y Comportamiento del Consumidor (más de 200 h).*
 - *Master Responsabilidad Social Empresarial (más de 200 h).*
 - *Ciclo Mediación en el Ámbito Civil Mercantil y Familiar, Ámbito Educativo, Ámbito Penal y Comunitario y Justicia Restaurativa - 125 HORAS.*
- g) *Incrementa as avaliacións específicas de riscos psicosociais realizadas polo/a técnico/a para adscribir á execución do contrato nos últimos 7 anos, a maiores do esixido no apartado 5F desta FEC:*
 - *Avaliacións de riscos para colectivos de menos de 100 persoas traballadoras: 10*
 - *Avaliacións de riscos para colectivos de máis de 100 persoas traballadoras: 5*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Concello de Vigo

8(792).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE “HUMANIZACIÓN DA RÚA TEIXUGUEIRAS ENTRE A RÚA LAMELAS E O ACCESO PEONIL O BARRIO DE NAVIA DENDE A VG-20”. EXPTE. 1503/441.

Visto o informe de fiscalización de data 19/09/2023, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación realizada o 14/09/2023, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

e) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de “Humanización da rúa Teixugueiras entre a rúa Lamelas e o acceso peonil o barrio de Navia dende a VG-20” (1503-441)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de “Humanización da rúa Teixugueiras entre a rúa Lamelas e o acceso peonil o barrio de Navia dende a VG-20” (1503-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 25 de maio de 2023 a Xunta de Goberno local, acordou:

“Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de “HUMANIZACIÓN DA RÚA TEIXUGUEIRAS ENTRE A RÚA LAMELAS E O ACCESO PEONIL O BARRIO DE NAVIA DENDE A VG-20”, redactado pola enxeñeira de Camiños, Canles e Portos María Ferreiro Núñez.

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación e a Xefa do Servizo de Contratación de data 19.04.2023.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de DOUS MILLÓNS SETECENTOS DEZ MIL CINCOCENTOS CINCUENTA E DOUS EUROS CON VINTE E TRES CÉNTIMOS (2.679.325,54 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 465.006,91 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 1532 619 00 33 (Humanización Rúa Teixugueiras, 1ª fase), segundo a seguinte distribución de anualidades:

2023	1.925.000 ,00 €
2024	754.325,54 €

As diferentes anualidades imputaranse aos exercicios orzamentarios detallados, quedando o gasto subordinado ao crédito que para cada exercicio se consigne no orzamento, segundo o disposto no artigo 117.2 LCSP.

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente."

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), o 25 de agosto de 2023 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Humanización da rúa Teixugueiras entre a rúa Lamelas e o acceso peonil o barrio de Navia dende a VG-20" (1.503-441) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitadores	Puntuación total
1	CIVIS GLOBAL, S.L.U.	96,14
2	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	92,11
3	NAROM, S.L.	88,47
4	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)	85,70
5	ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.	67,78
6	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.	38,72
7	ORECO BALGON, S.A.	35,38

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CIVIS GLOBAL, S.L.U. (B-36.684.157), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares".*

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, CIVIS GLOBAL, S.L.U., o día 28 de agosto de 2023, que presenta a documentación requirida o 6 de setembro de 2023, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 14 de setembro de 2023 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade



Concello de Vigo

dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar CIVIS GLOBAL, S.L.U., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por CIVIS GLOBAL, S.L.U., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 7 de agosto de 2023 e 21 de agosto de 2023, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a CIVIS GLOBAL, S.L.U. o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de “Humanización da rúa Teixugueiras entre a rúa Lamelas e o acceso peonil o barrio de Navia dende a VG-20” (1503-441) por un prezo total do contrato de 2.410.321,26 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 418.320,22 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(793).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE "HUMANIZACIÓN DA RÚA PABLO IGLESIAS". EXPTE. 1607/441.

Visto o informe de fiscalización de data 18/09/2023, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación realizada o 14/09/2023, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

f) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Humanización da rúa Pablo Iglesias" (1607-441)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Humanización da rúa Pablo Iglesias" (1607-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 8 de xuño de 2023 a Xunta de Goberno local, acordou:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de "HUMANIZACIÓN DA RÚA PABLO IGLESIAS", redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos D. Roberto Aya Vidal.

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación e a Xefa do Servizo de Contratación de data 09.05.2023.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de UN MILLÓN DOUSCENTOS OITENTA E OITO MIL CINCOCENTOS TRINTA E SETE EUROS CON VINTE E CINCO CÉNTIMOS (1.288.537,25 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 223.630,43 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na aplicación orzamentaria 1532.6190090 do orzamento vixente, proxecto de gasto 22153290, segundo a seguinte distribución de anualidades:

2023	1.288.537,25 €
------	----------------

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.



Concello de Vigo

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), o 25 de agosto de 2023 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Humanización da rúa Pablo Iglesias" (1.607-441) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitadores	Puntuación total
1	NAROM, S.L.	95,09
2	ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.	93,47
3	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)	92,92
4	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.	92,03
5	CIVIS GLOBAL, S.L.U.	85,46
6	ORECO BALGON, S.A.	44,23

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, NAROM, S.L. (B-36.163.418), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, NAROM, S.L., o día 28 de agosto de 2023, que presenta a documentación requirida o 6 de setembro de 2023, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 14 de setembro de 2023 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos

licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar NAROM, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por NAROM, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 7 de agosto de 2023 e 21 de agosto de 2023, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a NAROM, S.L. o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Humanización da rúa Pablo Iglesias" (1607-441) por un prezo total do contrato de 1.127.083,53 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 195.609,54 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(794).- ADXUDICACIÓN DO LOTE II DA CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE FORMACIÓN NAS INSTALACIÓNS MUNICIPAIS DO "CENTRO DE FORMACIÓN" DA CONCELLERÍA DE POLÍTICA DE BENESTAR SOCIAL, NA RÚA ALTA Nº 23. EXPTE. 248390/301.

Visto o informe de fiscalización de data 15/09/2023, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación realizada o 14/09/2023, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación



Concello de Vigo

h) Procedemento aberto para a contratación da prestación de servizos de formación nas instalacións municipais do "Centro de formación" da Concellería de Política de Benestar Social, na rúa Alta nº 23 (248390-301) (Lote II)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación da prestación de servizos de formación nas instalacións municipais do "Centro de formación" da Concellería de Política de Benestar Social, na rúa Alta nº 23 (248390-301) (Lote II)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 20 de abril de 2023 a Xunta de Goberno local, acordou:

“PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación, por procedemento aberto, das actividades formativas nas instalacións municipais do “Centro de Formación” da Concellería de Política de Benestar Social do Concello de Vigo, na rúa Alta nº 23, que inclúe a xustificación da necesidade do contrato (trámite n.º 5), as Memorias xustificativa e económica (trámites núms. 31 e 30), o Prego de Prescricións Técnicas (trámite n.º 32), o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, do 27.03.2023 (trámite n.º 50), o documento económico emitido polo Servizo de Contabilidade (trámite n.º 18) e a demais documentación esixida pola normativa de contratos do sector público.

SEGUNDO.- Aprobar o gasto derivado deste contrato (162.000€), que se imputará á aplicación orzamentaria nº 2310.2270611 “DUSI, OT9, LA 19, FORMACIÓN, RISCO EXCLUSIÓN”.

TERCEIRO.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación na forma legalmente prevista.”

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), o 11 de agosto de 2023 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Aceptar as xustificacións das baixas con valores anormais ou desproporcionados presentadas por CENTRO DE FORMACIÓN ICA, S.L. (lote 1) e NT FOR LEARNING, S.L. (lote 2).

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación da

prestación de servizos de formación nas instalacións municipais do "Centro de formación" da Concellería de Política de Benestar Social, na rúa Alta nº 23 (248.390-301) (lotes 1 e 2) na seguinte orde descendente:

- Lote 1 "Atención sociosanitaria a persoas no domicilio (repertorio nacional de certificados)":

Orde	Licitadores	Puntuación total
1	MAGNAFOR QUALITAS, S.L.	87,26 puntos
2	CENTRO DE FORMACIÓN ICA, S.L.	84,50 puntos
3	FORGA	84,32 puntos
4	G12 GRUPO EMPRESARIAL DE SERVICIOS, S.L.	83,08 puntos
5	UTE NORFORMACIÓN, S.L. - NAVUXIL, S.L.	67,22 puntos

- Lote 2 "Redución da brecha dixital a través do smartphone para persoas en situación ou risco de exclusión social, no Concello de Vigo, no marco das competencias dixitais para a cidadanía DigComp 2.2. (Marco da UE para desenvolver e medir a competencia dixital)":

Orde	Licitadores	Puntuación total
1	NT FOR LEARNING, S.L.	92,50 puntos
2	FOROX INNOVACIÓN, S.L.	83,28 puntos
3	ADECCO FORMACIÓN, S.A.U.	82,53 puntos
4	G12 GRUPO EMPRESARIAL DE SERVICIOS, S.L.	71,83 puntos
5	FUNDACIÓN ESPLAI CIUDADANÍA COMPROMETIDA	48,67 puntos

Terceiro.- Requirit aos licitadores clasificados en primeiro lugar los lotes 1 e 2, MAGNAFOR QUALITAS, S.L. (B-36.565.679) (lote 1) e NT FOR LEARNING, S.L (B-15.549.413) (lote 2), para que presenten, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que para o lote 1 deberá acreditarse a habilitación profesional esixida no apartado 5G do Anexo I -FEC-.



Concello de Vigo

3. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Este proxecto é susceptible de cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) nunha porcentaxe do 80%- PROXECTO EDUSI VIGO VERTICAL. Se finalmente é aceptada a súa proposta vai aparecer na lista pública prevista no artigo 115, apartado 2 do Regulamento (UE) 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello de 17 decembro de 2013”.

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, NT FOR LEARNING, S.L., o día 21 de agosto de 2023, que presenta a documentación requirida o 1 de setembro de 2023, dentro do prazo concedido.

A Mesa de Contratación na sesión do 8 de setembro de 2023 acordou conceder un prazo de 3 días ao devandito licitador para que puidesen emendar a documentación presentada e, este, durante o prazo concedido a documentación en data 12 de setembro de 2023.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 14 de setembro de 2023 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar NT FOR LEARNING, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por NT FOR LEARNING, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 30 de xuño de 2023 e 8 de agosto de 2023, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

Adxudicar a NT FOR LEARNING, S.L. o procedemento aberto para a contratación da prestación de servizos de formación nas instalacións municipais do "Centro de formación" da Concellería de Política de Benestar Social, na rúa Alta nº 23 (248390-301) (Lote II) cun prezo total do contrato de 37.000,00 € euros (IVE exento) e coas seguintes condicións:

- a) Propón como porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario previsto no apartado 3.G do Anexo I -FEC- do PCAP para o LOTE 2 un 44,9 %.*
- b) Propón un plan de valoración da calidade do servizo.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.

Este proxecto é susceptible de ser cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) nunha porcentaxe do 80%- PROXECTO EDUSI VIGO VERTICAL. Se finalmente é aceptada a súa proposta vai aparecer na lista pública prevista no artigo 115, apartado 2 do Regulamento (UE) 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello de 17 decembro de 2013."

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(795).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE MANTEMENTO INTEGRAL DAS INSTALACIÓNS ELÉCTRICAS DOS COLEXIOS PÚBLICOS E ESCOLAS MUNICIPAIS DEPENDENTES DO SERVIZO DE EDUCACIÓN DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 26218/332.

Visto o informe de fiscalización de data 15/09/2023, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación realizada o 14/09/2023, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

b) Procedemento aberto dos servizos de mantemento integral das instalacións eléctricas dos colexios públicos e escolas municipais dependentes do Servizo de Educación do Concello de Vigo (26218-332)

LEXISLACIÓN APLICABLE



Concello de Vigo

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto dos servizos de mantemento integral das instalacións eléctricas dos colexios públicos e escolas municipais dependentes do Servizo de Educación do Concello de Vigo (26218-332)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 19 de maio de 2023 a Xunta de Goberno local, acordou:

“1º.- Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria dos servizos de mantemento integral das instalacións eléctricas dos Colexios Públicos e Escolas Municipais dependentes do Servizo de Educación do Concello de Vigo.

2º.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas de 02/03/2023, redactado polo Servizo de Educación e o Prego de cláusulas administrativas particulares de data 04/05/2023 redactado polo Servizo de Contratación, que se inclúen no presente expediente para a contratación dos servizos de mantemento integral das instalacións eléctricas de Colexios Públicos e Escolas Municipais dependentes do Servizo de Educación.

3º.- Aprobar o gasto por importe de 146.233,06 euros (120.853,77 € máis 25.379,29 € de IVE a soportar pola administración) para a contratación dos servizos de mantemento integral de instalacións eléctricas de Colexios Públicos e Escolas Municipais dependentes do Servizo de Educación por procedemento aberto, con cargo á aplicación orzamentaria 3230.213.0002 “Mantemento eléctrico”, que se desglosará nas seguintes anualidades:

- Anualidade 2023 (de xuño a decembro): 24.372,18 euros;
- Anualidade 2024: 48.744,35 euros;
- Anualidade 2025: 48.744,35 euros;
- Anualidade 2026 (de xaneiro a maio): 24.372,18 euros.

O valor estimado do contrato estipúlase en 209.692,33 euros.

4º.- Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente.”

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), o 18 de agosto de 2023 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto dos servizos de mantemento integral das instalacións eléctricas dos colexios públicos e escolas municipais dependentes do Servizo de Educación do Concello de Vigo (26.218-332) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación total
1	SIELVIGO, S.L.	93,06
2	APLICACIONES DE INFORMÁTICA AEVIGO, S.L.	63,50

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, SIELVIGO, S.L. (B-36.823.227), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que deberá acreditar a habilitación profesional esixida no apartado 5G do Anexo I -FEC- (“Certificado de empresa instaladora de equipos e instalacións eléctricas, expedido pola Delegación de Industria”).*
- 3. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, SIELVIGO, S.L., o día 22 de agosto de 2023, que presenta a documentación requirida os días 2 e 4 de setembro de 2023, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 8 de setembro de 2023 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar SIELVIGO, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no



Concello de Vigo

artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por SIELVIGO, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 4 de xullo de 2023 e 7 de agosto de 2023, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

Adxudicar a SIELVIGO, S.L. o procedemento aberto dos servizos de mantemento integral das instalacións eléctricas dos colexios públicos e escolas municipais dependentes do Servizo de Educación do Concello de Vigo (26218-332) coas seguintes condicións:

- a) *O prezo da parte fixa do contrato é de 87.444,90 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 15.176,39 euros.*
- b) *Propón como porcentaxe de desconto da parte variable do contrato un 20 %.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(796).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA ESPECÍFICA PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS ORIENTADAS A DEPORTISTAS DE ALTO NIVEL DA CIDADE DE VIGO 2023. EXPTE. 22949/333.

Visto o informe xurídico do 12/09/2023 e o informe de fiscalización do 14/09/2023, dáse conta do informe-proposta de data 30/08/2023, asinado polo xefe do Servizo de Deportes, e conformado polo concelleiro-delegado de Deportes, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

A actividade deportiva en Vigo, no ámbito da competición deportiva ten unha transcendencia moi importante en relación, tanto á participación de entidades deportivas de todas as facetas do deporte,

como á participación dos e das deportistas da cidade de Vigo en competicións da máis alta esixencia de rendemento deportivo.

Entre os obxectivos da Concellería de Deportes, atopámonos cos proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axudas ó desenvolvemento do deporte nas súas distintas manifestacións e a consolidación destes proxectos deportivos que xera a cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e cidadás.

Os obxectivos xerais destes proxectos de axudas responden ó desexo de xerar sinerxías orientadas a potenciar proxectos comúns para a cidade de Vigo e que propicien a potenciación de colaboracións no ámbito social, destacando no proxecto:

- O interese xeral pola formación do capital humano no ámbito do deporte.
- A búsqueda dunha personalidade propia e definida de acción, en base ós principios do compromiso da sociedade sobre os valores do deporte.
- A mellora dos recursos destinados á dinamización do deporte de alto nivel en todos os aspectos é un aspecto fundamental polo que este representa como exemplo para a mocidade.
- A colaboración no financiamento e ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica da actividade deportiva ata o nivel do alto rendemento.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, conten con referencias de proxectos deportivos de continuidade e futuro no seu entorno.
- Contribuír a que os deportistas e as deportistas vigueses máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de cara a consolidar a imaxe deportiva de Vigo.

En relación cos proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axudas ós deportistas da cidade de Vigo que participan en competicións do máis alto nivel, os vixentes orzamentos do Concello de Vigo para o ano 2023 consignan, na partida orzamentaria 3410.480.00.00 “Axudas a deportistas individuais de elite”, un crédito por un importe total de 50.000,00€ (cincuenta mil euros), que o Concello de Vigo a través da Concellería de Deportes pretende destinar á actuación de colaboración no apoio ós programas de adestramento e competición dos e das deportistas do máis alto nivel da cidade de Vigo.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

O obxecto desta convocatoria bases reguladoras da concesión de axudas destinadas a apoiar aos/ás deportistas de alto nivel da cidade de Vigo, que no ano en curso estean recoñecidos como deportista de alto nivel pola Secretaría Xeral para o deporte ou polo Consejo Superior de Deportes. Concretamente o artigo 36 da Lei de Deportes de Galicia determina que o recoñecemento da condición de deportista de alto nivel poderá comportar a posibilidade de acceder aos seguintes beneficios, axudas económicas y becas académicas, e entre outras concesión de axudas económicas.

Con carácter previo ao outorgamento das axudas deberán aprobarse as bases reguladoras de concesión das mesmas nos termos establecidos na Lei 9/2007 de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e proceder a súa convocatoria.

Así mesmo os vixentes orzamentos do Concello de Vigo consignan, na partida orzamentaria 3410.480.00.00 “Axudas a deportistas individuais de elite”, un crédito por un importe total de 50.000,00 € (Cincuenta mil Euros); crédito orzamentario que o Concello de Vigo, a través da Concellería de Deportes, destina a colaborar no financiamento de proxectos de axudas orientadas a deportistas de alto nivel da cidade de Vigo.



Concello de Vigo

Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e axudas públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 15 de xuño de 2020 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e axudas públicas, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que *“Naquelas subvencións ou axudas públicas nas que non sexa preceptiva a convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos estruturados inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se se trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos”*.

A concesión destas subvencións efectuarase baixo os principios de publicidade, concorrencia e obxectividade.

A lexislación aplicable ás bases reguladoras e convocatoria específica destas subvencións será a Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo para o ano 2023; Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; así como as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Por todo o exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO: Aprobar as bases reguladoras da concesión de axudas destinadas a apoiar ós/ás deportistas de alto nivel da cidade de Vigo

SEGUNDO: Aprobar o texto da convocatoria para a concesión de axudas destinadas a apoiar ós/ás deportistas de alto nivel da cidade de Vigo e do extracto da mesma, que se remitirán á Base de Datos Nacional de Subvenciones, en base ó establecido na *Resolución de 15 de xuño de 2020 (BOE 24/06/2020) da Intervención xeral da Administración do Estado pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e axudas públicas*.

TERCEIRO: Autorizar o gasto de 50.000,00 € (Cincuenta mil Euros) con cargo á partida oramentaría 3410.480.00.00 “Axudas a deportistas individuais de elite” do vixente orzamento.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

“BASES ESPECÍFICAS PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO DE AXUDAS ORIENTADAS A DEPORTISTAS DE ALTO NIVEL DA CIDADE DE VIGO.

PRIMEIRA.- OBXECTO DA SUBVENCIÓN.

É obxecto das presentes bases regular a convocatoria e a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas económicas dirixidas a deportistas de alto nivel da cidade de Vigo, coa finalidade de axudar a sufragar os gastos vinculados coas competicións e cos adestramentos necesarios para o desenvolvemento da súa modalidade deportiva, en orde ó logro dun mais alto nivel nun futuro próximo.

SEGUNDA.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO.

A cantidade máxima destinada a estas subvencións será a de 50.000,00 € (Cincuenta mil Euros) que se farán efectivos con cargo á partida orzamentaria 3410.480.00.00 "Axudas a deportistas individuais de elite". Poderán outorgarse axudas superando esta contía sen nova convocatoria cando se dean as circunstancias previstas no artigo 31.2 da Lei de subvencións de Galicia.

TERCEIRA.- COMPATIBILIDADE DAS AXUDAS.

Estas axudas serán compatibles con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración, ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, e incompatibles coas axudas dinamizadas no programa de axudas da Fundación Vigo en deporte do ano 2023 para deportistas individuais.

CUARTA. - REQUISITOS DOS/AS BENEFICIARIOS/AS.

Poderán participar na convocatoria os/as deportistas que cumpran os seguintes requisitos:

1. Reunir os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e non estar incurso en prohibición para ser beneficiario da axuda das previstas no citado artigo para o que se esixirá aos solicitantes unha declaración de non estar incurso nas prohibicións que recollen os apartados 2 e 3 do citado artigo 10 da Lei 9/2007.
2. Atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e co Concello de Vigo.
3. Entenderase que o/a solicitante, ao presenta-la solicitude de subvención, autoriza á comisión avaliadora para solicitar e comprobar de oficio os datos e certificados acreditativos necesarios ós departamentos administrativos responsables. No caso contrario o/a solicitante deberá achegar dita documentación.
4. Requisitos específicos:
 1. Estar empadroadado na cidade de Vigo, con vixencia mínima ininterrompida dende 01/01/2022, dato que será comprobado de oficio pola propia administración.
 2. Ter competido participando de xeito individual, parella, trío ou como guía de deporte adaptado na competición a baremar.
 3. Non estar cumprindo sanción disciplinaria ou administrativa en materia deportiva de carácter grave ou moi grave.
 4. Cumprir como mínimo un dos seguintes requisitos:
 - Estar recoñecido/a no ano 2022 ou 2023 como deportista de alto nivel pola Secretaría Xeral para o deporte ou polo Consejo Superior de Deportes.



Concello de Vigo

- Ter estado clasificado/a entre o 20% dos mellores deportistas do Ranking nacional ou internacional da modalidade en calquera momento do ano 2022 ou 2023, sempre que este Ranking estea formado como mínimo por 30 deportistas.
- No caso de deportistas con discapacidade que participen en competicións de deporte adaptado, certificado emitido pola federación española da modalidade que acredite que o/a solicitante está considerado/a deportista de alto nivel.
- No caso de participar como “Guía” dunha modalidade de deporte adaptado, certificado emitido pola autoridade federativa competente.

De conformidade co artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, salvo que conste no procedemento a súa oposición expresa, enténdese outorgado o consentimento para que o órgano administrativo competente consulte de forma electrónica ou por outros medios, a esta Administración Pública, outras Administracións ou Entes, os datos persoais necesarios para a resolución deste expediente/solicitud, en especial, os que acrediten os requisitos de empadroamento, atoparse ao corrente das obrigas tributarias coa Axencia Estatal de la Administración Tributaria, a Tesourería Xeral da Seguridade Social e a consellería competente en materia de economía e facenda e co Concello de Vigo.

QUINTA.- OBRIGAS DOS/DAS BENEFICIARIOS.

Serán obrigas dos/das beneficiarios/as das subvencións, ademais das previstas nestas bases e convocatoria e das sinaladas no artigo 11 da Lei de subvencións de Galicia, as que seguen:

1. Deixar constancia da financiamento municipal coa inclusión da imaxe institucional en calquera competición na que participe durante un ano a contar desde a notificación da resolución da convocatoria.
2. Responder da veracidade dos datos da solicitud, baixo a persoal responsabilidade da persoa que subscriba a solicitud.
3. Someterse ás comprobacións que, de considerarse oportuno, puidera realizar a Concellería de deportes, así como calquera tipo de comprobación e control financeiro que puideran realizar os órganos de control competentes.
4. Comunicar á Concellería de deportes a obtención doutras axudas para o mesmo fin.
5. Participar nas actividades e eventos de difusión e promoción que o Concello de Vigo puidera programar durante o ano seguinte á notificación da resolución.
6. Proceder ó reintegro da axuda así como dos xuros de demora correspondente no caso de:
 - Obter a axuda falseando datos.
 - Obstruír a comprobación e control financeiro.
 - Incumprir as obrigas establecidas nas bases da convocatoria.

SEXTA.- CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DA AXUDA.

1.- Para efectuar as propostas de concesión das axudas, a comisión avaliadora terá en conta os seguintes criterios e baremo de puntuación.

- O número máximo de competicións que se valorarán por deportista será de 3.
- A puntuación mínima esixida para ser beneficiario/a das axudas é de 10 puntos.
- Consideracións específicas:
 - Os Campionatos de Europa e do Mundo, para ser tidos en consideración como tal, deberán ter a designación oficial, o cal deberá ser acreditado pola autoridade federativa competente.
 - No caso de que a competición da que se trate estea conformada por varias probas e

teñan clasificación final, só se valorará o posto da clasificación final, e non a clasificación dunha única proba.

- No caso de existir máis dunha final, terase en conta unicamente o resultado da final de maior nivel,
- Participación mínima por proba para que a competición sexa tida en consideración:
 - Campionatos de Europa, Xogos Olímpicos/Paralímpicos, Campionatos do Mundo e Outras competicións internacionais: 25 participantes na proba e 6 países en categoría masculina, e 12 participantes e 6 países en categoría feminina. Na modalidade de atletismo, a participación mínima, en calquera dos casos, será de 8 participantes, sen terse en conta o número de países participantes.
 - Fase final de Campionatos de España: 12 participantes na proba en categoría masculina e 8 participantes na categoría feminina. Na modalidade de atletismo, a participación mínima, en calquera dos casos, será de 8.
 - Non se esixirá participación mínima en competicións de deporte adaptado, aínda que de non alcanzala, a puntuación obtida na competición da que se trate multiplicarase por 0,50.
- A categoría de “Outras competicións Internacionais” engloba Copas do Mundo, Copas de Europa e Circuitos incluídos no calendario internacional como probas de alto nivel europeo ou mundial acreditado pola federación correspondente.
- No caso de participar en varias probas dentro do mesmo campionato, só valorarase o resultado que outorgue unha maior puntuación.
- No caso de solicitantes que participen como “Guías” en modalidades de deporte adaptado, a puntuación final obtida multiplicarase por 0,25.
- Datas de inicio das competicións: Serán tidas en conta as competicións con data de inicio comprendida entre o 1 de setembro de 2022 e o 30 de agosto de 2023.

• Puntuacións:

	Outras compet. Intrais		Fase final Cto. España		Fase Final Cto. Europa		Fase final Cto. Mundo/XX.OO OU XXPP	
	Cat. Absol.	Outras cat.	Cat. Absol.	Outras cat.	Cat. Absol.	Outras cat.	Cat. Absoluta	Outras cat.
1º a 4º Posto	10 puntos	5 puntos	30 puntos	15 puntos	100 puntos	50 puntos	150 puntos	75 puntos
5º a 8º Posto	5 puntos	3 puntos	15 puntos	8 puntos	50 puntos	25 puntos	75 puntos	50 puntos
Participación	- puntos	- puntos	- puntos	- puntos	10 puntos	5 puntos	20 puntos	15 puntos

SÉTIMA.- CONTÍA E LÍMITE INDIVIDUALIZADA DAS AXUDAS.

Establécense os seguintes límites máximos dos importes das axudas:

a) Límites máximos segundo a orde de prelación:

ORDE SEGUNDO PUNTUACIÓNS OBTIDAS	IMPORTE
1ª a 7ª MÁXIMA PUNTUACIÓN	2.500,00€
8ª a 17ª MÁXIMA PUNTUACIÓN	1.250,00€
18ª a 29ª MÁXIMA PUNTUACIÓN	1.000,00€
30ª a 45ª MÁXIMA PUNTUACIÓN	500,00€

b) Límites máximos dos importes en función das puntuacións obtidas:

PUNTUACIÓNS	IMPORTE MÁXIMO
-------------	----------------



Concello de Vigo

De 10 a 40 puntos	1.250,00€
Máis de 40 puntos	2.500€

- c) Nos casos de empate, a orde de prelación determinarase tendo en conta os seguintes criterios de desempate:
- 1º.- Mellor resultado nun campionato do mundo/Xogos Olímpicos ou Paralímpicos.
 - 2º.- En caso de persistir o empate, mellor resultado nun campionato de Europa.
 - 3º.- En caso de persistir o empate, mellor resultado nun campionato de España.
 - 4º.- En caso de persistir o empate, mellor resultado en "Outras competicións internacionais".
 - 5º.- En caso de persistir o empate, o importe correspondente dividiríase entre os deportistas empatados.

OITAVA.- PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN DAS AXUDAS.

O procedemento para a concesión destas axudas será en réxime de concorrencia competitiva a través da correspondente convocatoria. Para estes efectos, ten consideración de concorrencia competitiva o procedemento mediante o cal a concesión das axudas realízase mediante a comparación das solicitudes presentadas, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas de acordo cos criterios de valoración fixados nas presentes Bases reguladoras, e adxudicar proporcionalmente, dentro do límite do crédito dispoñible fixado na convocatoria, en aplicación dos citados criterios.

Para a adxudicación, o órgano colexiado formulará, a través de órgano instrutor, proposta de concesión ao órgano concedente.

O importe total da convocatoria distribuirase entre as solicitudes admitidas no proceso segundo a distribución e límites máximos establecidos na cláusula 7ª e tendo en conta os criterios establecidos na cláusula 6ª.

NOVENA.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.

En cumprimento do artigo 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, as persoas físicas poderán elixir o uso de medios electrónicos ou non para a súa comunicación coa administración.

As solicitudes presentaranse nun prazo de quince días hábiles a contar desde o día seguinte ó da publicación da convocatoria en forma de extracto no Boletín Oficial da Provincia por conduto da Base de Datos Nacional de Subvencións, que publicará o texto íntegro da mesma no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións.

As solicitudes de axudas achegaranse debidamente cumprimentadas e asinadas polo/a deportistas, mediante os modelos oficiais aprobados con estas bases, que estarán dispoñibles na páxina web (www.vigo.org),

Só admitirase unha solicitude por solicitante.

- Solicitude presencial: Unha vez cuberto o Formulario de solicitude aloxado na Web do Concello de Vigo <https://sede.vigo.org/expedientes/avisos/?lang=gal> o/a solicitante ou o/a representante legal no caso de menores de idade deberá obrigatoriamente imprimir e asinar o documento resultante e, xunto coa documentación requirida, presentalo no Rexistro Xeral do Concello de Vigo ou en calquera dos lugares establecidos no art.16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).

- Solicitude telemática: Seguindo as instrucións que se indican e unha vez cuberto o Formulario de Solicitude aloxado na web <https://sede.vigo.org/expedientes/avisos/?lang=gal>, terá que entrar no rexistro electrónico na sede electrónica do Concello de Vigo, onde haberá que incorporar o arquivo resultante do proceso anterior (Formulario de Solicitude) anexando a documentación requirida. Unha vez realizado este proceso poderá descargar o xustificante do Rexistro.

DÉCIMA.- SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN.

1.- Coa solicitude, segundo o modelo que figura como anexo I.1 do expediente, deberase achegar a demais documentación esixida nestas bases, segundo os modelos, no seu caso, que figuran nos demais anexos da convocatoria.

2.- A instancia de solicitude será asinada polo/a solicitante ou o/a representante legal no caso de menores de idade, e presentarase no Rexistro electrónico do Concello de Vigo, ou por algún dos procedementos previstos na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento Administrativo Común das Administracións públicas.

As solicitudes e documentación adxunta poderán presentarse no rexistro electrónico da Administración ou Organismo ao que se dirixan, así como nos restantes rexistros electrónicos de calquera dos suxeitos q os que se refire o artigo 2.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, nas oficinas de Correos na forma que regulamentariamente se estableza, nas representacións diplomáticas ou oficinas consulares de España no estranxeiro, nas oficinas de asistencia en materia de rexistros e en calquera outro que establezan as disposicións vixentes, de conformidade co previsto no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

3.- Os/As solicitantes deberán presentar xunto coa solicitude (Anexo I.1) a seguinte documentación:

- Anexo I.2. Certificado das competicións asinado pola Federación Correspondente.
- Anexo I.3. Declaración responsable.
- Certificado Orixinal actualizado da titularidade da conta bancaria do/da solicitante, ou no caso de menores de idade, do/a seu/súa representante legal.
- Copia do Documento Nacional de Identidade (DNI) ou do pasaporte (en caso de cidadáns de países da Unión Europea) ou da tarxeta de residente en vigor (en caso doutras nacionalidades).
- No caso dos menores de idade, ademais da copia do seu DNI ou outro documento previsto no apartado anterior ou a autorización da súa consulta á Administración Pública, achegarase o do pai ou o da nai ou o titor/a.
- Copia da licenza Federativa da tempada subvencionada (2022/2023) ou do ano 2023.
- Documentación que acredite o cumprimento dun dos requisitos específicos establecidos na base 4ª:
 - Recoñecemento como deportista de alto nivel pola Secretaría Xeral para o deporte ou polo CSD do ano 2022 ou 2023.
 - Certificado da Federación de ter estado clasificado/a entre o 20% dos mellores deportistas do Ranking nacional da modalidade en calquera momento do ano 2022 ou 2023, sempre que este Ranking estea formado como mínimo por 30 deportistas.
 - No caso de deportistas con discapacidade que participen en competicións de deporte adaptado, certificado emitido pola federación nacional da modalidade que acredite que o/a solicitante está considerado/a deportista de alto nivel.



Concello de Vigo

- No caso de participar como “Guía” recoñecido pola autoridade competente dunha modalidade de deporte adaptado, certificado emitido pola Federación Deportiva que corresponda.

Os/as interesados/as teñen dereito a non achegar documentos que xa se atopen en poder da Administración actuante ou fosen elaborados por calquera outra Administración. A Administración actuante poderá consultar ou solicitar devanditos documentos salvo que o interesado opuxésese a iso. Non caberá a oposición cando a achega do documento esixíse no marco do exercicio de potestades sancionadoras ou de inspección.

DECIMO PRIMEIRA.- EMENDA DA SOLICITUDE.

De conformidade co establecido no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se a solicitude non reúne algunha das exixencias contidas nesta orde ou na citada normativa, requirirase a persoa interesada para que, nun prazo de dez (10) días hábiles, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos. Neste requirimento farase indicación expresa de que, se así non o fixer, se considerará que desiste na súa petición, logo da correspondente resolución.

DÉCIMO SEGUNDA.- PUBLICIDADE.

As presentes Bases reguladoras serán publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOPPO), sen prexuízo da súa inserción na web do Concello de Vigo.

Publicidade do financiamento público. Os/As beneficiarios/as das subvencións deberán empregarlo distintivo do Concello de Vigo en tódalas actividades e comunicacións que promovan e en todas as equipacións, publicacións, carteis, rótulos e demais elementos de difusión ou publicidade será indispensable mencionar á “Concellería de Deportes – Concello de Vigo” en calquera competición na que participe durante un ano a contar desde a notificación da resolución da convocatoria. Exceptuarase de tal obriga naquelas situacións nas que por imposición federativa non sexa posible.

DECIMO TERCEIRA.- ÓRGANOS COMPETENTES PARA A INSTRUCCIÓN E RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO E PRAZO PARA A NOTIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN.

1.- A Concellería de Deportes será a encargada da instrución do procedemento de concesión das subvencións. A avaliación das mesmas se realizará por unha Comisión de Valoración composta polo Concelleiro de Deportes, o Xefe de Servizo da Área de Deportes e un Técnico da mesma área que actuará como secretario.

2.- A Comisión Avaliadora, a través da Concellería de Deportes, como órgano instrutor, formulará proposta motivada de concesión das subvencións á Xunta de Goberno Local consonte a avaliación realizada. A proposta incluírá o informe do órgano instrutor no que conste que da información que ten no seu poder se desprende que os beneficiarios cumpren con todos os requisitos necesarios para acceder ás subvencións.

3.- A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para conceder ou denegar as axudas. O prazo para resolver e notificar a resolución será de seis meses, como máximo, contados a partir da publicación desta convocatoria.

A resolución notificarase electronicamente ás persoas xurídicas solicitantes e polos medios previstos no art. 14 da LPAC ás persoas físicas no prazo de dez días a partir da súa data a través da sede

electrónica. Remítanse aos/ás interesados/as os avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

4.- As persoas beneficiarias das axudas están obrigadas no prazo de dez días a contar do seguinte ao da notificación a comunicar por escrito á Concellería de Deportes a aceptación ou renuncia das axudas, transcorrido este prazo sen manifestación expresa entenderase tacitamente aceptada.

5.- A resolución da Xunta de Goberno Local, sobre concesión das axudas, esgota a vía administrativa e contra a mesma poderá interpoñerse recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes a contar do día seguinte ó da súa notificación, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses desde o seguinte ó da notificación, de acordo cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común e 8.1 e 46 da Lei Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

6.- O prazo máximo para la resolución da convocatoria será de seis meses a contar dende ao día seguinte a publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra. Cumprido o prazo de resolución sen que se haxa e notificado a resolución expresa, entenderase desestimada a solicitude de concesión da subvención.

DÉCIMO CUARTA.- OBRIGA DE INFORMACIÓN.

Os/As beneficiarios/as deberán facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

DECIMO QUINTA.- PAGAMENTO.

1.- O pagamento da axuda terá lugar logo da aprobación da resolución por parte da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo.

DECIMO SEXTA.- XUSTIFICACIÓN.

De acordo co disposto no apartado 7 do artigo 30 da Lei Xeneral de Subvencións, a concesión destas axudas non requirirá outra xustificación que a acreditación previa á concesión de que o solicitante reúne os requisitos establecidos nesta convocatoria.

DÉCIMO SÉTIMA.- PERDA DO DEREITO AO COBRO, NULIDADE E REINTEGRO DAS SUBVENCIONS. RÉXIME DE INFRACCIONS E SANCIONS.

–Perda do dereito ao cobro:



Concello de Vigo

1. Dará lugar á perda do dereito ao cobro da axuda o incumprimento por parte do/da beneficiario/a da mesma de calquera das obrigas previstas nestas bases reguladoras e especialmente as obrigas ás que se condiciona o pago único da axuda; o incumprimento dos requisitos, condicións e demais circunstancias que determinaron o outorgamento da axuda; a variación da finalidade da actuación; calquera incumprimento en materia de loita anti-dopaxe e a concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia.

2.- Nulidade, reintegro, infraccións e sancións:

- a) Canto ás causas de nulidade e anulabilidade do acordo de concesión das axudas e de reintegro das mesmas estarase ao disposto no artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Procederá o reintegro das cantidades percibidas, coa conseguinte esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos do artigo 33 LSG.
- b) Canto ás infraccións e sancións en que poidan incorrer os/as beneficiarios/as destas axudas e procedemento para a súa imposición estarase ao disposto no IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvenciones e no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvenciones.

DÉCIMO OITAVA.- TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.

Os datos persoais facilitados nos formularios, son indispensables para a xestión da convocatoria e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución do procedementos para a concesión das subvencións obxecto das presentes bases reguladoras, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigatorio cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPd do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal, Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais. e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito do fomento do deporte, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o

órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

Poderán obter mais información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org.

DÉCIMO NOVENA.- NORMATIVA DE APLICACIÓN.

En todo o que non estea previsto na presente bases será de aplicación a Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2023, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.



Concello de Vigo

ANEXO I.1.- INSTANCIA DE SOLICITUDE

SOLICITUDE SUBVENCIÓN INDIVIDUAL ALTO NIVEL 2023

D/Dna		DNI:	
Enderezo		Localidade:	
Tlf. 1		Tlf.2	
E-Mail a efectos de notificación		Fax:	
Entidade deportiva vinculada		CIF	
Modalidade:			

E, **NO CASO DE MENORES DE IDADE**, na súa representación, PAI, NAI, REPRESENTANTE LEGAL,

Apelidos:		Nome:		DNI:	
Enderezo:		Localidade:		CP:	
Tlf 1:		Tlf 2:		E-mail:	

SOLICITA,

unha axuda vinculada coa convocatoria de axudas para potenciar programas de adestramento e participación de deportistas da cidade de Vigo en competicións oficiais de alto nivel

Documentación obrigatoria que se achega coa solicitude:

1. Anexo I.1: Instancia de solicitude.

2. Anexo I.2: Certificado federativo individual de competicións.

3. Anexo I.3: Declaración responsable.

4. Copia do DNI do/da solicitante (e do representante legal no caso de menores de idade)

5. Copia da licenza deportiva.

6. Certificado orixinal da titularidade da conta bancaria do/da solicitante ou o/a representante legal no caso de menores..

7. Acreditación documental do cumprimento dos requisitos específicos establecidos no apartado d.4 da base 4ª.

*Campo obrigatorio

O/A que abaixo asina declara que reúne os requisitos establecidos no artigo 10 da LSG, e que todos os datos que contén esta solicitude axústanse ós requisitos establecidos, e que nos comprometemos a cumprir co disposto nas bases da subvención, e polo tanto solicito. Así mesmo autorízase ó Concello de Vigo a solicitar e/ou verificar de oficio os datos e certificados que estime oportunos en relación á solicitude presentada.

Sinatura do/a solicitante	Sinatura do/da Representante legal no caso de menores
---------------------------	---

Vigo, de de 2023

Sr. CONCELLEIRO DELEGADO DE DEPORTES

Protección de datos: O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPDP do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito do fomento e promoción da igualdade, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

A **finalidade** do tratamento dos datos é a tramitación do expediente administrativo relativo á Convocatoria de axudas a deportistas de alto nivel do Concello de Vigo.

O **prazo de conservación** dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os **datos** poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As **persoas interesadas** poderán **exercitar os dereitos de acceso**, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante

O **órgano responsable do ficheiro** (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es). Poderán obter máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo dpd.vigo@vigo.org.

ANEXO I.2.CERTIFICADO INDIVIDUAL DE COMPETICIÓNS DE ALTO NIVEL**A CUMPRIMENTAR POLA FEDERACIÓN (folla 1 de 2)**

D/Dna.		DNI	
Secretario/a da Federación			
CERTIFICA QUE son certos os datos que a continuación se detallan:			

D/Dna.		DNI	
Nº Lic		Categoría	
Club		CIF CLUB	

Participou, entre o 01/09/2022 e o 30/08/2023, nas competicións que a continuación se detallan segundo os datos que se especifican:

1. Posto Ranking Nacional ou internacional (De existir):

Mellor posto no Ranking nacional ou internacional no ano 2022 ou 2023	
Nº deportistas que integran o Ranking no ano 2022 ou 2023	

2. Datos competicións: Obligatorio cumprimentar todos os apartados.

Nome oficial da competición 1:			
Modalidade:			
Data de inicio da competición:			
Tipo de competición	Xogos Olímpicos/Paralímpicos		
	Campionato do Mundo		
	Campionato de Europa		
	Copa do Mundo		
	Copa de Europa		
	Fase Final Campionato de España		
	Circuíto Internacional oficial		
Nº Probas da competición:			
Categoría de participación	Absoluta		
	Outras categorías		
Posto Final acadado			
Nº participantes na proba/circuíto			
Nº Países participantes na proba			
Forma de participación	Individual		
	Parella		
	Trío		

Vigo a de de 2023

Sinatura dixital do/a secretario/a da Federación

Conforme do/da presidente/a da Federación

Protección de datos: O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPD do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito do fomento e promoción da igualdade, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

A finalidade do tratamento dos datos é a tramitación do expediente administrativo relativo á Convocatoria de axudas a deportistas de alto nivel do Concello de Vigo.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.



Concello de Vigo

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante O órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es). Poderán obter máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo dpd.vigo@vigo.org.

ANEXO I.2.CERTIFICADO INDIVIDUAL DE COMPETICIÓNS DE ALTO NIVEL (CONTINUACIÓN)

Nome oficial da competición 2:		
Modalidade:		
Data de inicio da competición:		
Tipo de competición	Xogos Olímpicos/Paralímpicos	
	Campionato do Mundo	
	Campionato de Europa	
	Copa do Mundo	
	Copa de Europa	
	Fase Final Campionato de España	
	Circuíto Internacional oficial	
Nº Probas da competición:		
Categoría de participación	Absoluta	
	Outras categorías	
Posto Final acadado		
Nº participantes na proba/circuíto		
Nº Países participantes na proba		
Forma de participación	Individual	
	Parella	
	Trío	

Nome oficial da competición 3:		
Modalidade:		
Data de inicio da competición:		
Tipo de competición	Xogos Olímpicos/Paralímpicos	
	Campionato do Mundo	
	Campionato de Europa	
	Copa do Mundo	
	Copa de Europa	
	Fase Final Campionato de España	
	Circuíto Internacional oficial	
Nº Probas da competición:		
Categoría de participación	Absoluta	
	Outras categorías	
Posto Final acadado		
Nº participantes na proba/circuíto		
Nº Países participantes na proba		
Forma de participación	Individual	

	Parella	
	Trío	

Vigo a de de 2023

Sinatura dixital do/a secretario/a da Federación

Conforme do/da presidente/a da Federación

Protección de datos: O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPd do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito do fomento e promoción da igualdade, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

A finalidade do tratamento dos datos é a tramitación do expediente administrativo relativo á Convocatoria de axudas a deportistas de alto nivel do Concello de Vigo.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante

O órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es). Poderán obter máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo dpd.vigo@vigo.org.

ANEXO I.3.-DECLARACIÓN RESPONSABLE

D./Dna.		DNI.	
---------	--	------	--

NO CASO DE MENORES DE IDADE, na súa representación, PAI, NAI, REPRESENTANTE LEGAL,			
Apelidos:		Nome:	
DNI:			
Enderezo:		Localidade:	
CP:			
Tlf 1:		Tlf 2:	
E-mail:			

Declara,

1. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

Non solicitou nin se lle concederon outras axudas para esta mesma solicitude

Sí ten solicitadas e/ou concedidas outras axudas para o programa obxecto da solicitude de subvención:

Organismo no que ten solicitada e/ou concedida a axuda	Importe solicitado	Importe concedido
	€	€
	€	€
	€	€

2. Non estar cumprindo sanción disciplinaria ou administrativa en materia deportiva de carácter grave ou moi grave.

3. Non estar incurso/a en ningunha das prohibicións que recollen os apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

4. Cumprir os requisitos establecidos nas bases da convocatoria, e que se autoriza ó Concello de Vigo a facer as verificacións necesarias.

5. Estar informado/a e autorizar a verificación dos datos incluídos na solicitude de subvención nas áreas e administracións competentes, incluídos os datos fiscais.

6. Estar ao corrente de pagos coa Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, a Axencia Estatal da Administración Tributaria, coa Seguridade Social e co Concello de Vigo, substituindo esta declaración ós certificados emitidos por ditos organismos, e autorizando á Concellería de Deportes a facer as verificacións posteriores que considere necesarias.



Concello de Vigo

7. Comprometerse a manter o cumprimento destes requisitos durante o período de tempo no que perciba esta subvención e a comunicar cantas axudas solicite e/ou obteña doutras administracións públicas e entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais a partir da data desta declaración.

Vigo, de de 2023

Sinatura do/a solicitante	Sinatura do/da Representante legal no caso de menores
---------------------------	---

Protección de datos: O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXP do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito do fomento e promoción da igualdade, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

A **finalidade** do tratamento dos datos é a tramitación do expediente administrativo relativo á Convocatoria de axudas a deportistas de alto nivel do Concello de Vigo.

O **prazo de conservación** dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os **datos** poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As **persoas interesadas** poderán exercer os **dereitos de acceso**, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante

O **órgano responsable do ficheiro** (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es). Poderán obter máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo dpd.vigo@vigo.org.

ANEXO

CONVOCATORIA ESPECÍFICA DE AXUDAS PARA POTENCIAR O DESENVOLVEMENTO DE PROGRAMAS DE ADESTRAMENTO E PARTICIPACIÓN DE DEPORTISTAS DA CIDADE DE VIGO EN COMPETICIÓNS OFICIAIS DE ALTO NIVEL.

O obxecto destas bases ven a desenvolver as actuacións de promoción do deporte en beneficio do desenvolvemento deportivo local, definidas no ámbito do artigo 25.2. apartado l) da Lei 7/1985 Reguladora das bases de Réxime local, e así mesmo, dita actuación atópase recollida no ámbito das competencias definidas para os municipios no artigo 8 apartados 2 e 9, da Lei 3/2012 de 2 de abril del deporte de Galicia.

PRIMEIRA.- OBXECTO DA SUBVENCIÓN.

O obxecto das subvencións a que se refiren as presentes bases é potenciar o desenvolvemento de programas de adestramento e participación de deportistas da cidade de Vigo en competicións oficiais de alto nivel.

SEGUNDA.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO.

A cantidade máxima destinada a estas subvencións será a de 50.000,00 € (Cinquenta mil Euros) que se farán efectivos con cargo á partida orzamentaria 3410.480.00.00 “Axudas a deportistas individuais de elite”. Poderán outorgarse axudas superando esta contía sen nova convocatoria cando se dean as circunstancias previstas no artigo 31.2 da Lei de subvencións de Galicia.

TERCEIRA. - REQUISITOS DOS BENEFICIARIOS.

Poderán solicitar esta subvención Deportistas de forma individual que cumpran os requisitos establecidos nas bases da convocatoria.

CUARTA.- PROCEDemento DE CONCESIÓN DAS SUBVENCIÓNS.

O procedemento para a concesión destas subvencións será o de concorrencia competitiva que se iniciará de oficio tras a aprobación das presentes bases e convocatoria pola Xunta de Goberno Local.

QUINTA.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.

As solicitudes presentaranse nun prazo de quince días hábiles a contar desde o día seguinte ó da publicación da convocatoria en forma de extracto no Boletín Oficial da Provincia por conduto da Base de Datos Nacional de Subvenciones, que publicará o texto íntegro da mesma no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións.

SEXTA.- BASES REGULADORAS.

1.- A convocatoria coas bases reguladoras da concesión das axudas será publicada no correspondente diario oficial, anunciada na prensa local con referencia ó boletín oficial no que aparece publicada, e na paxina web www.vigo.org, unha vez aprobada pola Xunta de Goberno Local. A presente convocatoria e as súas bases reguladoras, así como o modelo de solicitude e demais modelos normalizados que constitúen os seus anexos, necesarios para a demanda de estas axudas, facilitaranse nas oficinas da Concellería de Deportes e na propia paxina web do Concello de Vigo.

SÉTIMA.- ÓRGANOS COMPETENTES PARA A INSTRUCCIÓN E RESOLUCIÓN DO PROCEDIMENTO E PRAZO PARA A NOTIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN.

1.- A Concellería de Deportes será a encargada da instrución do procedemento de concesión das subvencións. A avaliación das mesmas se realizará por unha Comisión de Valoración composta polo Concelleiro de Deportes, o Xefe de Servizo da Área de Deportes e un Técnico da mesma área que actuará como secretario.

OITAVA.- XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCÍONS.

De acordo co disposto no apartado 7 do artigo 30 da Lei Xeneral de Subvencións, a concesión destas axudas non requirirá outra xustificación que a acreditación previa á concesión de que o solicitante reúne os requisitos establecidos nesta convocatoria.

NOVENA.- PAGO.

O pagamento da axuda terá lugar logo da aprobación da resolución por parte da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo.

ANEXO

Extracto do acordo da Xunta de Goberno Local de data (completar unha vez aprobado) de 2023, polo que se aproba a convocatoria específica para o desenvolvemento de programas de adestramento e participación de deportistas da cidade de Vigo en competicións oficiais de alto nivel.

“De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>):

PRIMEIRA.- OBXECTO DA SUBVENCIÓN.

Potenciar o desenvolvemento de programas de adestramento e participación de deportistas da cidade de Vigo en competicións oficiais de alto nivel.



Concello de Vigo

SEGUNDA.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO.

A cantidade máxima destinada a estas subvencións será a de 50.000,00 € (Cincuenta mil Euros) que se farán efectivas con cargo á partida orzamentaria 3410.480.00.00.

TERCEIRA. - BENEFICIARIOS.

Deportistas de forma individual que cumpran os requisitos establecidos nas bases da convocatoria.

CUARTA.- PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN DAS SUBVENCIÓNS.

O procedemento para a concesión destas subvencións será o de concorrencia competitiva.

QUINTA.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.

O prazo para presentar as solicitudes a esta convocatoria será de 15 días hábiles, contados dende o día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

SEXTA.- BASES REGULADORAS.

As Bases reguladoras serán publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOPPO), remitírase a Convocatoria á Base de datos Nacional de Subvencións, que será quen lle dea traslado ao BOPPO do extracto da mesma, sen perxuízo da súa inserción na web do Concello de Vigo.

SÉTIMA.- XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCIÓNS.

De acordo co disposto no apartado 7 do artigo 30 da Lei Xeneral de Subvencións, a concesión destas axudas non requirirá outra xustificación que a acreditación previa á concesión de que o solicitante reúne os requisitos establecidos nesta convocatoria.

13(797).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA A CONXEMAR PARA A ORGANIZACIÓN DA XXIV FEIRA INTERNACIONAL DE PRODUTOS DE MAR CONXELADOS E A 11ª EDICIÓN DO CONGRESO MUNDIAL FAO-CONXEMAR. EXPTE. 19974/77.

Visto o informe de fiscalización do 12/09/2023, dáse conta do informe-proposta de data 31/08/2023, asinado pola xefa do servizo de Desenvolvemento Local e conformado pola concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I. A “Asociación Española de Mayoristas, Importadores, Transformadores y Exportadores de Productos de la Pesca y Acuicultura (CONXEMAR)”, achegou en data 20/03/2023 a través do Rexistro electrónico do Concello de Vigo (Doc. núm. 230071866), unha solicitude de inicio de tramitación do convenio entre o Concello de Vigo e Conxemar para o fomento municipal de emprego en 2023, achegando a seguinte documentación complementaria en

datas 13/04/23, 18/04/23 e 28/08/23 (Doc. Núm. 230088482, 230088794, 230090178 e 230279448):

- Resolución do 11/01/2023 de 'Inscripción de titulares de la junta directiva u órgano de representación en el Registro Nacional de Asociaciones' do Ministerio de Interior onde figura como presidente e representante da entidade D. Eloy García Alvariza

- declaración responsable de non ter solicitada ningunha outra axuda de administracións ou entidades públicas para o fomento do emprego.

- declaración xurada de que a entidade non está incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria previstas no art. 10 da Lei de Subvencións de Galicia e no art. 13 da Lei Xeral de Subvencións; e de non atoparse en ningunha das situacións indicadas no art. 34 da Lei Xeral de Subvencións e art. 31.6 da Lei de Subvencións de Galicia, que lle impidan a percepción do pago anticipado; e que son certos todos os datos reflectidos na documentación achegada para tramitar este procedemento de convenio.

- autorización expresa para a consulta de datos fiscais, DNI do representante e NIF da entidade.

- certificado de número de conta bancaria.

- memoria de actividades e orzamento.

- Solicitude de inicio de tramitación do convenio.

- Estatutos sociais da entidade.

II. Nos vixentes orzamentos do Concello de Vigo, consta a partida 2410.4700003 "Convenio Feira Conxemar", por importe de 100.000,00 €.

III. En data 05/04/2023 a Terceira Tenente de Alcalde e concelleira da Área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude, asinou a orde de inicio de expediente para tramitar o presente convenio.

IV. A petición do servizo de Emprego, expídese certificación de data 12/04/2023 do adxunto ao tesoureiro municipal, acreditativa de que a beneficiaria non ten débedas ou sancións de natureza tributaria co Concello de Vigo. Tamén se obtivo:

- certificación de non ter débedas pendentes coa Axencia Tributaria de Galicia expedido en data 11/04/2023.

- certificación de non ter débedas pendentes coa Axencia Estatal Tributaria expedido en data 10/04/2023.

- certificado de estar ao corrente das obrigas coa Tesourería Xeral da Seguridade Social expedido en data 10/04/2023.

V. A xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, co conforme da Terceira Tenente de Alcalde e concelleira da Área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventud, achegou memoria xustificativa e borrador do convenio.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. Obxecto:

O obxecto do presente expediente é a concesión dunha subvención nominativa á "Asociación Española de Mayoristas, Importadores, Transformadores y Exportadores de



Concello de Vigo

Productos de la Pesca y Acuicultura, CONXEMAR", para o fomento do emprego por mor da organización da "XXIV Feira internacional de produtos do mar conxelados" e a 11ª edición do "Congreso Mundial FAO-Conxemar", mediante a instrumentalización do convenio cun texto que se propón para aprobación coa finalidade de regular os termos da concesión da devandita axuda.

II. Procedemento de concesión directa:

Os artigos 23 do Decreto do 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de servizos das Corporacións Locais (RSCL) e 294 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, dispoñen que as Corporacións Locais poderán conceder subvencións e axudas de contido económico a entidades, organismos ou particulares cuxos servizos ou actividades complementen ou substitúan á competencia local.

Xustifícase a competencia municipal con fundamento na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que establece no seu artigo 3.3.b), que non considera, entre outras, como exercicio de novas competencias, a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores, tal e como se veñen desenvolvendo no servizo.

Cómpre subliñar que a Xunta de Goberno Local, mediante acordo do 09/03/2012, considerou que o fomento do emprego, constitúe unha actividade prioritaria dentro desta Administración municipal en atención ao seu persoal beneficiario, e no marco de contextos económicos e sociais desfavorables.

En cumprimento do esquema formal contemplado no apartado cuarto da base 40 das de execución do orzamento, de acordo co previsto no artigo 199 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia e artigo 50 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, o convenio vai acompañado dunha memoria xustificativa na que figuran os antecedentes, razóns de oportunidade e obxectivos perseguidos coa súa formalización.

Os pactos que o convenio incorpora estímanse conformes ao interese público que este persegue e ao ordenamento xurídico e suficientes, coa demais documentación do expediente, ao fin pretendido así coma ao esquema formal referido.

III. Suxeitos que asinan o convenio e capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes:

Por unha parte, asinará o presente convenio a Alcaldía-Presidencia, ao abeiro do art. 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), que lle atribúe a máxima representación do municipio; correspondéndolle, en caso de ser necesaria a súa substitución, a Terceira Tenente de Alcalde e concelleira da Área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude (Resolución Alcaldía 19/06/23, BOPPO nº 123 do 27/06/23).

Pola outra parte, asinará o convenio o presidente da asociación, que de acordo á Resolución do 11/01/2023 de 'Inscripción de titulares de la junta directiva u órgano de representación en el Registro Nacional de Asociaciones' do Ministerio de Interior figura como presidente e representante da entidade D. Eloy García Alvariza, incorporada ao expediente.

IV. Competencia administrativa na que se fundamenta a actuación da Administración Pública:

O interese xeral, a competencia administrativa e a conveniencia na concertación do convenio, recóllense na Memoria xustificativa do convenio, documento obrigado segundo sinala o art. 50 da Lei 40/2015 e o art. 199 LALG.

Indícase a tal efecto que o artigo 25.2.i) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL) atribúe ás Administracións municipais competencia propia, no que interesa ao presente convenio, en materia de feiras.

Así mesmo, o convenio reflicte a repercusión que cara o fomento do emprego representa a organización do evento, que ven desenvolvéndose coa colaboración municipal desde o ano 2013, integrándose no marco das políticas activas de emprego polas que esta Concellería da Área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes asume a tarefa de colaborar coas entidades empresariais, sociais e veciñais máis significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter dinamizador, do tecido empresarial e polo tanto do emprego entre a cidadanía de Vigo, entre as que cabe destacar a celebración de eventos feirais e empresariais de índole internacional, estatal e autonómica as cales redundan no beneficio da cidade en xeral e das persoas desempregadas en particular; polo que con fundamento no artigo 3.3.b) da Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, non se considera, entre outras, como exercicio de novas competencias, a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores.

Cómpre lembrar a este respecto que o fomento do emprego ten a consideración de actividade prioritaria dentro desta Administración municipal, segundo o acordado pola Xunta de Goberno Local en data 09/03/2012, en atención ao seu persoal beneficiario, e no marco de contextos económicos e sociais desfavorables.

V. Procedemento de concesión directa:

No caso excepcional de concesión directa segundo o previsto no artigo 22.2.a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), no art. 19.4.a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) e na Base 38.4.2 das de Execución dos Orzamentos xerais do Concello de Vigo do 2023, o acto de concesión ou o convenio terá o carácter de bases reguladoras da concesión.

De acordo co disposto nos artigos 28.1 da LXS e 26.1 da LSG, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente.

Segundo resultou acreditado mediante as declaracións responsables e as certificacións achegadas ao expediente, a entidade non está incurso en prohibición para ser beneficiaria



Concello de Vigo

das subvencións, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á AEAT, a Axencia Tributaria de Galicia e a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo.

O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (2023), sendo gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no ano 2023, de acordo co orzamento de custos do proxecto subvencionado achegado pola entidade e de acordo ao art. 31 da LXS, respondan de maneira indubidable á natureza do proxecto subvencionado.

VI. Contido do convenio:

Os convenios regúlanse con carácter xeral na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do Sector Público, cuxo art. 48.7 establece que cando o convenio instrumente unha subvención deberá cumprir co previsto na Lei xeral de Subvencións e na normativa autonómica de desenvolvemento.

En cumprimento do esquema formal contemplado no apartado cuarto das bases 38.4 e 40 das de execución dos vixentes orzamentos municipais, dacordo co previsto no artigo 199 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia e artigo 49 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, no convenio que se propón para aprobación e que se acompaña da correspondente memoria xustificativa, figuran os antecedentes, razóns de necesidade e oportunidade, o seu impacto económico, o carácter non contractual da actividade en cuestión e os obxectivos perseguidos coa súa formalización.

Tal e como consta nos antecedentes do presente informe xurídico con proposta de resolución, o expediente incorpora: as preceptivas certificacións polas que a beneficiaria acredita estar ao corrente coa Tesourería Xeral da SS.SS., AEAT, Axencia Tributaria de Galicia, Concello de Vigo, as declaracións responsables asinadas polo lexítimo representante da asociación de cumprimento dos requisitos esixidos pola lexislación sectorial e a existencia de crédito orzamentario para facer efectiva a subvención proposta por importe de 100.000 € con cargo á partida 2410.4700003 "Convenio Feira Conxemar" dos vixentes Orzamentos municipais do 2023.

O pacto terceiro do convenio contempla que esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

O pacto cuarto recolle a posibilidade de que para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un anticipo a conta de ata un 50% da axuda outorgada polo Concello, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a

necesidade financeira dos mesmos. O 50% restante ingresarase unha vez se teña xustificado a totalidade do programa conveniado, tal como se establece na liquidación final.

O pacto décimo primeiro contempla que serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no ano 2023, de acordo co orzamento de custos do proxecto subvencionado achegado pola entidade.

O convenio incorpora unha cláusula expresa referida á inexistencia de relación laboral do Concello de Vigo respecto das persoas traballadoras directa ou indirectamente beneficiarias da subvención que se propón conceder á entidade.

VII. Prazo e forma de xustificación da subvención mediante tramitación electrónica:

A beneficiaria deberá xustificar no prazo máximo que remata o día **31 de outubro de 2023** o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá achegar unha conta xustificativa (integrada pola memoria de actividades e a memoria económica dos gastos incorridos) a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>, na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), a entidade beneficiaria está obrigada a relacionarse electronicamente coas Administracións Públicas.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da LXS establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas das facturas orixinais en papel asinadas dixitalmente.

Os documentos que requiran sinatura, **deberán asinarse electronicamente antes do seu envío a través da sede electrónica.**

VIII. Publicidade:

A presente subvención está suxeita aos requisitos de publicidade esixidos por mor do artigo 3 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, resultando suxeitos obrigados polas disposicións do capítulo II do título I: os partidos políticos, organizacións sindicais e organizacións empresariais e as entidades privadas que perciban durante o período dun ano axudas ou subvencións públicas nunha contía superior a 100.000 euros ou cando polo menos o 40 % do total dos seus ingresos



Concello de Vigo

anuais teñan carácter de axuda ou subvención pública, sempre que alcancen como mínimo a cantidade de 5.000 euros

A presente subvención rexistrárase na BDNS no momento da concesión do convenio, conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro Xeral de Subvencións e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

IX. Órgano competente:

O art. 9.4 da LXS e o art. 6.4 da LSG establecen coma requisitos previos de outorgamento de subvencións: a competencia do órgano concedente, a existencia de crédito axeitado e suficiente, a tramitación do correspondente procedemento, a fiscalización previa e a aprobación do gasto polo órgano competente.

O artigo 74 da LSG establece que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle aos órganos que teñen atribuída esa función na lexislación de réxime local.

De conformidade co artigo 127.g) da Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local (LMMGL), correspóndelle á Xunta de Goberno Local o desenvolvemento da xestión económica, autorizar e dispor gastos en materia da súa competencia, dispor gastos previamente autorizados polo Pleno e a xestión do persoal.

X. Recursos:

De conformidade cos artigos 52.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) e 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/1986, do 28 de novembro, as resolucións da Xunta de Goberno Local poñen fin á vía administrativa.

Segundo os artigos 132 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos administrativos que poñen fin á vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, ou directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa. Se se interpón o recurso de reposición, non poderá interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ata a resolución do primeiro ou ata a súa desestimación presunta. O prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses.

Por todo o anteriormente exposto, nos termos e condicións, alcance e contido dos informes de fiscalización da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade Tenente de Alcalde e concelleira delegada da Área de Economía, Fondos Europeos, Patrimonio e Emprego, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 18/06/2019, e modificacións posteriores, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO:

1. Aprobar o convenio de subvención nominativa entre o Concello de Vigo e a "Asociación Española de Mayoristas, Importadores, Transformadores y Exportadores

de Productos de la Pesca y Acuicultura (CONXEMAR)", co NF: G36636819, que se achega no expediente.

2. Autorizar o gasto de 100.000,00 €, como contrapartida do estipulado no presente convenio con cargo á partida nominativa 2410.4700003 "Convenio Feira Conxemar", do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 20123 e, comprometer o mesmo a favor da "Asociación Española de Mayoristas, Importadores, Transformadores y Exportadores de Productos de la Pesca y Acuicultura (CONXEMAR)", para o cumprimento dos obxectivos recollidos no convenio.
3. Facultar á Terceira Tenente de Alcalde e concelleira da Área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude, D^a. Elena Espinosa Mangana, para asinar o citado convenio en caso de ser precisa a substitución da Alcaldía-Presidencia do Concello de Vigo.
4. Rexistrar os datos estruturados do convenio para a súa publicación na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), e publicar o mesmo no portal de transparencia do Concello de Vigo, conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

O presente acordo poderá ser recorrido potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes, ou directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa. Se se interpón o recurso de reposición, non poderá interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ata a resolución do primeiro ou ata a súa desestimación presunta. O prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO

En Vigo, na Casa do Concello de Vigo, na data da sinatura electrónica.

REUNIDOS

Dunha parte, D^a. Elena Espinosa Mangana, na súa calidade de Terceira Tenente de Alcalde e concelleira da Área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude, en nome e representación do Concello de Vigo co NIF P3605700H e enderezo na Praza do Rei s/n de Vigo.

Doutra, don Eloy García Alvariza, como presidente da Asociación Española de Mayoristas, Importadores, Exportadores y Transformadores de productos de la Pesca y Acuicultura (CONXEMAR), co enderezo social en Avenida Beiramar 29, bloques 5 e 6, 36202, de Vigo, e NIF G36636819.



Concello de Vigo

E, actuando dona Susana Gallardo Fariña, en calidade de secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo, dando fe do acto.

Ambas partes recoñécense mutuamente capacidade legal suficiente para subscribir o outorgamento de presente convenio e

EXPOÑEN

Que unha das tarefas fundamentais do Concello de Vigo é a mellora do benestar da súa cidadanía, sendo un elemento primordial para acadar este benestar a interacción desta co mercado laboral, así coma o fomento e dinamización empresarial do sector de transformación dos produtos da pesca e acuicultura, e tendo en conta que o desenvolvemento destas actividades de fomento do emprego veñen desenvolvéndose dende o ano 2013, integrándose no marco das políticas activas de emprego polas que a Concellería da Área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude asume a tarefa de colaborar coas entidades empresariais, sociais e veciñais máis significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter dinamizador, do tecido empresarial e polo tanto do emprego entre a cidadanía de Vigo, entre as que cabe destacar a celebración de eventos feirais e empresariais de índole internacional, estatal e autonómica as cales redundan no beneficio da cidade en xeral e das persoas desempregadas en particular; polo que con fundamento no artigo 3.3.b) da Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, non se considera, entre outras, como exercicio de novas competencias, a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores.

O Concello de Vigo ten dentro das súas propostas a redución da porcentaxe de persoas desempregadas, mediante un conxunto de accións de colaboración co entramado laboral, veciñal e social, entre as que figura, para acadar este obxectivo, a colaboración coas organizacións sen ánimo de lucro, de tal xeito que se mellore a dinamización empresarial, a contratación de persoas en situación de desemprego cara a búsqueda de emprego, o autoemprego e o fomento do emprendemento.

A celebración de feiras sectoriais e en concreto a de produtos do mar conxelados, permite:

- A dinamización sectorial, xa que é unha das maiores oportunidades de negocio para as empresas do sector radicadas en Vigo e a súa área de influencia. No contexto económico actual no que a viabilidade das empresas depende da súa capacidade exportadora, a “Feira internacional de produtos do mar conxelados” e o “Congreso Mundial FAO-Conxemar”, ofrecen a posibilidade de realizar múltiples contactos internacionais sen moverse e permite ademais que os potenciais clientes internacionais visiten as plantas de produción. Do mesmo xeito, a Feira funciona como un importante motor das exportacións sectoriais contribuíndo de feito ao mantemento da actividade e do emprego nas plantas de produción localizadas en torno á ría de Vigo. Soamente as empresas asociadas a Conxemar con instalacións na área de influencia de Vigo no ano 2021 facturaron máis de 4.000 millóns de euros, e manteñen máis de 7.000 empregos directos.
- A dinamización da actividade económica na cidade: ademais da proxección internacional da cidade, a celebración da Feira, xera un dos períodos de maior actividade anual nos sectores de hostalaría, restauración, taxi, comercio, tal e como se pode desprender dos datos da Feria realizada no ano 2022, no que tivo máis de 700 expo-

sitores de 44 países e 26.000 visitantes profesionais procedentes de 104 países. Calcúlase que cada visitante da “Feira internacional de produtos do mar conxelados” e o “Congreso Mundial FAO-Conxemar”, deixa na cidade unha media de 400 €/día. A celebración da feira é un dos períodos do ano no que os hoteis da cidade colgan o cartel de completo.

- O fomento do emprego derivado directamente da organización da “Feira internacional de produtos do mar conxelados” e o “Congreso Mundial FAO-Conxemar”, que implica a centos de persoas traballadoras de diferentes sectores durante quince días na súa instalación, desenvolvemento do evento e desmontaxe, contribuíndo directamente á contratación de postos de traballo de diversa índole para o desenvolvemento do evento.

MANIFESTAN

I.- Que a Asociación Española de Mayoristas, Importadores, Transformadores y Exportadores de Productos de la Pesca y Acuicultura (CONXEMAR), conforme á súa proposta presentada no rexistro xeral do Concello de Vigo con data 20 de marzo de 2023 (CÓD. SOLICITUDE: 230071866), conforme ao establecido nos seus estatutos asume, entre outros, os seguintes fins e actividades:

- a) promover o desenvolvemento empresarial, en beneficio do interese xeral e colaborar nun maior benestar social,
- b) a organización de feiras e exposicións monográficas ou multisectoriais tendentes á divulgación, fomento, orientación e promoción dos produtos da pesca e os seus derivados.

II.- Que o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía o dereito a fundar entidades sen ánimo de lucro destinadas a contribuír na defensa e promoción dos intereses económicos e sociais que lles son propios, como síntoma da boa saúde dun estado social e democrático de dereito no que a participación da cidadanía é fundamental.

Dentro das políticas activas de emprego en todas as súas vertentes, o Concello de Vigo asume a tarefa de colaborar coas entidades empresariais, sociais e veciñais máis significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter dinamizador, do tecido empresarial e polo tanto do emprego entre a cidadanía de Vigo, entre as que cabe destacar a celebración de eventos feirais e empresariais de índole internacional, estatal e autonómica as cales redundan no beneficio da cidade en xeral e das persoas desempregadas en particular.

III.- Que na devandida actividade a subvencionar e na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público, social, económico e humanitario; tendo en conta a situación socio-laboral actual na cidade de Vigo, no mes de xullo de 2023, segundo as publicacións realizadas polo SEPE:

Desemprego rexistrado:

CONCELLO	TOTAL DESEMPREGADOS/AS	MULLERES	HOMES
VIGO	17.230	10.051	7.179



Concello de Vigo

Desemprego rexistrado por sector de actividade:

ESTADÍSTICAS DE DESEMPREGO EN VIGO					
TOTAL	AGRICULTURA E PESCA	INDUSTRIA	CONSTRUCCION	SERVIZOS	SEN EMPREGO ANTERIOR
17.230	228	1.784	834	12.975	1.409

Estas circunstancias así como o profundo coñecemento do sector alimentario, e concretamente do relacionado cos produtos conxelados do mar, así como da súa implantación no sector empresarial e a existencia dunha partida nominativa nos orzamentos do Concello de 2023, para o desenvolvemento dun convenio coa Asociación Española de Mayoristas, Importadores, Exportadores y Transformadores de Productos de la Pesca y Acuicultura (CONXEMAR) para o fomento do emprego, xustifican a súa concesión directa.

IV.- Toda vez que de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente, os intervinientes conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita axuda, onde o obxecto é o fomento do emprego no marco da celebración da Feira Internacional de Produtos do Mar Conxelados, considerada a primeira do mundo no sector do conxelado durante o segundo semestre do ano, e que na edición en 2022 contou coa participación de 700 expositores de 44 países e 26.000 visitantes profesionais procedentes de 104 países de todo o mundo.

V.- Que CONXEMAR “Asociación Española de Mayoristas, Importadores, Transformadores y Exportadores de Productos de la Pesca y Acuicultura” non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese público que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade de CONXEMAR “Asociación Española de Mayoristas, Importadores, Transformadores y Exportadores de Productos de la Pesca y Acuicultura”, o Concello de Vigo e a dita entidade CONXEMAR conveñen a súa colaboración no ámbito de Vigo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes

PACTOS

Primeiro.- CONXEMAR “Asociación Española de Mayoristas, Importadores, Transformadores y Exportadores de Productos de la Pesca y Acuicultura”, comprométese a colaborar coa Concellería da Área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude do Concello de Vigo en canto á dinamización e fomento do emprego, así como nas labores da entidade e da dinamización sectorial das empresas adicadas ao conxelado de produtos do mar, a dinamización da actividade económica da cidade, e concretamente, a:

1. O fomento do emprego derivado directamente da organización da "Feira internacional de produtos do mar conxelados" e o "Congreso Mundial FAO-Conxemar" que implica a centos de persoas traballadoras de diferentes sectores durante quince días na súa instalación, desenvolvemento do evento e desmontaxe, contribuíndo directamente á contratación de postos de traballo de diversa índole para o desenvolvemento do evento
2. O fomento do emprego por mor da organización da "XXIV Feira internacional de produtos do mar conxelados" e a 11ª edición do "Congreso Mundial FAO-Conxemar" e os seus efectos sobre a pesca marina, a acuicultura e o comercio, o que implica a intervención de centos de persoas traballadoras de diferentes sectores durante quince días: nas actividades de montaxe na semana previa á celebración da Feira, durante a Feira e posteriormente na desmontaxe. A Feira mobiliza anualmente a preto de medio millar de persoas traballadoras entre o persoal contratado pola organización e o contratado directamente polas empresas expositoras.
3. Comunicar ao Concello de Vigo - Concellería da Área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude, o lugar, datas e horas de inicio das accións a desenvolver. Así mesmo, obrígase a comunicar calquera incidencia que imposibilite ou aprace a actividade requirida, que de ser o caso, comunicarse cunha antelación mínima de 5 días naturais á data da súa realización.
4. Nas oficinas de administrativas da entidade e na entrada ao recinto, deberá constar en lugar visible cartel informativo en modelo normalizado que será subministrado polo servizo de Emprego.
5. Calquera edición e/ou material gráfico relacionado coas accións deste convenio deberá aparecer o logotipo oficial do Concello de Vigo como patrocinador das accións, sendo esta cuestión extensible ás carpetas, distintivos e outros elementos que realicen.
6. Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.
7. Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.
8. As actividades de carácter sociolaboral recollidas no presente convenio destinaranse ao público en xeral. O seu acceso será aberto e gratuíto, limitándose o número de asistentes ao aforo do lugar onde se celebren.
9. Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
10. En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1. Colaborar na orientación, supervisión e avaliación das actividades realizadas.
2. Respetar a estrutura organizativa de CONXEMAR "Asociación Española de Mayoristas, Importadores, Transformadores y Exportadores de Productos de la Pesca y Acuicultura".
3. Conceder directamente a CONXEMAR "Asociación Española de Mayoristas, Importadores, Transformadores y Exportadores de Productos de la Pesca y Acuicultura" unha subvención total por importe de 100.000,00 € con cargo á partida nominativa 2410 4700003 – "CONVENIO FEIRA CONXEMAR", do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2023, para fomento do emprego por mor da organización das actividades previstas.



Concello de Vigo

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquer outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un anticipo a conta de ata un 50% da axuda outorgada polo Concello, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos. O 50% restante ingresarase unha vez se teña xustificado a totalidade do programa conveniado, tal como se establece na liquidación final.

A tal efecto e coa finalidade de cumprir co establecido no artigo 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvención, a entidade presentará declaración responsable de non atoparse en ningunha das situacións establecidas no artigo anteriormente referendado e, conforme ao artigo 31.6 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia de 13 de xuño.

Conforme ao previsto no artigo 42 e ss. do RD 887/2006, neste suposto optase por non esixir ningún tipo de garantía á entidade beneficiaria ao ter en conta, tanto o carácter social da actividade subvencionada, coma a traxectoria en anteriores colaboracións coa entidade.

Quinto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sexto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Queda fora deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incorrer para a realización, por si mesma, das actividades subvencionadas.

Sétimo.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión da imaxe institucional do Concello de Vigo en todas as actuacións publicitarias e de difusión que se realicen nas actividades da beneficiaria, debendo aparecer nestas co seu logotipo ou anagrama en calidade de colaborador de todas as actividades realizadas por esta entidade no ano 2023.

Oitavo.- A presente subvención está suxeita aos requisitos de publicidade esixidos por mor do artigo 3 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, resultando suxeitos obrigados polas disposicións do capítulo II do título I: os partidos políticos, organizacións sindicais e organizacións empresariais e as entidades privadas que perciban durante o período dun ano axudas ou subvencións públicas nunha contía superior a

100.000 euros ou cando polo menos o 40 % do total dos seus ingresos anuais teñan carácter de axuda ou subvención pública, sempre que alcancen como mínimo a cantidade de 5.000 euros

A presente subvención rexistrarase na BDNS no momento da concesión do convenio, conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro Xeral de Subvencións e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

Noveno.- A beneficiaria deberá xustificar no prazo máximo que remata o día **31 de outubro de 2023** o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá achegar unha conta xustificativa (integrada pola memoria de actividades e a memoria económica dos gastos incorridos) a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>, na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), a entidade beneficiaria está obrigada a relacionarse electronicamente coas Administracións Públicas.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da LXS establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas das facturas orixinais en papel asinadas dixitalmente.

Os documentos que requiran sinatura, **deberán asinarse electronicamente antes do seu envío a través da sede electrónica.**

En concreto, a beneficiaria deberá achegar os seguintes documentos para a xustificación dos fondos recibidos:

1º) Declaración responsable asinada electronicamente na que manifesten que a documentación dixitalizada que se achega para a xustificación da presente subvención é fiel reprodución da documentación orixinal e que son certos todos os datos reflectidos na documentación achegada para xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e da aplicación dos fondos recibidos.

2º) Memoria de actividades realizadas asinada electronicamente, de conformidade co proxecto achegado xunto coa solicitude de convenio, no que fundamentaron a concesión da subvención.

3º) Memoria económica dos gastos incorridos asinada electronicamente, cos xustificantes de pago dos gastos incorridos, á que se xuntarán as facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas das facturas orixinais en papel e/ou os demais documentos de valor probatorio equivalente, indicando na táboa o **nome de empresa**, o número de **NIF**, a **data**, o **número** de factura e o



Concello de Vigo

IVE. Computarase o gasto acreditado **deducindo o IVE**, salvo que se xustifique a exención do dito imposto e deberá indicarse o **importe que se imputa** á subvención (total/parcial):

- en ningún caso se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa, notas de entrega, albarás, resgardos bancarios...
- no caso de facturas electrónicas, a autenticidade da orixe e a integridade do seu contido, deben estar garantida por algún dos medios previstos legalmente (firma electrónica, código de verificación...)
- de conformidade co carácter finalista das subvención, non se admitirán facturas que correspondan a conceptos non orzamentados na memoria
- as facturas deben emitirse a nome da entidade perceptora da subvención.
- En caso de exención do IVE achegarse unha declaración responsable asinada electronicamente pola entidade de non dedución do IVE ou, no seu defecto, o acordo de exención do IVE correspondente.

- As retribucións de persoal xustificaranse mediante:
 - Contrato de traballo
 - Boletíns de cotización á Seguridade Social: Recibo de liquidación de cotizacións (tc1) e Relación nominal de traballadores (tc2), ou documento equivalente expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.
 - Nóminas correspondente aos meses imputados.
 - Modelo 111 (retencións e ingresos a conta do IRPF) e xustificantes do seu pagamento.
 - Documentos bancarios correspondentes que xustifiquen o pagamento das nóminas do persoal (transferencia bancaria, cheque nominativo, certificacións)

A parte do gasto do proxecto ou actividade **non subvencionada** xustificarase **con copias de facturas dixitalizadas asinadas electronicamente**, podendo substituírse pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto **ou** por unha **certificación** na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto de subvención foi executada na súa totalidade, indicando a contía do seu custe total.

4º) A beneficiaria deberá estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias (administracións estatal, autonómica e local) e coa Seguridade Social. Se a entidade se opón expresamente á verificación telemática destes datos polo Concello de Vigo, deberá achegar de novo os certificados correspondentes.

5º) Para o caso de que a entidade beneficiaria declare ter recibido outras subvencións para os mesmos gastos subvencionados nos Programas desta convocatoria, ou para a mesma finalidade procedentes de calquera das administracións públicas ou entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, deberá achegar copia electrónica da resolución de concesión das mesmas.

Conforme establece o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvención, no seo artigo 70.3, transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse esta ante o órgano administrativo competente, este requirirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada aos efectos previstos neste Capítulo. A falla de presentación da xustificación no prazo establecido neste apartado levará consigo a exixencia da reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei Xeral de Subvencións. A presentación da

xustificación no prazo adicional establecido neste apartado non eximirá ao beneficiario das sancións que, conforme á Lei Xeral de Subvencións, correspondan.

Décimo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7.e) da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

Décimo primeiro.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no ano 2023, de acordo co orzamento de custos do proxecto subvencionado achegado pola entidade.

A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda 40.000 € por execución de obra ou 15.000 € no caso de subministración ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

Décimo segundo.- A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polo persoal de Desenvolvemento Local e Emprego dependente da Concellaría de Emprego. A xefa de servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Emprego e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo cuarto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de mora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu orzamento, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo quinto.- En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento nos seus preceptos básicos, ou, no seu caso, o título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, e o previsto nas Lei 39 e 40, do 1 de outubro de 2015 e Título XI da Lei 7/1985, do 2 de abril.

Décimo sexto.- A beneficiaria está informada de que os datos persoais facilitados son indispensables para a xestión deste procedemento e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución da concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na lexislación de subvencións en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.



Concello de Vigo

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPDP do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito do fomento de emprego, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

Poderán obter máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org.

Décimo sétimo.- A colaboración do Concello de Vigo concrétase na concesión dunha subvención nominativa formalizada mediante o presente convenio, colaboración que non derivará en ningún tipo de relación laboral entre o Concello de Vigo e o persoal contratado directa ou indirectamente pola “Asociación Española de Mayoristas, Importadores, Transformadores y Exportadores de Productos de la Pesca y Acuicultura, (CONXEMAR)” no desenvolvemento das actividades indicadas no pacto primeiro.

Décimo oitavo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, asinan electrónicamente o presente convenio, en data das devanditas sinaturas

14(798).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DA RENDICIÓN DAS CONTAS XUSTIFICATIVAS DOS LIBRAMENTOS DE FONDOS A XUSTIFICAR (4º)- ANO 2023. 102959/140.

Visto o informe de fiscalización de data 15/09/2023, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado pola xefa do Servizo de Fiscalización e conformado polo interventor xeral e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Lexislación aplicable:

-
- Artigos 190 e 213 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.
- Artigo 69 do Real Decreto 500/1990 de 20 de abril.
- Base 23 das de Execución do Orzamento de 2023.

En relación á/s contas xustificativas dos seguintes pagos a xustificar:

<i>Habilitado</i>	<i>Nºpagamento</i>	<i>Aplicación orzamentaria</i>	<i>Importe librado</i>	<i>Importe xustificado</i>	<i>Data de pagamento</i>	<i>Data Real xustificación</i>	<i>Data legal de xustificación</i>	<i>Reintegro</i>	<i>S/ a favor</i>
Abalde Comesaña Raquel	202300041217	9120.2260100	2.500,00	636,20	11/04/23	06/07/23	11/07/23	1.863,80	---
Abalde Comesaña Raquel	202300048047	9120.2279910	1.000,00	0,00	18/04/23	14/07/23	18/07/23	1.000,00	---
Abalde Comesaña Raquel	202300048985	9120.2300000	800,00	0,00	21/04/23	06/07/23	21/07/23	800,00	---
Candia Paz Carla	202300044589	2410.2250100	645,15	645,15	13/04/23	18/07/23	13/07/23	0,00	---
Carballo Acuña Alberto	202300129714	1320.2250200	8.000,00	1.387,81	13/06/23	07/09/23	13/09/23	6.612,19	---
Carballo Acuña Alberto	202300129715	1320.2190000	500,00	0,00	13/06/23	07/09/23	13/09/23	500,00	---
Carballo Acuña Alberto	202300129716	1320.2200000	200,00	196,97	13/06/23	06/09/23	13/09/23	3,03	---
Couce Senra Óscar	202300080592	1532.2250100	600,00	0,00	28/04/23	14/07/23	28/07/23	600,00	---
Couce Senra Óscar	202300101628	1532.2312000	300,00	0,00	11/05/23	04/08/23	11/08/23	300,00	---
Domínguez Pereira Beatriz	202300139087	9201.2260300	3.148,05	0,00	30/06/23	13/07/23	30/09/23	3.148,05	---



Concello de Vigo

Habilitado	Nº pagamento	Aplicación orzamentaria	Importe librado	Importe xustificado	Data de pagamento	Data Real xustificación	Data legal de xustificación	Reintegro	S/ a favor
García Álvarez Luis	202300048045	3371.2250000	263,45	263,45	18/04/23	02/08/23	18/07/23	0,00	---
Vega Andión Óscar Miguel	202300047969	9310.1620000	250,00	250,00	17/04/23	31/05/23	17/07/23	0,00	---
TOTAL			18.206,65	3.379,58				14.827,07	

Procedeuse a comprobar por esta Intervención :

Alcance da fiscalización	Si	Non
Se rendiron no prazo establecido a excepción das ordes de pago a xustificar n.º 202300044589 de Candia Paz Carla e 202300048045 de García Álvarez Luis.	✓	
A conta está debidamente asinada e están relacionadas as facturas e documentos orixinais a excepción dalgúns supostos nos que non se procede formalmente a citada enumeración.	✓	
Os gastos concretos e determinados son adecuados ó fin para o que se entregaron os fondos.	✓	
Acreditase a realización efectiva e conforme dos gastos e servizos, así como a realización material do pagamento ó acreedor da factura ou xustificante.	✓	
Inclúese, mandato de pagamento, se procede, acreditativo do reintegro sobrante.	✓	

Resultado da fiscalización

De conformidade	Con observacións	De disconformidade
	As ordes de pago a xustificar n.º 202300044589 de Candia Paz Carla e 202300048045 de García Álvarez Luis.	

A diversa documentación que compón as contas xustificativas, deberá ser unida ó mandato de pagamento orixinal despois da súa aprobación pola Xunta de Goberno Local.

PROPOSTA

A base 23 das Bases de Execución do Orzamento Xeral do ano 2023 indica que as contas xustificativas rendidas polos seus perceptores deberán ser aprobadas pola Xunta de Goberno Local, polo que se propón a este órgano a aprobación das seguintes:

Habilitado	Nº pagamento	Aplicación orzamentaria	Importe librado	Importe xustificado	Data de pagamento	Data Real xustificación	Data legal de xustificación	Reintegro	S/ a favor
Abalde Comesaña Raquel	202300041217	9120.2260100	2.500,00	636,20	11/04/23	06/07/23	11/07/23	1.863,80	---

<i>Habilitado</i>	<i>Nºpagamento</i>	<i>Aplicación or- zamentaria</i>	<i>Importe librado</i>	<i>Importe xustifi- cado</i>	<i>Data de pagamen- to</i>	<i>Data Real xustica- ción</i>	<i>Data legal de xustifica- ción</i>	<i>Reinte- gro</i>	<i>S/ a favor</i>
Abalde Comesaña Ra- quel	202300048047	9120.2279910	1.000,00	0,00	18/04/23	14/07/23	18/07/23	1.000,00	—
Abalde Comesaña Ra- quel	202300048985	9120.2300000	800,00	0,00	21/04/23	06/07/23	21/07/23	800,00	---
Candia Paz Carla	202300044589	2410.2250100	645,15	645,15	13/04/23	18/07/23	13/07/23	0,00	—
Carballo Acuña Alberto	202300129714	1320.2250200	8.000,00	1.387,81	13/06/23	07/09/23	13/09/23	6.612,19	---
Carballo Acuña Alberto	202300129715	1320.2190000	500,00	0,00	13/06/23	07/09/23	13/09/23	500,00	---
Carballo Acuña Alberto	202300129716	1320.2200000	200,00	196,97	13/06/23	06/09/23	13/09/23	3,03	---
Couce Senra Óscar	202300080592	1532.2250100	600,00	0,00	28/04/23	14/07/23	28/07/23	600,00	---
Couce Senra Óscar	202300101628	1532.2312000	300,00	0,00	11/05/23	04/08/23	11/08/23	300,00	---
Domínguez Pereira Beatriz	202300139087	9201.2260300	3.148,05	0,00	30/06/23	13/07/23	30/09/23	3.148,05	---
García Álvarez Luis	202300048045	3371.2250000	263,45	263,45	18/04/23	02/08/23	18/07/23	0,00	—
Vega Andión Óscar Mi- guel	202300047969	9310.1620000	250,00	250,00	17/04/23	31/05/23	17/07/23	0,00	---
TOTAL			18.206,65	3.379,58				14.827,07	

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(799).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN EMPRESARIAL COA ENTIDADE VEGO SUPERMERCADOS, S.A.U. PARA A COLABORACIÓN NA REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE SENSIBILIZACIÓN E EDUCACIÓN MEDIOAMBIENTAL. EXPTE. 16888/306.

Visto o informe de fiscalización do 19/09/2023, dáse conta do informe-proposta de data 18/09/2023, asinado polo xefe do Servizo de Medio Ambiente e conformado pola concelleira-delegada e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:



Concello de Vigo

Antecedentes

1.- A terceira tenente de alcalde e concelleira da Área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude en data do 15 de setembro de 2023, acordou inicialo procedemento administrativo para a realización dun convenio de colaboración empresarial entre o Concello de Vigo e a entidade Vego Supermercados, S.A.U. tendente ao desenvolvemento de actividades dentro do programa municipal “Camiño a Camiño” e outras colaboracións en materia de sensibilización ambiental.

2.- O xefe do Servizo de Medio Ambiente redacta memoria xustificativa sobre o convenio de colaboración, redacta unha proposta de convenio asinadas dixitalmente o 15 de setembro de 2023, e conformadas pola concelleira delegada de Medio Ambiente na mesma data.

3.- A representación legal da entidade Vego Supermercados, S.A.U. achega escrito (doc.230295022, de data 18/09/2022) asinando electrónicamente o proxecto de convenio en proba de de conformidade. Tamén, ten remitido certificacións de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias e coa seguridade social e consta copia da escritura pública de apoderamento do representante legal da entidade.

Fundamentos de dereito

O Concello de Vigo, ao abeiro do establecido no artigo 25.2., apartados b) e l), da vixente Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, nos termos da lexislación do Estado e das CC.AA., ten atribuído competencias no “medio ambiente urbano”, “residuos” e, tamén, na “ocupación do tempo de lecer”, fomento de hábitos de vida saudables.

A Área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude, ten atribucións, por delegación de competencias do alcalde de data 03 de xullo de 2023 (BOPPO 14/07/2023), en materia medioambiental, entre as que destacan, desenvolver programas e campañas de información, educación, sensibilización e concienciación social en relación coa protección do medio ambiente, tamén, o fomento de hábitos de vida saudables.

A protección do medio ambiente exércese non so a través dos procedementos e disciplina medioambiental, senón tamén a través de políticas de sensibilización, educación e concienciación da cidadanía en materia medioambiental.

As distintas leis sectoriais, tanto estatais como da C.A. de Galicia, recollen dentro dos seus principios inspiradores, a educación ambiental, a sensibilidade e concienciación da cidadanía polo respecto e protección do medio ambiente.

A Lei 1/1995, de 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia establece no seu artigo 2.e), como un dos principios inspiradores da Lei, o da promoción da educación ambiental e da concienciación cidadá, en tódolos sectores sociais, para una eficaz defensa dos valores ambientais, a fin de que, de acordo coa información obxectiva, completa e actual, poida participar a totalidade da poboación na defensa do seu medio ambiente.

Neste sentido, o Concello de Vigo a través da Concellería de Medio Ambiente ben realizando actividades de sensibilización e educación medioambiental nos últimos anos dentro do programa Camiño a Camiño e outros.

A Xunta de Goberno Local, a proposta do servizo de Medio Ambiente, autorizou en sesión do 1 de setembro de 2023, o proxecto de actividades de sensibilización medioambiental percorridos medioambientais de outono a carón da botánica a desenvolver de outubro a novembro de 2023, segundo expte. 16847/306.

A execución das actividades obxecto do proxecto pretenden desenvolverse parcialmente través dun convenio de colaboración empresarial que prevé o artigo 25 da Lei 49/2002 de, 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ó mecenazgo. Este establece que se entenderá por convenio de colaboración empresarial en actividades de interese xeral para os efectos previstos nesta Lei, aquel polo que as entidades a que se refire o artigo 16 (entre as que están as entidades locais) a cambio dunha axuda económica (pode ser en especie) para a realización das actividades que efectúen en cumprimento do obxecto ou finalidade específica da entidade, se comprometen por escrito a difundir, por calquera medio, a participación do colaborador nas citadas actividades.

En cumprimento do apartado terceiro da parte resolutiva do dito acordo da Xunta de Goberno Local do 01 de setembro de 2023, no que se indica:

(...)

Terceiro.- Publicar no Portal de Transparencia municipal o presente acordo e o proxecto de actividades aos efectos de que as entidades empresarias interesadas no prazo de cinco días hábiles acheguen solicitude de colaboración nos termos previstos no artigo 25 da Lei 49/2002 de, 23 de decembro, conforme o modelo que se inclúe como anexo.

(...)

procedeuse a publicación do acordo íntegro que inclúe o texto do proxecto de actividades, no Portal de Transparencia do Concello de Vigo en data 07/09/2023.

Durante o prazo indicado de cinco días hábiles que rematou o 14/09/2023, foi presentada unicamente unha solicitude de colaboración empresarial en especie no “proxecto de actividades de sensibilización medioambiental:percorridos medioambientais de outono, a carón da botánica, dentro do programa camiño a camiño 2023”, da entidade Vego Supermercados, S.A., executando directamente a totalidade das actividades proxectadas e o seu transporte cuxo importe total destas actividades ascende a 22.374,00, IVE engadido, (doc. 230292806, de data 14/09/2023)

A terceira tenente de alcalde e concelleira da Área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude en data do 15 de setembro de 2023, acordou inicialo procedemento administrativo para a realización dun convenio de colaboración empresarial, e redactouse a correspondente memoria xustificativa e proposta de convenio ao abeiro do artigo 25 da Lei 49/2002 de, 23 de decembro,

En virtude do convenio, a referida entidade pretende colaborar co Concello de Vigo:



Concello de Vigo

No programa municipal Camiño a Camiño asumindo a contratación e custe do monitorado, organización e transporte de percorridos das cinco rutas por Vigo e zonas próximas, que se realizarán os días 29 de outubro e 5, 12, 19 e 26 de novembro de 2023; previstas no proxecto de actividades de sensibilización medioambiental, percorridos medioambientais de outono a carón da botánica, aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local en sesión do 1 de setembro de 2023, segundo expte. 16847/306, ata un importe máximo de 22.374,00 euros (IVE engadido), en colaboración co Concello de Vigo. Vego Supermercados, S.A.U. contratará e pagará directamente os servizos de monitorizaxe, organización e transporte das referidas actividades ata o importe citado.

Na difusión, a iniciativa do Concello de Vigo, nas tendas de Vego Supermercados, S.A.U en Vigo de material promocional e de apoio do programa Camiño a Camiño.

Pola súa banda, o Concello obrigaríase a incluír o logotipo e nome da entidade mercantil nas accións divulgativas das actividades do programa “Camiño a Camiño” que desenvolva, tamén, en folletos ou calquera outra información de difusión pública do programa.

O presente convenio constitúe un convenio de colaboración empresarial en actividades de interese xeral de fomento de actividades de sensibilización e educación ambiental cara a protección do medio ambiente, segundo o artigo 25 da Lei 49/2002, de 23 de decembro en virtude do cal o Concello de Vigo a cambio dunha axuda económica, neste caso en especie que consiste na execución directa das actividades de interese xeral municipal, se compromete por escrito a difundir, por calquera medio, a participación do colaborador en ditas actividades.

O obxecto deste convenio está excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP), ao abeiro do establecido nos artigos 4 e 6.2. e habida conta que o Concello de Vigo non efectúa ningunha disposición dineraria en favor da referida entidade mercantil conveniente, tampouco cabe suxeitar este á lexislación de subvencións (artigo 2.1. da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións “a sensu contrario”).

O convenio de que se trata é un convenio de colaboración empresarial en actividades de interese xeral que prevé o artigo 25 da Lei 49/2002 de, 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ó mecenazgo, ten natureza administrativa e encádrase dos que, con carácter xeral, ao abeiro dos artigos 47.2.c) da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, 5 e 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), en relación cos artigos 111 do Rdl 781/1986, de 2 de abril, 6.2. e 34 da LCSP, poden realizar as Administracións Públicas con persoas xurídico privadas, co obxecto de satisfacer os intereses públicos que teñen encomendados, no presente caso a protección do medio ambiente.

Os pactos que o convenio incorpora estímanse conformes ao interese público que este persigue e ao ordenamento xurídico e suficientes, coa demais documentación do expediente, ao fin pretendido.

Pola súa banda, consta no expediente a documentación legalmente esixida e o esquema do convenio axústase ao establecido na base 40ª.4. das de execución do vixente orzamento

municipal e artigos 47 a 52 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público

O convenio non implica gastos para o Concello.

É competente para a aprobación do convenio a Xunta de Goberno Local habida conta das competencias que ten atribuídas ao abeiro do establecido no artigo 127.1. da LRBRL en relación co artigos 4 e 6.2. e Disposición adicional segunda da LCSP.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

Aprobar a proposta de convenio de colaboración empresarial entre o Concello de Vigo e a entidade mercantil Vego Supermercados, S.A.U., CIF A36651313, para o desenvolvemento de actividades de sensibilización e concienciación social en relación coa protección do medio ambiente, especialmente urbano, ocupación do tempo de lecer e fomento de hábitos de vida saudables en actividade medioambientais conforme aos informes e documentación obrante no expediente número 16888/306 e co texto que de seguido se indica.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

“CONVENIO DE COLABORACIÓN EMPRESARIAL ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE VEGO SUPERMERCADOS, S.A.U. (GRUPO VEGALSA-EROSKI) EN ACTIVIDADES DE INTERESE XERAL

En Vigo, na data da sinatura electrónica

REUNIDOS

Dunha parte, o Excmo. Sr. D. Abel Caballero Álvarez, na súa calidade de Alcalde do Concello de Vigo (CIF P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei, 1, de Vigo.

E doutra, D. Joaquín González Iglesias, director xeral da entidade mercantil Vego Supermercados, S.A.U. (pertencente ó grupo empresarial VEGALSA-EROSKI), con CIF A-36651313, e domicilio Social en rúa Gambrinus nº11, 15008-La Coruña, na representación desta, segundo resulta da Escritura de Poder realizada ante o Notario de Vigo Don Gerardo García Boente Sánchez, en fecha 29/12/1998, co número 3666 do seu Protocolo.

Tendo, daquela os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

1. O artigo 25.2., apartados b) e l), da vixente Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, segundo modificacións introducidas por Lei 2/2013, de 27 de decembro, outorga competencias aos Municipios, nos termos da lexislación do estado e das CC.AA., no “medio ambiente urbano” e, tamén, “ocupación do tempo de lecer”.



Concello de Vigo

A Área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude, ten atribucións, por delegación de competencias do alcalde de data 03 de xullo de 2023 (BOPPO 14/07/2023), en materia medioambiental, entre as que destacan, desenvolver programas e campañas de información, educación, sensibilización e concienciación social en relación coa protección do medio ambiental, tamén, o fomento de hábitos de vida saudables.

Neste sentido, o Concello de Vigo: a través da Concellería de Medio Ambiente ben realizando actividades de interese xeral de sensibilización e educación medioambiental nos últimos anos dentro do programa “camiño a camiño” e outros.

Estas actividades medioambientais tentan achegar a cidadanía á natureza, aos recursos naturais, á flora e fauna existentes na nosa contorna, fomentando hábitos de vida saudables, sustentables, ocupación do tempo de lecer, mediante camiñatas, accións formativas dando a coñecer a natureza de Vigo, a comarca e Galicia enteira, na que participan anualmente un elevado número de veciños e que, en definitiva, pretende fomentar a sensibilización e concienciación social en relación coa protección do medio ambiente urbano.

A promoción de boas prácticas cidadás relativas á xestión sustentable dos residuos, a reciclaxe, a eficiencia enerxética e outros que contribúen á utilización responsable dos recursos dispoñibles.

A Xunta de Goberno Local, a proposta da concelleira de Medio Ambiente, autorizou en sesión do 1 de setembro de 2023, o proxecto de actividades de sensibilización medioambiental percorridos medioambientais de outono, a carón da botánica, a desenvolver de outubro a novembro de 2023, segundo expte. 16847/306.

2. Que Vego Supermercados, S.A.U. é unha compañía galega de distribución alimentaria pertencente ó grupo empresarial VEGALSA-EROSKI, con presenza en todo o territorio galego, mediante 240 supermercados, 9 plataformas de distribución e redistribución de mercadorías; frota de camións e unha Escola da Distribución Alimentaria; ten máis do 20% da cota do sector en Galicia, emprega a 4.500 traballadores, sendo a sexta empresa do país pola súa facturación; ten entre os seus valores o respecto ao medio ambiente e o desenvolvemento de políticas de sustentabilidade.

3. Que a compañía, fundada en Vigo por Ventura González Prieto, mantén na rúa Ventura González Prieto (antes rúa Troncal) unha Plataforma de distribución, con Vego Supermercados, S.A.U e outras empresas do grupo. Dispón de 500 traballadores en persoal en Vigo, con vinte tendas, oficinas centrais e unha plataforma loxística.

4. Que entre as súas actuacións desenvolve o proxecto “Desenvolvemento Sustentable. Residuo Cero” que valorou o conxunto de actividades e melloras ambientais posto en marcha pola compañía e do cal se expón o “proxecto Tenda Sustentable”. Desenvolve ademais unha campaña anual de sensibilización ambiental dirixida aos seus clientes e á sociedade galega, centrada nos máis pequenos coa lema “Dálle cor á natureza”. Igualmente realiza unha actuación anual de “Plantación de Árbores” na que implica aos seus traballadores, como compensación do CO2 emitido pola súa frota de camións e o conxunto da súa actividade.

O proxecto “Tenda Sustentable” recolle as propostas e investimentos do Grupo VEGALSA-EROSKI no medio ambiente e sustentabilidade, así como un conxunto de accións concretas de eficiencia enerxética e de plans de xestión de residuos, reciclado, aforro de auga, control de emisións, procesos loxísticos e medio ambiente, etc., a implantar tanto nas tendas das distintas insignias como nos sistemas centrais de xestión da compañía, nas plataformas de distribución e na frota de vehículos.

5.- Que a finalidade do convenio é acadar a colaboración da empresa Vego Supermercados, S.A.U., co Concello de Vigo no fomento de actividades de sensibilización e educación ambiental cara a

protección do medio ambiente, todas elas de interese xeral, nos termos do artigo 25 da Lei 49/2002, de 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.

6.- Que o presente convenio constitúe un convenio de colaboración empresarial en actividades de interese xeral de fomento de actividades de sensibilización e educación ambiental cara a protección do medio ambiente, segundo o artigo 25 da Lei 49/2002, de 23 de decembro en virtude do cal o Concello de Vigo, a cambio dunha axuda económica en especie, execución directa das actividades que efectúen en cumprimento do obxecto ou finalidade específica da entidade, se comprometen por escrito a difundir, por calquera medio, a participación do colaborador en ditas actividades

Ambas as partes consideran a conveniencia de establecer este convenio de colaboración e

ESTIPULAN

PRIMEIRO.- Que a entidade Vego Supermercados, S.A.U. comprométese a colaborar, no que lle fose posible, co Concello de Vigo: Concellería de Medio Ambiente, no marco dos seus programas de sensibilización e educación ambiental e, en particular, a:

- Colaborar no programa municipal Camiño a Camiño asumindo a contratación e custe do monitorado, organización e transporte de percorridos das cinco rutas por Vigo e zonas próximas, que se realizaran os días 29 de outubro e 5, 12, 19 e 26 de novembro de 2023; previstas no proxecto de actividades de sensibilización medioambiental, percorridos medioambientais de outono a carón da botánica, aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local en sesión do 1 de setembro de 2023, segundo expte. 16847/306, ata un importe máximo de vinte e dous mil trescentos setenta e catro euros (22.374,00 euros), IVE engadido, en colaboración co Concello de Vigo. Vego Supermercados, S.A.U. contratará e pagará directamente os servizos de organización, monitorizaxe e transporte das referidas actividades ata o importe citado, sempre e cando a entidade que realice as citadas actividades se obrigue a realizalas e as realice nos mesmos termos contemplados no proxecto aprobado, emita a correspondente factura en forma, e se encontre habilitada e ó corrente das súas obrigas legais de todo tipo, que eximan ou releven a Vego Supermercados, S.A.U. de calquera responsabilidade derivada daquelas (obrigas tributarias, de persoal, de riscos laborais, seguro de responsabilidade civil, etc.). Noutro caso, ditas actividades substituiránse por outras proxectadas que si reúnan ditas características.

- Difundir, a iniciativa do Concello de Vigo, nas tendas de Vego Supermercados, S.A.U en Vigo material promocional e de apoio do programa Camiño a Camiño, o cal lle será proporcionado de forma totalmente gratuíta polo Concello de Vigo ós devanditos efectos.

- Colaborar cos medios que lle fose posible na xestión de residuos e reciclado dos consumidores.

- Calquera outra actuación que ámbalas dúas partes acorden en referencia ao medio ambiente e desenvolvemento sustentable.

SEGUNDO.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

Incluír o logotipo e nome (razón social ou denominacións comerciais, segundo proceda) da entidade mercantil nas accións divulgativas das actividades do programa camiño a camiño que desenvolva, incluíndo expresamente a súa referencia en folletos e calquera outra información de difusión pública do programa.

Non se consideran accións divulgativas a información do programa na páxina web do Concello de Vigo.



Concello de Vigo

O Concello de Vigo emitirá o xustificante fiscal que resulte oportuno polo importe obxecto da achega económica pactada na anterior estipulación.

O Concello de Vigo será responsable integramente dos contidos dos devanditos programas e accións divulgativas, toda vez que é o creador destes.

TERCEIRO.- Tódalas accións de difusión do programa “camiño a camiño” e demais campañas de sensibilización ambiental derivadas deste convenio, deberán partir do Concello de Vigo e de conformidade coas súas instrucións, quedando expresamente prohibido á entidade mercantil conveniente realizar as devanditas actividades divulgativas sen expresa autorización do Concello de Vigo.

CUARTO.- O presente convenio terá vixencia de un ano a partir da data da súa sinatura e non poderá prorrogarse.

En todo caso, se á citada data, se encontrase en proceso algunha das accións ou campañas de colaboración derivadas do presente convenio, manteranse os dereitos e obrigas de ambas partes derivados do Convenio ata a finalización desta, conforme ó prazo ou datas de duración establecidas polo Concello de Vigo.

QUINTO. - Para o seguimento e control do cumprimento do convenio, así como para aclarar as dúbidas que suscite a súa interpretación, constituirase unha Comisión de Coordinación da que formen parte dous representante da mercantil Vego Supermercados, S.A.U., a concelleira da Área de Medio Ambiente que actuará como presidenta e un técnico municipal deste servizo.

Esta comisión reunirse no prazo de cinco días a contar da petición expresa realizada por calquera das partes, no Concello de Vigo.

SEXTO.- Conforme ao establecido na normativa sobre transparencia, acceso á información pública e bo goberno, o presente convenio será publicado na web do Concello de Vigo.

SÉPTIMO.- A mercantil Vego Supermercados, S.A.U. está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais. Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e o Consello, de 27 de abril de 2016, e na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento o Concello de Vigo: Concellería de Medio Ambiente e Vida Saudable.

A referida entidade poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Concello de Vigo: Concellería de Medio Ambiente.

O Concello de Vigo recoñece expresamente que a mesma información lle foi facilitada por Vego Supermercados, S.A.U. en relación ós datos de carácter persoal contidos no presente documento, que serán asimesmo incorporados ós ficheiros correspondentes daquela e tratados ós fins derivados do Convenio, podendo exercitar o Concello de Vigo os dereitos de acceso, rectificación oposición e cancelación ante a entidade Vego Supermercados, S.A.U. no seu domicilio social.

OITAVO.- O presente convenio encádrase dentro dos convenios de colaboración empresarial en actividades de interese xeral que prevé o artigo 25 da Lei 49/2002 de, 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ó mecenazgo, ten natureza administrativa e non se considera un contrato administrativo ó abeiro do establecido nos artigos 4 e 6.2. da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ó

ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014; rexerese pola súa normativa específica, aplicándose os principios da lei de contratos para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse, polos pactos que se conteñen neste convenio, as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais, os artigos 47 a 52 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado. No suposto de diverxencias na interpretación e execución deste, será a orde xurisdiccional contencioso-administrativa a competente para a súa resolución.

E en proba de canto antecede, as partes que interveñen asinan este convenio por duplicado exemplar e a un só efecto no lugar e data indicada no seu encabezamento.

POLO CONCELLO DE VIGO,
O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez

POR VEGO SUPERMERCADO, S.A.U.
O DIRECTOR XERAL
Joaquín González Iglesias

DOU FE,
A secretaria de Goberno Local
Susana Gallardo Fariña””

16(800).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE “MELLORA DO ASCENSOR INCLINADO SITO NA RÚA JUAN RAMÓN JIMÉNEZ, ENTRE MENÉNDEZ PELAYO E CAMELIAS, NO CONCELLO DE VIGO”. EXPTE. 6147/443.

Dáse conta do informe-proposta de data 12/09/2023, asinado pola técnica de Xestión e xefa do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, e conformado polo xefe do Servizo de Servizos Xerais e polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

I.- O Concelleiro-Delegado da Área de Fomento en data 19.01.2023 resolveu autorizar o gasto e adjudicar o contrato menor para a redacción do proxecto para a mellora do ascensor inclinado situado na Rúa Juan Ramón Jimenez, entre Menéndez Pelayo e Camelias a favor da mercantil EPTISA SERVICIOS DE INGENIERIA S.L..

II.- A devandita mercantil presenta trala fase de supervisión, proxecto de “MELLORA DO ASCENSOR INCLINADO SITO NA RÚA JUAN RAMÓN JIMÉNEZ, ENTRE MENÉNDEZ PELAYO E CAMELIAS, NO CONCELLO DE VIGO”, redactado polo Graduado en Enxeñería Industrial Mecánica D. Rubén Eduardo Otero González, cun orzamento base de licitación máis IVE de DOUSCENTOS NOVE MIL ONCE EUROS CON CATRO CÉNTIMOS (209.011,04 €).

III.- A Enxeñeira Industrial en data 21.07.2023 informou que o documento borrador presentado cumpre cos obxectivos do contrato, polo que o Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos, a proposta do Técnico de Administración Xeral e xefe do Servizo administrativo e de control orzamentario, en data 21.07.2023 resolveu iniciar expediente para a aprobación do citado proxecto.



Concello de Vigo

IV.- A zona de actuación limitase ao ascensor que conecta a rúa Menéndez Pelayo coa avenida de Camelias á altura do número 46, concretamente neste desembarco será previsiblemente a zona de provisións e de acceso ás obras que se executarán entre os dous laterais do percorrido do ascensor. As obras a executar enuméranse a seguir;

- Recrecido do solo do sala de máquinas cunha pequena pendente cara os sumidoiros para facilitar a evacuación das augas pluviais.
- Sumidoiro lonxitudinal na sala de máquinas, entre o perímetro dos muros e o solo para recoller as augas canalizándoas aos desaugadoiros.
- Limpeza dos muros da sala de máquinas e tratamento superficial para evitar a proliferación de líquenes, algas e microorganismos.
- Selado ou substitución dos compoñentes do ascensor que permiten entrada de auga como os cambios e finais mecánicos, canaletas de oco, pantallas de alumeado do oco do elevador, etc.
- Mellora da iluminación no interior do oco do elevador.
- Instalación de liñas de vida ao longo de todo o recorrido do oco do ascensor.
- Substitución dos mecanismos das portas de corredores e cabina de ambos embarques (eixos, elementos bloqueo e desbloqueo, portas, operados de cabina e mecanismo de descanso).
- Instalación de pasamáns nas escaleiras de emerxencia para facilitar a evacuación da cabina do ascensor e o acceso a este de forma segura.
- Instalación de alumeado nas escaleiras de emerxencia para mellorar a visibilidade.
- Ampliación do oco e substitución da reixa de acceso ao oco do ascensor para a inspección do ascensor dende a sala de máquinas.
- Ampliación do acceso á sala de máquinas con nova trampilla de inspección e escaleira con oco libre mínimo de 80x80cm e con contrapesos.
- Ampliación do acceso ao foso (rúa Menéndez Pelayo) con nova trampilla de inspección e escaleira con oco libre de 80x80cm e con contrapesos.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de (CINCO) 5 meses.

V.- A Enxeñeira Técnica de Obras Públicas da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. e Asistencia Municipal emite en data 07.09.2023 informe de supervisión do proxecto obxecto deste expediente, indicando o seguinte:

“(…)

No aspecto urbanístico trátase dunha actuación nun vial de titularidade municipal e as obras ás que se refire o proxecto non modifican nin os usos nin as dimensións da rúa.

Tendo en consideración que aínda que as obras propostas atópanse dentro da zona de servidume aeronáutica, non presentan en ningún momento unha altura superior á xa existente de luminarias e demais elementos que conforman o perfil da zona. En consecuencia, entenderase que non é preciso o requirimento da autorización, por non elevar o perfil existente na súa contorna.

Inclúese táboa de revisión dos principais aspectos e consideracións verificados do proxecto, anexa ao presente informe.

CONCLUSIÓN:

Os custes unitarios incluídos no proxecto, considéranse axeitados para a execución do contrato, estímase que son prezos xerais de mercado.

A documentación do proxecto considérase completa, e o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola “Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014” (en adiante, LCSP) e polo “Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro”, polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei.”

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP , e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas , aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal (artigo 214 do Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, aprobado por R.D.2/2004, de 5 de marzo).



Concello de Vigo

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo que á vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

Aprobar o proxecto de “MELLORA DO ASCENSOR INCLINADO SITO NA RÚA JUAN RAMÓN JIMÉNEZ, ENTRE MENÉNDEZ PELAYO E CAMELIAS, NO CONCELLO DE VIGO”, redactado polo graduado en Enxeñaría Industrial Mecánica D. Rubén Eduardo Otero González, cun orzamento base de licitación máis IVE de DOUSCENTOS NOVE MIL ONCE EUROS CON CATRO CÉNTIMOS (209.011,04 €) e asinado dixitalmente en data 6 de setembro de 2023.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

17(801).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE PUBLICIDADE PARA AS CAMPAÑAS E ACCIÓNS DE COMUNICACIÓN, PUBLICIDADE E PROMOCIÓN TURÍSTICA IMPULSADAS DESDE O SERVIZO DE TURISMO DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 8279/104.

Visto o informe xurídico de data 12/09/2023 e o informe de fiscalización do 18/09/2023, dáse conta do informe-proposta de data 11/09/2023, asinado pola técnica en actividades turística e conformado pola concelleira-delegada de Turismo, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP) no que no se opoña á Lei 9/2017.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA).

Antecedentes:

- A xustificación da necesidade e idoneidade do contrato á que se refire o artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP), previa á resolución de inicio do expediente, foi asinada o 01/06/23

- Memoria económica de data 06/09/23, relativa aos seguintes extremos:
 - Xustificación do prezo do contrato, do orzamento base de licitación e do valor estimado do contrato (e o seu método de cálculo) aos que fai referencia o artigo 102 LCSP, en base a distintas certificacións e memorias xustificativas de anteriores contratos de promoción turística e doutros contratos deste Concello, nos que se prestaban estas actuacións.
 - Xustificación de que o contrato non suporá desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).
 - Forma de aboamento do prezo (artigo 67.2ñ do RLCAP).
 - Retención de crédito de data 05/06/23 (operacións nº 127640 e Nº127643).
 - Prego de prescricións técnicas particulares (artigo 116.3 LCSP), de data 08/06/23
 - Memoria xustificativa de data 12/06/23 relativa aos seguintes extremos:
 - Xustificación da non división do contrato en lotes (artigo 99.3 da LCSP) e, no seu caso, a xustificación do establecemento de limitacións aos licitadores (artigo 99.4 da LCSP).
 - A xustificación do procedemento elixido (artigo 116.4 LCSP) resulta innecesaria por tratarse dun procedemento aberto.
 - Xustificación do prazo de duración dos contratos e de execución da prestación (artigo 29 LCSP)
 - Xustificación da elección do criterio de adjudicación e da súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP); así como a xustificación da fórmulas de valoración (artigo 146.2LCSP).
 - Lugar de entrega dos bens obxecto do contrato (artigo 67,5.f e 67.7.e RLCAP).
- Informe do servizo de contratación de que o expediente reúne toda a documentación esixida pola lexislación vixente en materia de contratación pública asinado en data 11/08/23
- Prego de cláusulas administrativas particulares asinado pola servizo de contratación de data 06/09/23

Fundamentos de dereito

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP, iniciarase polo Órgano de Contratación motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no artigo 28 desta lei. No Concello de Vigo esta competencia esta delegada por Resolucións da Xunta de Goberno Local nos concelleiros delegados de área de goberno e nos concelleiros delegados de data 22 de xuño de 2023 e BOP n.º 123 de data 27 de xuño de 2023.



Concello de Vigo

A Concelleira delegada de Turismo mediante resolución de 01/06/23 autorizou o inicio da tramitación deste expediente de contratación.

Segundo.- O procedemento elixido para a contratación é o procedemento aberto con varios criterios de adxudicación en aplicación dos artigos 131.2, 145, e 156.1 de la Lei 9/2017, conforme aos términos e requisitos establecidos en dito texto legal.

Terceiro.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e no mesmo consta, tal e como prevé o artigo 116 apartados 2 e 3 da LCSP o prego de cláusulas administrativas particulares e o prego de prescricións técnicas.

Cuarto.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato de conformidade cos artigos 28 e 116.1 da LCSP.

Quinto.- Na memoria xustifícase a non división en lotes (artigo 116.4.g) LCSP), o prezo e a súa xustificación (artigo 100 e seguintes LCSP), o prazo de duración e de execución (art. 29 LCSP), o valor estimado do contrato (artigo 116.4.d) LCSP, os criterios de adxudicación e fórmulas de valoración (artigo 145 e 146 LCSP), modificacións do contrato (artigo 207 da LCSP)

Sexto.- De conformidade coa disposición adicional terceira, apartado 8 da LCSP e a disposición adicional oitava, apartado e) da Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), se require o informe preceptivo da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

Sétimo.- O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento, xunto co informe de fiscalización previa, incorporárase pola Intervención Xeral ao procedemento con carácter previo á aprobación polo órgano de contratación.

Oitavo.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto na Disposición adicional segunda apartado 11 da LCSP. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 LCSP) e implicará a aprobación do gasto.

Noveno.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª . 4 LCSP)

Á vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Primeiro: Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto de **CONTRATACIÓN DA XESTIÓN DOS SERVIZOS DE PUBLICIDADE PARA AS CAMPAÑAS E ACCIÓNS DE COMUNICACIÓN, PUBLICIDADE E PROMOCIÓN TURÍSTICA IMPULSADAS DESDE O SERVIZO DE TURISMO DO CONCELLO DE VIGO**

Segundo: Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas Particulares de data 08/06/23 e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares de data 06/09/23 que rexerá o Contrato, asinado polo servizo de contratación.

Tercero: Autorizar o gasto polo importe máximo de licitación de 291.293,69€ con iva, sendo o IVE 50.555,10€.

O contrato financiarase con cargo á seguinte aplicación orzamentaria 4320.2260200 “MATERIAL GRÁFICO E PROMOCIÓN TURÍSTICA” do programa orzamentario do servizo de Turismo .

Co seguinte desglose de anualidades:

ANUALIDADES	IMPORTE
2023	145.646,84€
2024	145.646,85€
Total	291.293,69€

Quinto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

18(802).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DA “FOLLA DE RUTA” PARA A PRESENTACIÓN DA CANDIDATURA “ISLAS CÍES, GEOPARQUE MUNDIAL DE LA UNESCO”. EXPTE. 8506/104.

Visto o informe xurídico de data 19/09/2023, dáse conta do informe-proposta de data 18/09/2023, asinado pola técnica en actividades turísticas, a concelleira-delegada de Turismo e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:



Concello de Vigo

ANTECEDENTES

Desde o ano 2012 o Concello de Vigo impulsou a candidatura das Illas Cíes, para que fosen recoñecidas como, Patrimonio da Humanidade pola UNESCO, si ben, debido á presentación inesperada da candidatura Illas Atlánticas pola Xunta de Galicia, se imposibilita a xestión da candidatura das Illas Cíes desde o Concello de Vigo.

No marco da candidatura, “Illas Cíes Patrimonio da Humanidade” liderouse un traballo, plasmado nun estudo científico, que se consolida coa edición dun libro, editado coa finalidade de traducir o coñecemento xerado polo Comité científico da candidatura. A súa principal fortaleza é o respaldo científico da candidatura, soportada por representantes das tres universidades galegas pertencentes ao Consello Superior de Investigacións Científicas e ao Instituto Español de Oceanografía, así como a colaboración de mais de 20 profesionais no ámbito da investigación e do medio ambiente. O estudo resalta as características máis singulares deste arquipélago, entendido como un ecosistema socioecolóxico que representa a tradicional interacción entre o ser humano e o medio natural nos ecosistemas costeiros: As Illas Cíes, illada do continente, sitúanse nun sistema de afloramento costeiro altamente produtivo, localizado nunha zoa de fronteira entre biorrexións, o que permite ilustrar diversos procesos de grande interese ecolóxico e evolutivo que derivan da interacción entre o sistema mariño e o terrestre, e as converte nun observatorio excepcional dos procesos de cambio ambiental de escala global que experimenta o planeta.

I.- CANDIDATURA GEOPARQUE MUNDIAL DA UNESCO

En data 01/03/2023 (Nº doc saída 12529) a Alcaldía deste Concello, envía unha carta manifesto de interese, asinada polo Alcalde, comunicando la intención de presentar a candidatura oficial, para que as Illas Cíes formen parte da Rede Mundial de Geoparques da UNESCO, no ano 2024, dirixida á Secretaria de Estado de Cooperación Internacional.

Un Geoparque Mundial da UNESCO é un territorio que contén tanto un patrimonio xeolóxico internacionalmente relevante como unha estratexia de desenvolvemento propia e que foi declarado como tal pola UNESCO. Ten uns límites claramente definidos e unha superficie e poboación suficientes para que poida xerar o seu propio desenvolvemento socioeconómico. Non é unha figura de protección legal nin pretende selo, aínda que desde os Geoparques débese contribuír á protección do patrimonio xeolóxico e poidan incluír dentro do seu territorio espazos protexidos. De feito, nun Geoparque interesan tanto a calidade de vida dos seus habitantes como o seu patrimonio xeolóxico.

O procedemento para a presentación da candidaturas españolas a Geoparque Mundial da UNESCO, (documento anexo no expte) recolle que: “Como base para a promoción do patrimonio xeolóxico, preténdese utilizar os recursos xeolóxicos de todo tipo (mineralóxicos, geomorfolóxicos, paleontolóxicos etc.) que hai en cada geoparque, para:

- educar á sociedade en aspectos xeolóxicos e ambientais,
- establecer nexos con outros aspectos ambientais, culturais ou históricos,
- asegurar un desenvolvemento sostido fundamentado no xeoturismo, e
- contribuír á conservación dos lugares de interese xeolóxico ameazados.

O concepto actual de Geoparque Mundial da UNESCO integra diversas facetas, tanto naturais como culturais, para alcanzar os obxectivos de desenvolvemento socioeconómico dun territorio:

- Educación.
- Investigación en geociencias.
- Aspectos culturais tanxibles e intanxibles que reflectan a identidade rexional.
- Comunicación entre os propios geoparques (“networking”) e coa sociedade.
- Difusión da ciencia.

En resumo, un Geoparque Mundial da UNESCO fundaméntase nas súas peculiaridades xeolóxicas pero non só trata de xeoloxía. Mentres que un geoparque debe demostrar que contén un patrimonio xeolóxico de relevancia internacional, os seus obxectivos deben explorar, desenvolver e promover as relacións entre o seu patrimonio xeolóxico e todos os demais aspectos patrimoniais –xa sexan naturais ou culturais ou intanxibles- presentes na zona, para incluílos nunha estratexia de desenvolvemento socioeconómico territorial.”

En consonancia coas directrices para os Geoparques Mundiais da UNESCO, e tras a decisión do Consello de Geoparques Mundiais da UNESCO na súa 4ta sesión en Lombok, Indonesia (setembro de 2019), decidiuse redactar e finalizar unha lista de verificación para os aspirantes a Geoparques Mundiais da UNESCO.

Estas preguntas constitúen unha lista de autoavaliación rápida baseada nos criterios de calidade para os candidatos a Geoparques Mundiais da UNESCO (documento anexa ao expte); criterios establecidos nas Directrices Operativas para os Geoparques Mundiais da UNESCO, sección 3 (viii), versando, entre outras, sobre as seguintes materias: o territorio, límites, valor internacional do patrimonio xeolóxico, a conservación, a educación, as ferramentas educativas, a investigación, o desenvolvemento económico sostible, asociacións, geoturismo, patrimonio cultural, patrimonio intanxible, patrimonio natural, organo de xestión, equipamento, comunidades locais, sistemas locais de xestión, creación de redes, conservación, etc

En canto aos criterios que deben cumprir vos Xeoparques, son vos recollidos nas “Directrices Operativas para vos Geoparques Mundiais da Unesco” (Doc anexo a este expte), non seu apartado 3 que establece o seguinte:

“i) Os geoparques mundiais da UNESCO deben ser zonas xeográficas únicas e unificadas nas que se xestionan sitios e paisaxes de importancia xeolóxica internacional cun concepto integral de protección, educación, investigación e desenvolvemento sostible. Un geoparque mundial da UNESCO debe ter unha fronteira delimitada claramente, ser de tamaño adecuado para cumprir as súas funcións e conter un patrimonio xeolóxico de importancia internacional verificado por profesionais científicos.

ii) Os geoparques mundiais da UNESCO deberían utilizar ese patrimonio, en conexión con todos os demais aspectos do patrimonio natural e cultural desa zona, para promover a conciencia de cuestións esenciais que se expoñen á sociedade no contexto do planeta dinámico no que vivimos todos nós, comprendidos, pero non é unha lista exhaustiva, o incremento do coñecemento e a comprensión de: os procesos xeolóxicos; os riscos xeolóxicos; o cambio climático; a necesidade da explotación sostible dos recursos naturais da Terra; a evolución da vida e o empoderamento dos pobos indíxenas.



Concello de Vigo

iii) Os geoparques mundiais da UNESCO deberían ser zonas cun órgano de xestión que teña existencia legal recoñecida conforme a lexislación nacional. Os órganos de xestión deberían posuír os recursos adecuados para ocuparse correctamente de toda a zona do geoparque mundial da UNESCO.

iv) No caso de que unha zona para a que se solicite a designación de geoparque mundial da UNESCO se solape con outro sitio designado pola UNESCO, como un sitio do Patrimonio Mundial ou unha Reserva de Biosfera, a petición debe estar xustificada claramente e haberase de achegar probas de como a condición de geoparque mundial da UNESCO engadirá valor tanto pola designación mesma como en sinerxia coas demais designacións.

v) Os geoparques mundiais da UNESCO deberían facer participar activamente ás comunidades locais e aos pobos indíxenas por ser interesados principais no geoparque. En asociación coas comunidades locais, débese redactar e aplicar un plan de coxestión que atenda as necesidades sociais e económicas de laspoblaciones locais, protexa a paisaxe en que viven e conserve a súa identidade cultural. Recoméndase que na xestión dun geoparque mundial da UNESCO estén representados todos os actores e autoridades locais e rexionais pertinentes. Na planificación e a xestión da zona deberíase incluír, xunto coa ciencia, os sistemas locais e indíxenas de coñecementos, prácticas e xestión.

vi) Aléntase aos geoparques mundiais da UNESCO a que compartan a súa experiencia e asesoramento e a que realicen proxectos conxuntos no seo da GGN. Será obrigatorio afiliarse á GGN.

vii) Un geoparque mundial da UNESCO debe respectar as leis locais e nacionais relativas á protección do patrimonio xeolóxico. Os sitios do patrimonio xeolóxico que determinen a condición de geoparque mundial da UNESCO dunha zona deben estar protexidos xuridicamente antes de presentar unha solicitude de designación. Ao mesmo tempo, deberíase utilizar un geoparque mundial da UNESCO de panca para promover local e nacionalmente a protección do patrimonio xeolóxico. O órgano de xestión non debe participar directamente na venda de obxectos xeolóxicos como fósiles, minerais, rocas pulimentadas e rocas ornamentais como as que se achan normalmente nas chamadas 'tendas de rocas ou de minerais' dos geoparques mundiais da UNESCO (con independencia da súa orixe) e deberían desalentar activamente o comercio insostible de materiais xeolóxicos en xeral. Cando se xustifique claramente por tratarse dunha actividade responsable e formar parte dos medios máis eficaces e sostibles de xestión do lugar, poderá autorizar a recollida sostible de materiais xeolóxicos para fins científicos e educativos de sitios renovables naturalmente dentro do geoparque mundial da UNESCO. Poderase tolerar o comercio de materiais xeolóxicos conforme a ese sistema en circunstancias excepcionais, a condición de que se explique, xustifique e supervise clara e publicamente como a mellor opción do geoparque mundial tendo en conta das circunstancias locais. Ditas circunstancias deberán ser aprobadas en cada caso polo Consello dos geoparques mundiais da UNESCO.

viii) O cumprimento destes criterios verificarase por medio de listas de control con miras á avaliación e a revalidación."

2.- HOJA DE RUTA

En data 17 de marzo de 2023 se inicia expediente (8453-104) para a contratación do servizo de deseño e execución dos traballos preparatorios para a presentación candidatura das “Illas Cíes como Xeoparque Mundial da Unesco” no marco do cal, se elabora o documento denominado “Hoja de Ruta” (documento anexo no expte) da candidatura “Illas Cíes, Xeoparque Mundial da Unesco” no que se analiza os obxectivos específicos e resultados a alcanzar e se define o Plan de traballo a seguir, para a presentación no ano 2024, a candidatura oficial para que as Illas Cíes formen parte da “Red Mundial de Geoparques da UNESCO”

En base a todo o exposto, o documento “ Hoja de Ruta” responde as directrices operativas para os geoparques mundiales da UNESCO e ao procedemento para a presentación da candidatura Illas Cíes a Geoparque Mundial da UNESCO. Á vista do contido do presente informe, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PROPOSTA

- 1.- Aprobar a tramitación dos traballos previos á presentación da candidatura, para que as Illas Cíes formen parte da Rede Mundial de Geoparques da UNESCO.
- 2.- Aprobar o documento “Hoja de Ruta” que recolle o Plan de traballo a seguir, co fin de dar cumprimento á presentación da candidatura.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

- .- Modificación orzamentaria 87/2023: Suplemento de crédito para reaxuste de anualidades do modificado nº 1 do proxecto do “HALO”. Expte. 1761/441.
- .- Modificación orzamentaria 91/2023: Crédito extraordinario para o plan extraordinario-excepcional de axudas ás familias con fillos escolarizados en Educación Primaria, Secundaria Obrigatoria, Formación Profesional Básica e de Educación Especial. Expte. 82/142.
- .- Adxudicación da contratación do servizo de asesoramento a persoas emprendedoras e PEMES. Expte.19881/77.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) pola Secretaría do Goberno Local recóllese declaración expresa dos



Concello de Vigo

membros da Xunta de Goberno Local presentes na sesión de non incorrer en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

19(803).- MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA 87/2023: SUPLEMENTO DE CRÉDITO PARA REAXUSTE DE ANUALIDADES DO MODIFICADO Nº 1 DO PROXECTO DO “HALO”. EXPTE. 1761/441.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización de data 14/09/2023, dáse conta do informe-proposta de data 13/09/2023, asinado polo director superior contable e orzamentario e conformado polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Asunto: Modificación Orzamentaria

Emprego dos recursos: Modificado nº 1 das obras de conexión Serafín Avendaño-Vía Norte, “HALO”

Área Xestora: FOMENTO

Tipo: Suplemento de crédito

Nº Modificación crédito: 87/2023

Unidade xestora de emprego dos recursos: Área de Fomento, 441

Financiamento: Recurso financeiro que conforma o RLTX, Liquidación 2022

Xustificación: Insuficiencia de recursos inaprazable para o axuste de anualidade

Importe: 2.025.141,57 euros

Órgano competente: Pleno da Corporación, previo acordo da Xunta Goberno Local e Ditame da Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda.

ANTECEDENTES

Segundo se fai constar no expediente xustificativo da súa tramitación, a Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria urxente do 30/06/2023, aprobou o modificado nº.1 das obras do proxecto de “conexión peonil entre as rúas Serafín Avendaño e Vía Norte”, expte. 1200/441,

por unha contía de 3.221.898,39 euros, dos que 1.196.756,82 euros son con cargo ao Orzamento do ano 2023 e 2.025.141,57 euros, con cargo ao Orzamento do ano 2024.

Solicitud de da Área Xestora

1.- Inaprazabilidade.

O representante da UTE U10836328, Ferrovial Construcciones SA y Oreco Balgon SA, adxudicataria da execución do proxecto, solicita un reaxuste no prazo de execución das obras, fundamentado segundo se fai constar, no anticipo das subministracións, que posibilitan que a obra conclúa antes de finalizar o ano 2023. A vista do anterior, faise necesario un axuste de anualidades.

O informe da Dirección Facultativa que está no expediente, fai constar que, unha vez asinado o contrato do proxecto modificado no mes de Xullo de 2023 e comezadas as actividades do mesmo, incluíndo principalmente a instalación da fachada de material "Solid Surface" e a instalación dos vidros e as súas ancoraxes, observouse que o desenvolvemento das obras, incluíndo a subministración de materiais e a súa colocación permite alcanzar rendementos maiores dos inicialmente estimados, o que permitiu reevaluar a planificación das obras, chegando á conclusión de que resulta posible reducir os prazos previstos no proxecto modificado en máis de dous meses e terminar as obras antes do final de 2023.

A data de finalización axustada prevista sería o 20 de decembro de 2023, e a xustificación principal para esta modificación sería a subministración acelerada dos materiais necesarios para executar as unidades do proxecto modificado de acordo a unha planificación adiantada de stocks realizada en previsión da aprobación do proxecto modificado.

En sínteses, a xustificación da solicitude está no avance no cronograma de execución das obras, que permiten a súa execución no ano 2023, quedando xustificada no expediente as vantaxes que xera o reaxuste de prazos. Hai que resaltar, que partindo que a data inicial de remate, estaba prevista para o 2 de agosto, que con posterioridade, debido fundamentalmente aos problemas de subministros relacionados coa execución do proxecto, ampliouse este prazo ao 2 de outubro de 2023, e que no acordo adoptado o 30 de xuño en relación co modificado nº do proxecto, fixouse o novo prazo en 5 meses, 2 de marzo de 2024, agora queda pechado no 20 de decembro de 2023, polo tanto, máis acorde co previsto na Resolución de 9 de xuño, que se fixaba para o 2 de outubro.

Tendo en conta as tensións do mercado laboral en relación coa man de obra de este sector, resulta evidente que de ter que diferir a súa execución ao 2 de marzo, terá como efectos a relentización na execución ou paralizar as mesmas unha vez que se execute a anualidade prevista. En calquera das alternativas, vai ter consecuencias técnicas, que non posibilitan a súa entrega ao uso público, levantar as afeccións e outras asociadas ao proxecto, e tamén económicas, que implicaría o axuste de plantilla para volver a contratar con posterioridade.



Concello de Vigo

2.-Falta de crédito

A aplicación orzamentaria 1532.6090063, proxecto 20153263, non dispón de crédito algún para afrontar o reaxuste da anualidade, de aí, que a devandita aplicación que xurde da incorporación de remanentes de crédito, teñan que ser obxecto dun suplemento de crédito.

Polo tanto, trátase dun suplemento de crédito dos previstos no artigo 177 do texto refundido polo que se aproba a Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, para afrontar no ano 2023 o reaxuste da anualidade prevista na imputación orzamentaria do modificado nº 1 do proxecto do HALO para o ano 2024.

Isto é o que xustifica a tramitación de este expediente de modificación orzamentaria asinado o 11/09/2023 polo Sr. Concelleiro Delegado da Área de Goberno de Fomento e Servizos coa conformidade do Sr. Concelleiro Delegado da Área de Goberno Orzamentos e Facenda (Delegación da área, Resolución da Alcaldía de 20 de xuño de 2023, publicada no BOPPO nº 123 de 27 de xuño, Delegación específica do 29 de xuño de 2023, publicada no BOPPO nº 136 do 14 de xullo de 2023 e Delegación da Xunta de Goberno Local de 22 de xuño de 2023, publicada no BOPPO nº 129 do 5 de xullo de 2023, Delegacións da Xunta de Goberno Local de 28/07/2023), previa proposta do responsable do servizo.

Con data 12/09/2023, o Sr. Alcalde Presidente da Corporación, a vista da memoria xustificativa da necesidade dos recursos e a súa inaprazabilidade, asina a Resolución de inicio do expediente para a tramitación do preceptivo Suplemento de Crédito na aplicación que referencia a memoria xustificativa e a proposta de Resolución.

NORMATIVA APLICABLE

Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, (TRLRFL).

Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, (LOEOSF).

Regulamento (UE) Nº 549/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 21 de maio de 2013, relativo ao Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais da Unión Europea (SEC 2010).

Regulamento (CE) nº 1466/97 do Consello de 7 de xullo de 1997, relativo ao reforzamento da supervisión das situacións orzamentarias e á supervisión e coordinación das políticas económicas, coa modificación operada polo Regulamento 1175/2011, de 16 de novembro, do Parlamento e do Consello.

Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, (LRBRL).

Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o título sexto da LRFL, (RP).

Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais coa modificación operada pola Orde HAP/419/2014, de 14 de marzo.

Resolución do Sr. Alcalde Presidente de delegación xenérica de competencias de 20 de xuño de 2023, publicada no BOPPO nº 123 de 27 de xuño. Delegación específica de competencias do 29 de xuño de 2023, publicada no BOPPO nº 136 do 14 de xullo de 2023 e Delegacións da Xunta de Goberno Local de 22 de xuño de 2023, publicada no BOPPO nº 129 do 5 de xullo de 2023 sobre delegación de competencias.

Bases de Execución do Orzamento.

Acordos adoptados sobre a suspensión dos obxectivos das regras fiscais de Estabilidade Orzamentaria, Regra de Gasto e Endebemento para o período 2020-2023 e se autoriza ás Entidades Locais aos empregos do Remanente Líquido de Tesourería con carácter non finalista.

Taxa de referencia.

As EE.LL, deben ter como obxectivo, liquidar os Orzamentos do ano 2023 nunha senda de superávit equivalente ao 0,1% do PIB, aínda que, este non é vinculante, sendo este un obxectivo de referencia.

En todo caso, tendo en conta a suspensión das regras fiscais durante o ano 2023, aínda que a Entidade Liquide o seu Orzamento do ano 2023 en déficit, non será necesario a tramitación dun Plan Económico Financeiro



Concello de Vigo

Estado do Remanente Líquido de Tesoureira da Liquidación do ano 2022

Remanente Líquido de Tesourería da liquidación 2022	Utilizado	Dispoñible
Inicial (A)		148.178.900,48
Modificación incorporación de remanentes, expediente 245/143	90.292.128,35	
Modificación de crédito, Suplemento Festas, expediente 9705/335	1.840.000,00	
Modificación de crédito, Suplemento de Crédito, expediente 1761/441	2.025.141,57	
Modificación créditos, C. Extraordinario, Educación, expediente en trámite	5.720.000,00	
Total remanente utilizado (B)	99.877.269,92	
Remanente dispoñible (A-B)		48.301.630,56

O Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais, é adecuado e suficiente para o financiamento que corresponde ao reaxuste da anualidade.

Xustificación

O Orzamento de gastos ten un carácter limitativo e vinculante, tendo estes a condición de máximos en canto ás obrigas que como máximo se poden recoñecer durante o ano, polo que as insuficiencias que se producen nun programa orzamentario nunha aplicación orzamentaria ou na súa bolsa de vinculación xurídica, deben e teñen que se atendidas con créditos que non son executados en outras áreas ou programas de gasto ou con outro recurso financeiro, como é o RLTX, ou se fose o caso, a concertación dunha operación de débeda, que ao teor dos empregos previstos, en aplicación do previsto no artigo 177 do TRLRFL, estaría limitada a empregos de capital.

En relación cos requisitos ou o presuposto básico que ten que cumprir a modificación orzamentaria, son:

- a) A insuficiencia de recursos. A insuficiencia de recursos queda acreditada, tendo en conta a dotación orzamentaria e as necesidades a satisfacer co modificado do proxecto aprobado pola Xunta de Goberno Local na sesión extraordinaria urxente do 30/06/2023 .

A aplicación orzamentaria 1532.6090063, non ten dotación inicial no Orzamento aprobado con carácter definitivo o 23/12/2022, senón que o seu crédito ten orixe na modificación orzamentaria 20/2023, de incorporación de remanentes, cun crédito de 8.110.350,85 euros, dos que estaban comprometidos 6.193.594,03 euros, quedando dispoñibles 1.196.756,82 euros, que conformaron os recursos para afrontar a

anualidade imputada ao ano 2023 polo acordo da Xunta de Goberno Local na sesión extraordinaria do 30/06/2023.

Polo tanto, a insuficiencia de recursos é evidente.

- b) Inaprazabilidade do gasto. A xustificación da inaprazabilidade tanto dende a perspectiva técnica como legal:

O avance na execución do investimento en prazos máis reducidos que o previsto no cronograma da obra aprobado pola Xunta de Goberno Local o 30/06/2023 que ten causa no modificado nº do proxecto.

A paralización na execución das obras unha vez esgotado o crédito da anualidade 2023.

O atraso na entrega ao uso público da infraestrutura sen esperar ao ano 2023, que non podería comezar a executar o gasto até que o orzamento estivese aprobado definitivamente.

O levantamento das afeccións asociadas ao proxecto.

O artigo 174 do TRLRFL, no seu apartado 1, establece que a autorización ou realización dos gastos de carácter plurianual se subordinará ao crédito que para cada exercicio autoricen os respectivos orzamentos.

Tamén tería consecuencias económicas, suporía facer un axuste dos medios adscritos á obra no ano 2023 unha vez que os traballos queden paralizados, para volver a contratalos no ano 2024, ademais, coa posibilidade que determinados recursos técnicos e de persoal, non estean dispoñibles cando se reinicien as obras.

Expediente que se tramita

En execución da Resolución do Sr. Alcalde-Presidente da data que se reflicte na sinatura electrónica (12/09/2023), instrumentouse o expediente de modificación orzamentaria nº (87/2023), que está conformado da seguinte documentación:

Solicitud do representante da UTE de data 17/08/2023, na que se xustifica a modificación do cronograma de execución, constando a mesma dunha xustificación de tipo técnico e loxístico e achegando o novo cronograma.

Informe da dirección facultativa, no que se xustifica o axuste de prazos.

Informe técnico, enumerando as causas que xustifican o reaxuste de prazos.

Memoria da Área de Fomento dá necesidade técnica e económica de suplementar a aplicación orzamentaria: 1532.6090063, proxecto 20153263.

Insuficiencia de recursos por unha contía de 2.025.141,57 euros.

Resolución da Alcaldía Presidencia de 12/09/2023, de inicio do expediente.



Concello de Vigo

Sostibilidade orzamentaria e financeira

Este gasto non é recorrente, polo tanto, non consolida para os vindeiros anos. O gasto recorrente desta infraestrutura será o correspondente ao mantemento da mesma e o subministro eléctrico, que aos efectos de información á AIReF, estase a valorar nun 1% do investimento en termos de execución material, que xerará un gasto recorrente de ± 113 mil euros/ano (Mantemento ascensores, mantemento pasarelas, limpeza pasarelas e demais infraestrutura, mantemento do axardinamento, gasto de enerxía...). Esta contía é o resultado de aplicar o 1% sobre a execución material final da obra, que será axustada á alza ou baixa en función dos contratos que se asinen en relación co funcionamento e mantemento da infraestrutura.

Endebedamento financeiro.

Faise constar, que en relación co endebedamento e sostibilidade financeira, a esta data, non está previsto ao peche do ano 2023 a concertación de operacións de crédito, polo que, non hai endebedamento financeiro, sendo o coeficiente de endebedamento calculado nos termos previstos no TRLRFL do 0%.

Tramitación do expediente.

A Base 8ª das de Execución do Orzamento para o ano 2023, regula a tramitación destes expedientes.

Serán incoados por Resolución da Alcaldía, e deberá especificarse na memoria correspondente todos aqueles datos que xustifiquen a necesidade e a urxencia da modificación orzamentaria, en especial, conterán as razóns que fundamenten os seguintes extremos:

- i) carácter do gasto a realizar,
- ii) imposibilidade da súa demora,
- iii) motivo,
- iv) acordo ou disposición que fai necesaria a modificación,
- v) incidencia se fose o caso da modificación no orzamento e a que poidan ter nos exercicios futuros, esta incidencia tamén será avaliada no caso de ser o recurso que financia a modificación orzamentaria o Remanente Líquido de Tesourería dispoñible.

Do contido do expediente, está acreditado o seguinte:

- a) o carácter do gasto a realizar e a súa determinación,
- b) a insuficiencia de crédito,
- c) a imposibilidade da súa demora, inaprazabilidade,

- d) o motivo da tramitación,
- e) a Resolución que xustifica a modificación,
- f) xustificación da sustentabilidade orzamentaria e financeira, sendo un gasto non recorrente, non terá impacto en exercicios futuros, coa excepción do gasto de mantemento e funcionamento, calculado nun 1% do presuposto de execución material da infraestrutura,
- g) tamén se acredita o recurso financeiro que financia o devandito suplemento, sendo adecuado á finalidade do emprego.

En resumo, dáse cumprimento ao previsto no artigo 177 do TRLRFL e o contido na Base 8ª das de Execución do Orzamento.

Órgano competente

O artigo 177 do TRLRFL, regula o réxime dos Créditos extraordinarios e Suplementos de crédito. O expediente, que terá que ser previamente informado pola Intervención, se someterá á aprobación do Pleno da Corporación, con suxeición as mesmos trámites e requisitos co previsto para os orzamentos. Serán así mesmo de aplicación, as normas sobre información, reclamación e publicidade prevista para os orzamentos contidas no artigo 169 do mesmo texto legal.

Recursos financeiros

De acordo a previsto no artigo 104 do RD 500/1990, o remanente de Tesourería positivo constitúe un recurso para o financiamento de modificacións de créditos do orzamento.

O artigo 177.4, establece que o expediente deberá especificar a concreta aplicación orzamentaria a incrementar e o medio ou recurso que ha de financiar o aumento que se propón, establecendo que dito aumento poderá financiarse con cargo ao remanente líquido de tesourería dispoñible.

O recurso financeiro que conforma o RLTTG da Liquidación do ano 2022, é adecuado, tendo dispoñibilidade para o financiamento dos empregos que conforma este expediente.

Unha vez que utilice a contía do recurso para facer fronte ao modificado do proxecto, engadindo o expediente de Educación, quedaría unha dispoñibilidade de 48.301.630,56 euros.

A utilización deste recurso non é contraria ao cumprimento dos obxectivos que conforman as regras fiscais, estando suspendidas no marco temporal 2020-2023. O resultado da Liquidación do Orzamento do ano 2023, non requirirá, calquera que sexa a contía do superávit/déficit e da evolución do gasto non financeiro, a tramitación e aprobación dun Plan Económico Financeiro.



Concello de Vigo

Non obstante, é un obxectivo manterse dentro das taxas de referencia aprobadas polo Goberno da Nación, no que se fixa para as Entidades Locais un obxectivo de superávit do 0,1% do PIB, que non é vinculante.

A liquidación do Orzamento do ano 2022, ten a seguinte situación en relación co Remanente Líquido de Tesourería:

Remanente Líquido de Tesourería da liquidación 2022	Utilizado	Dispoñible
Inicial (A)		148.178.900,48
Modificación incorporación de remanentes, expediente 245/143	90.292.128,35	
Modificación de crédito, Suplemento Festas, expediente 9705/335	1.840.000,00	
Modificación de crédito, Suplemento de Crédito, expediente 1761/441	2.025.141,57	
Modificación créditos, C. Extraordinario, Educación, expediente en trámite	5.720.000,00	
Total remanente utilizado (B)	99.877.269,92	
Remanente dispoñible (A-B)		48.301.630,56

A proposta e a Resolución, propoñen o financiamento do Gasto do expediente 1761/441 con cargo ao recurso financeiro que conforma o RLTX.

Á vista da documentación contida no expediente, para que prosiga a tramitación e conclusión do expediente, en cumprimento do previsto no artigo 123.h da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e artigo 177.1 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, previo informe do Sr. Interventor Xeral Municipal, formúlase ao Pleno da Corporación, previo acordo da Xunta de Goberno Local e Ditame da Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, a adopción do seguinte acordo:

PROPOSTA

PRIMEIRO.- Aprobar a modificación orzamentaria nº 87/2023, Suplemento de crédito correspondente ao expediente 1761/441 por unha contía de 2.025.141,57 euros, para facer fronte ao reaxuste de anualidades do modificado nº 1 do proxecto do "HALO", para o que non existe crédito suficiente no orzamento do ano 2023, que resultan empregos inaprazables, quedando xustificada na memoria tanto a inaprazabilidade dos empregos como a insuficiencia de dotación orzamentaria para esta finalidade.

A modificación orzamentaria financiarase con cargo ao Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais dispoñible correspondente á Liquidación do Orzamento do ano 2022, que segundo o previsto no artigo 104 do Real Decreto 500/1990, constitúe un recurso financeiro para o financiamento de modificacións de crédito.

A cuantificación deste recurso figura no expediente e na proposta, resulta un recurso financeiro adecuado para dar cobertura á modificación orzamentaria nº 87/2023.



Concello de Vigo

Aplicación	Proxecto	Emprego	C.inicial	I.Remanentes	Suplemento C.	Total ano	Concepto	Importe
1532.6090063	20153263	Mod.nº 1 HALO	,00	8.110.350,85	2.025.141,57	10.135.492,42	87000	2.025.141,57

SEGUNDO.- Unha vez aprobada inicialmente a modificación orzamentaria, en cumprimento do previsto no art. 169 do TRLRFL, o expediente someterase a exposición pública, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, por un período de 15 días hábiles, durante os cales os interesados poderán interpoñer reclamacións.

TERCEIRO.- De non presentarse reclamacións no citado prazo, o expediente entenderase definitivamente aprobado, elevándose a aprobación inicial a definitiva, procedéndose a súa publicación no BOPP, sendo executivos os créditos a partires da súa publicación.

De presentarse reclamacións, en cumprimento do regulamentado no artigo 169 do TRLRFL, estas serán resoltas polo Pleno da Corporación no prazo dun mes, sometendo a proposta de resolución das mesmas así como a aprobación definitiva da modificación orzamentaria ao citado órgano.

As reclamacións consideraranse rexeitadas en calquera caso se non se resolven no acordo de aprobación definitiva (artigo 20 do RP).

CUARTO.- Ao amparo do previsto no artigo 171 do TRLRFL, contra a aprobación definitiva da concesión do Suplemento de Crédito poderá interperse directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que establece o artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, aínda que a interposición do recurso non suspenderá por si só a aplicación dos créditos relacionados no expediente 1761/441.

QUINTO.- Unha vez aprobado pola Xunta de Goberno Local o expediente, o Servizo xestor poderá iniciar a tramitación do expediente administrativo de aplicación dos recursos.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

20(804).- MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA 91/2023: CRÉDITO EXTRAORDINARIO PARA O PLAN EXTRAORDINARIO-EXCEPCIONAL DE AXUDAS ÁS FAMILIAS CON FILLOS ESCOLARIZADOS EN EDUCACIÓN PRIMARIA, SECUNDARIA OBRIGATORIA, FORMACIÓN PROFESIONAL BÁSICA E DE EDUCACIÓN ESPECIAL. EXPTE. 82/142.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización de data 20/09/2023, dáse conta do informe-proposta de data 20/09/2023, asinado polo director superior contable e orzamentario e

conformado polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Asunto: Modificación de crédito financiada co recurso financeiro RLTGG/2022

Orixe do Remanente líquido de Tesourería: Liquidación do Orzamento do ano 2022

Orzamento de aplicación: Ano 2023

Modificación orzamentaria, nº: 91/2023

Expediente que fundamenta a modificación, nº: 82/142

Programa que xestiona os Empregos: Servizo de Educación

Modificación de crédito: Modalidade: Crédito Extraordinario.

Importe: 5.842.500,00 euros.

Órgano competente: Pleno da Corporación, previo acordo Xunta Goberno Local e Ditame da Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda.

Antecedentes

Resolución da Alcaldía de incoación do expediente coa memoria incluída.

Xustificación da modificación, pola responsable do servizo de Educación.

Empregos que xustifican a tramitación do expediente e a contía da modificación.

Informe económico xustificativo da perda de poder adquisitivo das rendas das familias.

Xustificación

No transcurso do ano xurdiu unha situación imprevisible que está a ter efectos negativos na capacidade dos cidadás para afrontar as súas necesidades:

- a) A inflación, que está por encima da suba media dos salarios.
- b) Subida dos tipos de xuros que fan que as hipotecas se leven por diante un porcentaxe moi elevado das rendas.
- c) A inseguridade e inestabilidade que está a xerar toda esta situación na economía e os seus efectos sobre a economía das familias.
- d) O prezo de custe dos subministros eléctricos, gas, carburantes.
- e) O encarecemento dos materiais escolares e a carga que supón ás economías domésticas.

Xustificación da insuficiencia de recursos para atender o emprego que se pretende.



Concello de Vigo

A finalidade do crédito extraordinario é a de facer fronte a un plan extraordinario-excepcional, non recorrente, de axudas ás familias con fillos escolarizados en ensinanza de Educación Primaria, Secundaria Obrigatoria, Formación Profesional Básica e de Educación Especial.

O crédito que se está a propor, responde a unha situación excepcional motivada polo actual contexto socioeconómico polo que non estaba previsto no orzamento vixente.

Queda xustificada a inexistencia de crédito na bolsa de vinculación xurídica 3260.48.

Queda xustificado o carácter concreto e específico do gasto.

En canto á inaprazabilidade do gasto, o obxectivo é que as axudas se adxudiquen no ano 2023, que se corresponde co período no que as familias incorreron no gasto para o curso 2023/2024, sendo necesario facer a tramitación das mesmas no ano 2023.

Estamos pois nunha necesidade non aprazable ao ano 2024, sendo o obxectivo a súa concesión dentro do exercicio orzamentario do ano 2023. Ao tratarse dunhas axudas extraordinarias motivadas pola conxuntura socioeconómica actual, preténdese que a aprobación das bases, a convocatoria e a adxudicación das axudas se realicen no presente exercicio para aliviar a carga que para as familias representan os gastos escolares dos seus fillos.

Na memoria que xustifica a Resolución de inicio do expediente, abúndase na xustificación da tramitación do expediente.

Queda pois, legal e tecnicamente xustificada a tramitación deste expediente, tanto no apartado técnico en canto a inaprazabilidade das necesidades, como no ámbito legal, axustando o procedemento aos requirimentos contidos no artigo 177 do TRLRFL.

Normativa de aplicación

Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, (TRLRFL).

Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, (LOEASF).

Regulamento (UE) Nº 549/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 21 de maio de 2013, relativo ao Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais da Unión Europea (SEC 2010).

Regulamento (CE) nº 1466/97 do Consello de 7 de xullo de 1997, relativo ao reforzamento da supervisión das situacións orzamentarias e á supervisión e coordinación das políticas económicas, coa modificación operada polo Regulamento 1175/2011, de 16 de novembro, do Parlamento e do Consello.

Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, (LRBRL).

Lei 27/2013, de 27 de decembro de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local, (LRSAL).

Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o título sexto da LRFL, (RP).

Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais coa modificación operada pola Orde HAP/419/2014, de 14 de marzo.

Resolucións do Sr. Alcalde Presidente sobre delegación de competencias.

Bases de Execución do Orzamento.

Acordos adoptados sobre a suspensión dos obxectivos das regras fiscais de Estabilidade Orzamentaria, Regra de Gasto e Endebemento para o período 2020-2023 e se autoriza ás Entidades Locais aos empregos do Remanente Líquido de Tesourería de forma non finalista.

En todo caso, as EE.LL, deben ter como obxectivo, liquidar os Orzamentos do ano 2023 nunha senda de superávit do 01% do Produto Interior Bruto, aínda que, este non é vinculante, sendo este un obxectivo de referencia.

Estado do Remanente Líquido de Tesoureira da Liquidación do ano 2022.

Remanente Líquido de Tesourería da liquidación 2022	Utilizado	Dispoñible
Inicial (A)		148.178.900,48
Modificación incorporación de remanentes, expediente 245/143	90.292.128,35	
Modificación de crédito, Suplemento Festas, expediente 9705/335	1.840.000,00	
Modificación de crédito, Suplemento de Crédito, expediente 1761/441	2.025.141,57	
Modificación créditos, C. Extraordinario, Educación, expediente 82/142	5.842.500,00	
Total remanente utilizado (B)	99.999.769,92	
Remanente dispoñible (A-B)		48.179.130,56

Expediente que se tramita

En execución da Resolución do Sr. Alcalde-Presidente da data que se reflicte na sinatura electrónica (19/09/2023), instrumentouse o expediente de modificación orzamentaria nº (91/2023), que está conformado da seguinte documentación:

Informe xustificativo do Servizo de Educación dá necesidade técnica e económica de dotar de financiamento unha aplicación orzamentaria para facer fronte á axuda a un número de nenas e nenos que cumpren a poboación obxectivo de 28.500, que tendo en conta a contía outorgada na convocatoria anterior, a contía é de 5.842.500,00 euros, cuxo emprego é o de afrontar un plan extraordinario-excepcional, non recorrente, de axudas ás familias con fillos



Concello de Vigo

escolarizados en ensinanza Educación Primaria, Secundaria Obrigatoria, Formación Profesional Básica e de Educación Especial.

Recursos financeiros

De acordo a previsto no artigo 104 do RD 500/1990, o remanente de Tesourería positivo constitúe un recurso para o financiamento de modificacións de créditos do orzamento.

O artigo 177.4, establece que o expediente deberá especificar a concreta aplicación orzamentaria a incrementar e o medio ou recurso que ha de financiar o aumento que se propón, establecendo que dito aumento poderá financiarse con cargo ao remanente líquido de tesourería dispoñible.

O recurso financeiro que conforma o RLTGG da Liquidación do ano 2022, é adecuado, tendo dispoñibilidade para o financiamento dos empregos que conforma este expediente.

Unha vez que se utilice a contía do recurso para facer fronte a esta modificación orzamentaria, quedaría unha dispoñibilidade de 48.179.130,56 euros.

A utilización deste recurso non é contraria ao cumprimento dos obxectivos que conforman as regras fiscais, estando suspendidas no marco temporal 2020-2023, o resultado da Liquidación do Orzamento do ano 2023, non requirirá, calquera que sexa a contía do superávit/déficit e da evolución do gasto non financeiro, a tramitación e aprobación dun Plan Económico Financeiro. Non obstante, é un obxectivo manterse dentro das taxas de referencia aprobadas polo Goberno da Nación, no que se fixa para as Entidades Locais un obxectivo de superávit cuantificado no 0,1% do PIB, que non é vinculante. En relación co anterior, achégase un proxecto de Liquidación do ano 2023.

Endebedamento financeiro

Faise constar, que en relación co endebedamento e sostibilidade financeira, a esta data, non está previsto ao peche do ano 2023 a concertación de operacións de crédito, polo que, non hai endebedamento financeiro, sendo o coeficiente de endebedamento calculado nos termos previstos no TRLRFL do 0%.

Sostibilidade orzamentaria e financeira

Este gasto non é recorrente, polo tanto, non consolida para os vindeiros anos, non alterando a estrutura de gasto futuro.

En relación co período medio de pagos a provedores, estase nunha media permanente inferior a 15 días.

En consecuencia, hai sostibilidade orzamentaria e financeira.

Á vista da documentación contida no expediente, para que prosiga a tramitación e conclusión do expediente, en cumprimento do previsto no artigo 123.h da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e artigo 177.1 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, previo informe do Sr. Interventor Xeral Municipal, formúlase ao Pleno da Corporación, previo acordo da Xunta de Goberno Local e Ditame da Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, a adopción do seguinte acordo:

Proposta a Pleno previo acordo da Xunta de Goberno Local e Ditame da Comisión Informativa

PRIMEIRO.- Aprobar a modificación orzamentaria nº 91/2023, Crédito Extraordinario correspondente ao expediente 81/142 por unha contía de 5.842.500,00 euros, para facer fronte ao plan extraordinario-excepcional, non recorrente, de axudas ás familias con fillos escolarizados en Educación Primaria, Secundaria Obrigatoria, Formación Profesional Básica e de Educación Especial., para o que non existe crédito no orzamento do ano 2023, que resultan empregos inaprazables, quedando xustificada na memoria tanto a inaprazabilidade dos empregos como a falta de dotación orzamentaria para esta finalidade.

A modificación orzamentaria financiarase con cargo ao Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais dispoñible correspondente á Liquidación do Orzamento do ano 2022, que segundo o previsto no artigo 104 do Real Decreto 500/1990, constitúe un recurso financeiro para o financiamento de modificacións de crédito. A cuantificación deste recurso figura no expediente e na proposta, que resulta un recurso financeiro adecuado para dar cobertura á modificación orzamentaria nº 91/2023.

Empregos		Recursos	
Aplicación	Importe	Concepto	Importe
3260.4800002	5.842.500,00	87000	5.842.500,00

SEGUNDO.- Unha vez aprobada inicialmente a modificación orzamentaria, en cumprimento do previsto no art. 169 do TRLRFL, o expediente someterase a exposición pública, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, por un período de 15 días hábiles, durante os cales os interesados poderán interpoñer reclamacións.

TERCEIRO.- De non presentarse reclamacións no citado prazo, o expediente entenderase definitivamente aprobado, elevándose a aprobación inicial a definitiva, procedéndose a súa publicación no BOPP, sendo executivos os créditos a partires da súa publicación.

De presentarse reclamacións, en cumprimento do regulamentado no artigo 169 do TRLRFL, estas serán resoltas polo Pleno da Corporación no prazo dun mes, sometendo a proposta de resolución das mesmas así como a aprobación definitiva da modificación orzamentaria ao citado órgano.



Concello de Vigo

As reclamacións consideraranse rexeitadas en calquera caso se non se resolven no acordo de aprobación definitiva (artigo 20 do RP).

CUARTO.- Ao amparo do previsto no artigo 171 do TRLRFL, contra a aprobación definitiva da concesión do Crédito Extraordinario e Suplemento de Crédito poderá interperse directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que establece o artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, aínda que a interposición do recurso non suspenderá por se só a aplicación dos créditos relacionados no expediente 82/142.

QUINTO.- Unha vez aprobado pola Xunta de Goberno Local o expediente, o Servizo xestor poderá iniciar a tramitación do expediente administrativo de aplicación dos recursos.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

21(805).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ASESORAMENTO A PERSOAS EMPRENDEDORAS E PEMES. Expte.19881/77.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización de data 20/09/2023 e dáse conta da proposta da Mesa de Contratación realizada o 14/09/2023, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

i) Procedemento aberto para a contratación do servizo de asesoramento a persoas emprendedoras e PEMES (19881-77)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de asesoramento a persoas emprendedoras e PEMES (19881-77)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 21 de abril de 2023 a Xunta de Goberno local, acordou:

“1º Aprobar o expediente de contratación (19881-77) por procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada de “SERVIZOS DE ASESORAMENTO A PERSOAS EMPRENDEDORAS E PEMES”.

2º. Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares, de 9 de marzo de 2023, e o prego de cláusulas administrativas particulares, de 29 de marzo de 2023 que rexerán a contratación de “SERVIZOS DE ASESORAMENTO A PERSOAS EMPRENDEDORAS E PEMES”.

*3º.- Aprobar o gasto por importe de **501.309,30 €**, para a contratación de “SERVIZOS DE ASESORAMENTO A PERSOAS EMPRENDEDORAS E PEMES”, con cargo á aplicación orzamentaria 2410 2270610 ASESORAMENTO A PYMES E EMPRENDEDORES”, dos orzamentos do Concello de Vigo, distribuído nas seguintes anualidades:*

- 140.645,11 € correspondentes ao ano 2023.*
- 250.654,65 € correspondentes ao ano 2024.*
- 110.009,54 € correspondentes ao ano 2025.*

4º Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente establecida.”

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), o 11 de agosto de 2023 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Tomar razón do acordo adoptado pola Mesa de Contratación o 5 de xullo de 2023 polo que se exclúe a INSTITUTO PARA EL CRECIMIENTO SOSTENIBLE DE LA EMPRESA, S.L. (ICSEM) polo motivo previsto na cláusula 14.2.B do PCAP (“A incorporación a este sobre dos documentos acreditativos dos criterios que poidan valorarse mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través da aplicación de fórmulas previstas no apartado 7.B da FEC”).

Segundo.- Excluir deste procedemento a INNOVALABS DIGITAL S.L. por entender que a súa oferta non poden ser cumprida como consecuencia da inclusión de valores anormais segundo o informado pola a xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local o 4 de agosto de 2023.

Terceiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de asesoramento a persoas emprendedoras e PEMES (19.881-77) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación total
1	UTE DIRECCIÓN POR IMPLICACIÓN, S.L. e CONSULTING EMPRESARIAL CASARES, S.L.	96,00
2	AMPPLIO GESTIÓN EMPRESARIAL, S.L.	82,35
3	KPMG ASESORES, S.L.	80,04

Cuarto.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, UTE DIRECCIÓN POR IMPLICACIÓN, S.L. e CONSULTING EMPRESARIAL CASARES, S.L. (B-36.999.308 e B-



Concello de Vigo

27.722.024), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, UTE DIRECCIÓN POR IMPLICACIÓN, S.L. e CONSULTING EMPRESARIAL CASARES, S.L., o día 18 de agosto de 2023, que presenta a documentación requirida o 30 de agosto de 2023, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- Á vista da documentación presentada, a secretaria da Mesa solicitou informe ao servizo xestor sobre a acreditación dos criterios avaliábeis mediante fórmula, esixida no apartado 7B do Anexo I -FEC- do PCAP, entregándose o informe asinado pola técnica de Xestión e a xefa do Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local de data 1 de setembro de 2023 sobre a acreditación pola primeira clasificada dos criterios avaliábeis a través de fórmula.

Quinto.- Á vista do referido informe e trala análise da documentación presentada polo licitador, a Mesa acorda, por unanimidade, na súa sesión de data 1 de setembro de 2023, conceder un prazo de 3 días á UTE DIRECCIÓN POR IMPLICACIÓN, S.L. e CONSULTING EMPRESARIAL CASARES, S.L. para que poida emendar a documentación acreditativa dos criterios avaliábeis a través de fórmula segundo o esixido no apartado 7B do Anexo I -FEC- do PCAP, dando traslado do informe asinado o 1 de setembro de 2023 pola técnica de Xestión e a xefa do Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local.

Sexto.- En data 7 de setembro de 2023 a UTE DIRECCIÓN POR IMPLICACIÓN, S.L. e CONSULTING EMPRESARIAL CASARES, S.L. presenta documentación dentro do prazo concedido.

En vista da documentación presentada, a Mesa de contratación na súa sesión do 8 de setembro de 2023 acorda, por unanimidade, solicitar informe ao servizo xestor que emite informe en data 12 de setembro de 2023.

Sétimo.- A Mesa de Contratación na sesión do 14 de setembro de 2023 revisada a documentación presentada, sendo esta correcta, e en vista do informe do servizo xestor, acorda, por unanimidade das membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos

licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar UTE DIRECCIÓN POR IMPLICACIÓN, S.L. e CONSULTING EMPRESARIAL CASARES, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por UTE DIRECCIÓN POR IMPLICACIÓN, S.L. e CONSULTING EMPRESARIAL CASARES, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 5 de xullo de 2023 e 7 de agosto de 2023, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. *“Tomar razón do acordo adoptado pola Mesa de Contratación o 5 de xullo de 2023 polo que se exclúe a INSTITUTO PARA EL CRECIMIENTO SOSTENIBLE DE LA EMPRESA, S.L. (ICSEM) polo motivo previsto na cláusula 14.2.B do PCAP (“A incorporación a este sobre dos documentos acreditativos dos criterios que poidan valorarse mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través da aplicación de fórmulas previstas no apartado 7.B da FEC”).*
2. *Tomar razón do acordo adoptado pola concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (resolución da Alcaldía do 19.06.2023 e acordo de delegación da Xunta de Goberno local do 22.06.2023) de data 11 de agosto de 2023 polo que se exclue a INNOVALABS DIGITAL S.L. por entender que a súa oferta non poden ser cumprida como consecuencia da inclusión de valores anormais segundo o informado pola a xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local o 4 de agosto de 2023.*
3. *Adxudicar a UTE DIRECCIÓN POR IMPLICACIÓN, S.L. e CONSULTING EMPRESARIAL CASARES, S.L. o procedemento aberto para a contratación do servizo de asesoramento a persoas emprendedoras e PEMES (19881-77) coas seguintes condicións:*
 - a) *O prezo total do contrato é de 292.766,76 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 50.810,76 euros.*



Concello de Vigo

b) *Incrementa a experiencia do persoal para adscribir ao contrato en:*

- *Coordinadora: máis de 6 anos.*
- *Técnico 1: máis de 6 anos.*
- *Técnico 2: 4 anos.*
- *Técnica 3: máis de 6 anos.*
- *Técnica 4: 6 anos.*
- *Técnico 5: máis de 6 anos.*
- *Técnica 6: máis de 6 anos.*
- *Técnico 7: máis de 6 anos.*
- *Técnico 8: máis de 6 anos.*
- *Técnico 9: máis de 6 anos.*
- *Técnica 10: máis de 6 anos.*
- *Técnica 11: 6 anos.*
- *Técnica 12: 5 anos.*
- *Técnica 13: 4 anos.*
- *Técnica 14: 4 anos.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

22(806).- ROGOS E PREGUNTAS

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás dez horas e vinte minutos. Como secretaria dou fe.

SGF/me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Patricia Rodríguez Calviño.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez